



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 18

**Sesión Plenaria**  
22 de febreiro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 4. Proposicións non de lei

#### **4.1 353 (10/PNP-000002)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Losada Álvarez, Abel Fermín, e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

#### **4.2 1846 (10/PNP-000178)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Fernández Gil, César Manuel, e oito deputados/as máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

#### **4.3 2506 (10/PNP-000233)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 36, do 28.12.2016

#### **4.4 3051 (10/PNP-000268)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas dadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

#### **4.5 3765 (10/PNP-000309)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

**4.6 4209 (10/PNP-000345)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

**4.7 4271 (10/PNP-000348)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

**4.8 4411 (10/PNP-000363)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 4945 (10/POPX-000016)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da consolidación da venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas no río Xallas e a súa posible incidencia no emprego da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

**6.2 4991 (10/POPX-000017)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación dos efectos da situación laboral no Sergas na asistencia sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

**6.3 5086 (10/POPX-000018)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o sufrimento que están a provocar os recortes en materia sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 2660 (10/POP-000250)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

#### Fernández Prado, Martín, e sete deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

### 7.2 4269 (10/POP-000539)

#### Grupo Parlamentario de En Marea

#### Lago Peñas, José Manuel, e trece deputados/as máis

Sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 09.02.2017

### 7.3 5084 (10/PUP-000057)

#### Grupo Parlamentario de En Marea

#### Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do anuncio de venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

### 7.4 3858 (10/POP-000471)

#### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

#### Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

### 7.5 3982 (10/POP-000500)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

### 7.6 3470 (10/POP-000409)

#### Grupo Parlamentario de En Marea

#### Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

**7.7 4974 (10/PUP-000053)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para conter e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

**7.8 5073 (10/PUP-000055)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Gómez Salgado, Carlos, e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa presenza da praga de *Tecia Solanivora* ou couza guatemalteca que está a afectar a pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

**7.9 5017 (10/PUP-000054)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Antón Sánchez García. (Páx. 13.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da consolidación da venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas no río Xallas e a súa posible incidencia no emprego da Costa da Morte. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). Páx. 16.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación dos efectos da situación laboral no Sergas na asistencia sanitaria. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 19.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 20.)*

*Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 21.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 22.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o sufrimento que están a provocar os recortes en materia sanitaria. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 23.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 25.)*

*Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 26.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 28.)*

*A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra para contestar sobre determinada expresión do señor presidente da Xunta que entende que infrinxe o artigo 76 do Regulamento do Parlamento de Galicia respecto do decoro dos grupos parlamentarios. (Páx. 29.)*

*O señor presidente denégalle a palabra á señora deputada por considerar que a referida frase non afecta o decoro do grupo parlamentario aludido. (Páx. 30.)*

**Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 30.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 31.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 32.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 33.)

**Pregunta de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do anuncio de venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 34.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 36.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 37.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 37.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e oito deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 38.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 42.) e *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 44.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 46.)

*O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 48.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 53.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 55.) e *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 56.)

*A señora Arias Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 59.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas dadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 63.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 64.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 65.)

*Nova intervención do señor Casal Vidal (EM)*. (Páx. 67.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 68.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 72.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 74.)

*A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 76.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 79.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 81.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 83.)

*Nova intervención da señora Solla Fernández (EM)*. (Páx. 85.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 86.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 86.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Merlo Lorenzo (EM) (Páx. 91.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 92.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 94.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén nunha rolda por alusións. (Páx. 95.)

O señor Losada Álvarez (S) solicítalle ao presidente que retire do Diario de Sesións determinada expresión en referencia ao alcalde de Vigo, cuestión que o señor presidente considera que non procede neste caso. (Páx. 96.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio. (Punto cuarto da orde do día.)**

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 97.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 101.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 102.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 103.)

### **Votación das proposicións non de lei**

O señor presidente anuncia a votación das proposicións non de lei, e, antes de dar paso á primeira votación, dálle a palabra á señora Toja Suárez (S) para aclarar os termos da transacción. (Páx. 104.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande: aprobado por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións. (Páx. 105.)

O señor presidente dálle a palabra ao señor Puy Fraga (P) para que comunique o resultado da transacción sobre a seguinte proposición non de lei, e este dá lectura ao texto acordado entre os grupos parlamentarios. (Páx. 105.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e oito deputados máis, sobre a elaboración

polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos: *aprobado por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.* (Páx. 106.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño: *aprobada por 39 votos a favor, 6 votos en contra e 27 abstencións.* (Páx. 106.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados máis, sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Bará Torres e cinco deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

*Suspéndese a sesión ás tres e sete minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.*

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 111.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 115.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 119.)

*O señor presidente comunica a acumulación, para o seu debate, de tres preguntas.* (Páx. 121.)

**Pregunta do D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para conter e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca.** (Punto sétimo da orde do día.)

**Pregunta de D. Carlos Gómez Salgado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa presenza da praga de Tecia solanivora ou couza guatemalteca que está a afectar a pataca.** (Punto sétimo da orde do día.)

**Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar a praga da couza guatemalteca que está a afectar a pataca.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 121.), *Sr. Gómez Salgado (P)* (Páx. 122.) e *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 124.)

Réplica dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 127.), *Sr. Gómez Salgado (P)* (Páx. 127.) e *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 129.)

*Remata a sesión ás cinco e corenta e catro minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Imos dar comezo á sesión. *(Pausa.)*

Bos días outra vez.

Ábrese a sesión.

Xustificou a súa inasistencia o deputado Antón Sánchez García. E entramos no desenvolvemento da orde do día. *(Murmurios.)*

¿Perdón?

Entramos co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da consolidación da venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas no río Xallas e a súa posible incidencia no emprego da Costa da Morte**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas e moi bo día.

Señor Feijóo, permítame que antes de nada o felicite pola súa paternidade. Eu estou convencida de que este feito lle vai axudar a entender mellor a preocupación que teñen os traballadores e as traballadoras de Ferroatlántica polo seu presente. Á fin de contas, as decisións que tomemos hoxe van ser o futuro dos seus fillos e das súas fillas.

Non podemos esquecer que estamos falando de 284 postos de traballo que dependen directamente de Ferroatlántica nas súas plantas de Cee e de Dumbría, que son empregos clave nunha comarca como a da Costa da Morte. Vostede dicíanos neste Pleno que non podía falar a respecto da segregación e da venda das centrais do Xallas porque eran simplemente rumores. Hoxe xa non estamos falando de ruxes ruxes, estamos falando de feitos concretos. Fíxese: a multinacional propietaria de Ferroatlántica acaba de anunciar que vai vender estas centrais e que pretende obter un beneficio neto de 165 millóns de euros que quere destinar a amortizar débeda. Este comunicado fíxose a través dun comunicado oficial que a empresa remite ás bolsas de Nova York e de Londres o pasado 1 de febreiro de 2017.

Eu agardo que non me diga que a Xunta de Galiza, e vostede como presidente, foi o único que non se enterou que Ferroatlántica anunciou a venda ilegal das centrais, que, segundo se nos di

nesa comunicación oficial, está pendente de autorización do Goberno. É dicir, que Ferroatlántica acaba de anunciar que vai vender un ben do que non é propietaria, un ben dos galegos e das galegas que ten en réxime de concesión de xeito gratuíto desde 1956.

¿E por que levamos sesenta anos permitindo que Ferroatlántica teña gratis toneladas e toneladas de quilovatios de electricidade? Pois porque era a única maneira de poder defender o emprego, porque sen as centrais as plantas de Cee e de Dumbría terían pechado. E esa premisa no día de hoxe segue sendo absolutamente válida. Se segregamos a actividade das hidroeléctricas da actividade empresarial iso significa literalmente firmar a acta de defunción de 284 postos de traballo. Así de simple e así de duro.

Por iso a nosa pregunta é moi clara, señor Feijóo: ¿vai o Goberno galego, e vostede como presidente, autorizar a venda das centrais do Xallas sabendo que iso supón a liquidación das plantas de Cee e de Dumbría e botar á rúa 284 traballadores? Porque todo isto, ¿por que o está facendo o señor Villar Mir? Pois simplemente para facer caixa especulando cun ben público. E, ao final, ¿todo para que?, ¿para que acaben pechando as fábricas de Cee e de Dumbría?

Nós, señor Feijóo, ofrecémoslle un pacto de país, un acordo moi claro con dous puntos simples: unámonos todas as forzas políticas para dicirle alto e claro a Villar Mir —e sen letra pequena— que as centrais dos Xallas nin se venden nin se segregan e, segundo punto, exixámoslle que cumpra os seus compromisos, porque, mire, Galiza non lle debe nada a Villar Mir pero Villar Mir débelle...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...moito a Galiza. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, agradezo moito a felicitación. Antes de ter fillos interesábame o emprego en Galicia. Non me parece xusto que as persoas que non os teñan pois non poidan ter sensibilidade tamén cos empregos na comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, a súa pregunta fala efectivamente dun anuncio. Vostede formula unha pregunta con base en que unha empresa fai un anuncio dunha venda. Como vostede sabe —e os traballadores sábeno, porque estamos en comunicación con eles, igual que cos alcaldes—, a Xunta de Galicia non ten ningunha notificación nin ningunha constancia de ningunha venda das instalacións ás que vostede se refire. Dixémolo aquí de forma clara hai tres meses, o 23 de novembro, e reitero o dito hai efectivamente eses tres meses: cos datos que temos neste momento, cos datos que ten a Consellería de Economía, entendemos que o interese público segue unido ás concesións. Polo tanto, señoría, non podería-

mos autorizar ningunha segregación porque non temos ningún dato que acredite un cambio de interese público.

Polo tanto, señoría, estamos falando claro e con lealdade a todo o mundo. En primeiro lugar, cos alcaldes, porque despois daquela pregunta parlamentaria o conselleiro e mais eu reunímonos con todos os alcaldes da comarca e concretamos dúas cuestións: en primeiro lugar, que evidentemente a Xunta de Galicia non tiña ningunha comunicación de ningunha empresa en relación con estes asuntos e, en segundo lugar, que hoxe por hoxe non se podería autorizar a segregación. E, en terceiro lugar, que calquera novidade que houbera os alcaldes a terían igual que a Xunta de Galicia e compartiríamos esa información para a súa análise.

Do mesmo xeito, o conselleiro de Economía reuniuse o 28 de novembro co Comité de Empresa desas factorías, e tamén concretamos que no momento en que se producira algunha novidade volveríamos outra vez reunirnos e informar ao respecto. Polo tanto, o intercambio de información é constante e permanente, e dado que non hai noticias novas nada lle pode concretar en canto á súa pregunta.

Mire, señoría, se o que vostede me pregunta é: no caso de que a empresa presente unha proposta. Pois analizariámola, señoría, con tres plantexamentos: en primeiro lugar, co cumprimento da lei; en segundo lugar, coa garantía de interese público; e, en terceiro e fundamental lugar, co emprego.

Señoría, quero dicirlles aos traballadores de Ferroatlántica que este goberno está comprometido co emprego de todos e cada un deses traballadores. (*Aplausos.*) Quero dicirlles a eses traballadores que este goberno non ten máis compromiso que ese emprego. E quero dicirlle, señora Pontón, que seguro que vostede vai defender moito os traballadores, pero asegúrolle que nós non os imos defender menos.

O que non é razoable en ningún caso, señoría, é facer unha proposta como a que vostede concreta. En primeiro lugar, avísame de que con base nun anuncio da compravenda dunha compañía, con ese anuncio a Xunta de Galicia ten a obriga de actuar. E, sen embargo, vostede nada di sobre o anuncio desa mesma empresa de que quere investir 100 millóns de euros en Galicia, en Cee, en Dumbría e en Sabón. ¿Con cal me quedo, señoría, dos dous anuncios?, ¿con ese anuncio de vender ou con ese anuncio de investir?

Señoría, as administracións públicas falan con base nas solicitudes reais e falan con base en proxectos reais. E por iso, cando teñamos solicitudes e proxectos reais, este goberno vaise pronunciar. Pero antes de calquera solicitude...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e antes de calquera proxecto o prioritario para este goberno é a xente de Cee, a xente de Dumbría e a xente de Sabón. Non temos máis compromiso que con Galicia, señora Pontón. Por iso, se vostede está de acordo con nós, non haberá discrepancias...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...Agora ben, se vostede cre que vai defender máis os traballadores ca nós, entón haberá unha profunda discrepancia, señora Pontón.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non temos máis compromiso cos traballadores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, lamento que veña vostede de malhumor a esta Cámara e que lle moleste (*Murmurios.*) que lle preguntemos por un tema que ten en vilo a centos de persoas no noso país, e en concreto na Costa da Morte.

Señor Feijóo, vostede di que non sabe que Ferroatlántica anunciou a venda das súas centrais. Sen embargo, hai unha comunicación oficial e lévase falando nos medios públicos e privados deste país deste tema durante as últimas semanas. Non me creo que vostede non saiba nada e non me creo que a empresa non tivera xa contactos coa Xunta de Galiza para anunciarlle a venda das centrais. En todo caso, o señor conselleiro reuniuse no mes de novembro, pero desde o 1 de febreiro ten unha solicitude —se non me equivoco, feita en tres ocasións polo Comité de Empresa— na que lle solicitan unha reunión para analizar o novo escenario que se produce despois do anuncio de Ferroglobe de que ten un acordo pechado para vender as centrais.

E vostede, señor Feijóo, aos traballadores que o están escoitando hoxe desde esta tribuna e aos que o están escoitando e que teñen medo polo futuro dos seus fillos e das súas fillas, ten que vostede dicirlles alto e claro se hai algún escenario no que vostede contempla que se poidan segregar e vender as centrais do río Xallas e do río Grande. Porque vostede sabe —igual que sei eu, igual que saben os traballadores e que sabe calquera neste país— que sen as centrais as plantas de Cee e de Dumbría non son viables. Se hai unha concesión vinculada coa produción nas plantas, se hai unha concesión que claramente di que non se pode segregar e vender, vostede non fai nada ante un anuncio dunha venda ilegal; di que o vai estudar. Iso si que me preocupa.

Señor Feijóo, nós facémoslle unha proposta que é sensata e unha proposta de país. Exixámoslle á empresa e digámoslle que as centrais do Xallas nin se venden nin se segregan, porque é o que di a lei e porque é o que di o sentido común para manter os postos de traballo. Pero pedímoslle que cumpra os seus compromisos, porque, mire, no ano 1986 cando se lle autorizou a Villar Mir a concesión de Santa Uxía había en Ferroatlántica 500 postos de traballo, díxose que esa concesión era para garantir o emprego; hoxe hai 284. Cando o seu Goberno ampliou a repotenciación...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...Villar Mir dixo que ía crear 700 postos de traballo. Señor Feijóo, ¿pode dicirme onde están eses 700 postos de traballo que se anunciaran?

Estamos falando dun tema moi serio...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que está nun momento grave.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E o único que lle pedimos —e agardo que iso non lle moleste— é que a Xunta teña un compromiso claro. ¿Vai defender a legalidade que di que as centrais nin se venden nin se segregan, si ou non? É moi simple.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señora Pontón. Remate xa, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Segunda cuestión...

**O señor PRESIDENTE:** Remate. Remate xa, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...efectivamente, pidámoslle á empresa que cumpra cos seus compromisos con este país, porque —insisto—...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...Villar Mir...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...leva feito caixa con Galiza e non reinvestiu aquí senón que reinvestiu fóra...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Señora Pontón, terminou o seu tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...señor Feijóo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rolda de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señora Pontón, non me parece razoable que vostede veña aquí dicir que o Goberno é insensible cos postos de traballo de Cee e de Dumbría porque simplemente vostede sabe que está mentindo.

Un dos maiores investimentos que fixo este goberno en plena crise económica foi acabar unha infraestrutura —que, por certo, empezara eu como vicepresidente da Xunta—, que foi ampliar o porto de Cee, xustamente para facilitar a saída das mercadorías e a saída dos tráfico desas fábricas.

Señoría, eu reitero hoxe aquí diante dos traballadores que non lles imos fallar a eses traballadores, porque eses traballadores son tan galegos coma vostede e coma min. E mentres sexa presidente da Xunta de Galicia o meu compromiso está cos traballadores, ¡cos traballadores! E por iso non me parece razoable en ningún xeito que vostede me impute que estamos autorizando unha venda porque é falso, absolutamente falso. E non debe vostede de incordiar e de traer preocupacións á xente cando esas preocupacións non existen.

Señoría, o que hai que concretar é que, se a empresa presenta un expediente, nós imos falar, en primeiro lugar, cos alcaldes da zona —que representan a todos os veciños— e, por suposto, cos sindicatos que teñan representación nesas fábricas. Cos alcaldes da zona estamos en contacto, cos sindicatos que teñen representación nesas fábricas estamos en contacto... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señoría, estamos en contacto. Non fale do que non sabe. Estamos en contacto. Si, señoría, non se ría porque iso é a realidade. E como estamos en contacto cos sindicatos maioritarios desa fábrica reitérolle que seguiremos en contacto.

Mire, señoría, Ferroatlántica non ten presentada ningunha solicitude na Xunta; en consecuencia, non hai ningunha valoración nin ningún cambio da posición da Xunta de Galicia que a concretada na Cámara o 23 de novembro. É dicir, que non temos ningunha acreditación de que o interese público mude e, en consecuencia, as explotacións hidroeléctricas e as factorías teñen que seguir unidas. Se hai algunha nova, se hai algunha valoración nova, se hai algún compromiso novo, se hai algún interese público novo, evidentemente, señoría, que o primeiro que o Goberno ten que facer é avalialo, cos alcaldes e cos traballadores.

Pero non me veña vostede dicir aquí que se pode facer de todo. De acordo con eses anuncios, esta compañía di que quere investir 100 millóns en Galicia, e para iso ten que vender activos. Si, señoría, é o que di o anuncio. Entón, ¿que é o importante? Verémolo cando esa empresa concrete algo. Dende logo, esta empresa nada lle concretou á Xunta de Galicia.

¿E sabe cal é o plantexamento da Xunta de Galicia? Reitérolo: a lei, o interese público e os traballadores. Eses son os tres compromisos da Xunta de Galicia: a lei, o interese público e os traballadores. E, polo tanto, os traballadores de Cee, os traballadores de Dumbría, os traballadores da Costa da Morte e os traballadores de Sabón que saiban que ese é o compromiso non só do Goberno senón do presidente da Xunta.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación dos efectos da situación laboral no Sergas na asistencia sanitaria**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días.

Señor Núñez Feijóo, de acordo co barómetro do CIS, a preocupación pola sanidade en Galicia está moi por riba desa mesma preocupación en España e á par, por exemplo, da que xera o emprego. Nos últimos anos, ao mesmo tempo que as necesidades de atención sanitaria aumentaron neste país, a pesar da estabilización da poboación, ten lugar un axuste nos cadros de persoal que ten que ver coa reducida taxa de reposición de efectivos que se aplica desde o ano 2009, pero tamén por decisións da propia Comunidade Autónoma, por exemplo, en relación coa xubilación anticipada do persoal sanitario.

Este desaxuste entre necesidades crecentes e recursos humanos en baixa, en termos estábeis, provoca unha cobertura parcial das necesidades imprevistas con persoal en precario, así como un estrés crecente sobre os profesionais sanitarios e o resto do persoal, sobre todo, cando teñen lugar picos de actividade como observamos aínda no último mes.

Podemos dicir, de acordo cos datos do ministerio, que hai aproximadamente mil persoas menos en plantilla na sanidade pública en Galicia das que había no ano 2009, tendo en conta todas as categorías sanitarias. A precarización e a descapitalización da sanidade póñense de manifesto de xeito notorio se temos en conta que falando só de médicos, tanto de atención especializada coma de atención primaria, nos últimos oito anos formamos en Galicia nos distintos hospitais da Comunidade Autónoma máis de dous mil cincocentos médicos, pero tan só sacamos oferta pública concluída no día de hoxe para 322, dos cales 165 son de médicos de familia e 157 doutras especialidades. Cabe preguntarse onde está o resto. Algúns están na casa, outros marcharon, outros están repetindo o MIR, porque é a mellor opción á que teñen acceso, e a inmensa maioría están pululando arredor da sanidade pública cubrindo as baixas, as vacacións, facendo substitucións de diverso tipo en condicións precarias, en condicións de baixos salarios, con escasas perspectivas profesionais e con condicións laborais moi duras. Deberíamos estar todos —e supoño que tamén o está vostede— preocupados por esta situación.

Hai que dicir que os contratos precarios substitúen, aínda que sexa parcialmente, os profesionais estábeis. Un cálculo aproximado dinos que arredor de sete mil persoas, non só médicos, sete mil persoas de todas as categorías están traballando no Sergas nesta situación. Non hai cifras oficiais, o que permite —digamos— poñer un pano de silencio sobre o problema, pero todo o mundo o sabe: contratos lixo, de días, de horas e salarios por moi baixo da cualificación que se precisa, estrés, desánimo, explotación... A iso estamos condenado a nosa mocidade máis formada. Como están recoñecendo distintas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, incluso do Tribunal da Unión Europea, que avalan que esta situación se está producindo con demasiada frecuencia.

¿Non considera vostede que isto está afectando a calidade do servizo sanitario a pesar do esforzo e da entrega dos profesionais? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, quixera deixar algunhas ideas claras para evitar confusións. Os profesionais da sanidade pública en Galicia fixeron un esforzo innegable durante estas épocas de recesión e crise económica. Coñezo a sanidade pública do meu país e quero recoñecer o esforzo deses profesionais. Móveme exclusivamente garantir a sanidade pública da Galicia de hoxe, pero, sobre todo, o que nos move a todos é garantir a sanidade pública da Galicia do futuro.

Fálame vostede do CIS. O barómetro sanitario, o último coñecido do mes de xuño de 2016, é dicir, hai oito meses: o 71,6 % dos galegos considera bo ou bastante bo o seu sistema sanitario público. Oito puntos por riba da valoración global de España. Polo tanto, señoría, a maioría dos galegos estamos de acordo en que a sanidade pública en Galicia é un sistema bo ou bastante bo, máis que a media do resto dos españois.

Señoría, durante as épocas de vacas fracas, 2.000 millóns de euros menos cada ano de presuposto da Xunta de Galicia, a porcentaxe de presuposto na sanidade medrou nas contas públicas. Cando había moito diñeiro gastábase o 36 % e agora investimos o 42 %.

Señoría, en Galicia estamos investindo moito máis que outras comunidades autónomas que presumen de sistemas sanitarios públicos. Por exemplo, gastamos, —mellor dito— investimos 230 euros máis por persoa e ano que Andalucía, 130 euros máis por persoa e ano que Madrid ou 100 euros máis por persoa e ano que Valencia. Señoría, estamos na parte alta da táboa de investimento sanitario por habitante. Evidentemente, temos unha poboación máis envellecida, e iso supón un incremento do gasto sanitario. Si, señoría, pero atendémola, porque poderíamos non facelo.

Pero, en relación co emprego, o que quero dicirille é que probablemente —porque hai moitos datos— debería vostede de ver os datos dos efectivos do Servizo Galego de Saúde, é dicir, persoas con contrato no Servizo Galego de Saúde, normalmente a maioría deles con contrato estatutario. No ano 2008 había no Servizo Galego de Saúde 33.176 e agora 34.057, é dicir, incrementouse a plantilla fixa do Sergas en máis de mil persoas durante a época de recesión económica. (*Aplausos.*) Ese é o resultado, señoría, das políticas de emprego da Xunta de Galicia.

Non debería vostede de discutir que temos que cumprir as leis básicas do Estado; en consecuencia, as ofertas públicas de emprego van en función das taxas de reposición autorizadas. A taxa de reposición teoricamente autorizada veremos se hai presuposto, señor Leiceaga —isto interésalle a vostede igual que a nós, supoño, que haxa presuposto—, pois ben, se hai presuposto, poderemos sacar unha oferta pública de emprego de 820 prazas. Pero se nese presuposto o Partido Socialista e o PP pactamos que se poida ampliar a oferta pública de emprego, nós es-

tamos en disposición de sacar 1.600 prazas da oferta pública de emprego da sanidade para o ano 2017. *(Aplausos.)* É a nosa proposta e é o que lle propoñemos.

Mire, señor Leiceaga, o número de médicos en Galicia sobrepasa os sete mil. O 90 % deses médicos ten un nomeamento de estatutario, é dicir, un contrato fixo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...Pero estamos, por suposto, señoría, co compromiso de diminuír a temporalidade e co compromiso de incrementar as ofertas públicas de emprego.

Señor Leiceaga, créame, este servizo sanitario de saúde en Galicia é un dos mellores servizos sanitarios de Europa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, rapidamente.

Xaneiro de 2009, institucións sanitarias, datos do ministerio: Galicia, públicas, 35.079; e con iso ten que compararse se non quere facer algunha pequena trampa. En todo caso, como me falou do barómetro sanitario do CIS, teño que dicirlle que consultado o barómetro, na primeira consulta para os especialistas, primeira consulta, case un 40 % daqueles que teñen que ir tardan máis de tres meses; é a segunda peor valoración das comunidades autónomas. Nas probas diagnósticas, de todas as comunidades autónomas, barómetro sanitario, Galicia é a que máis tarda. E nos ingresos non urxentes en hospitais estamos por riba da media. Eses son os datos.

O barómetro sanitario tamén nos di que, nos últimos doce meses, a avaliación das listas de espera polo público empeorou, e nos últimos cinco anos fíxoo tamén en atención especializada e en atención hospitalaria; non así en atención primaria, onde houbo unha mellora, que hai que recoñecer tamén. Eses son os datos do barómetro sanitario.

Fíxese vostede —utilizando datos do Sergas agora—: EOXI de Vigo, Servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular, cita para consulta, 123 días; proba diagnóstica, 205 días; cirurxía vascular, 62,9 días. En total, 390,7 días, un ano e un mes en Anxioloxía e Cirurxía Vascular. Non nos parece razoábel esta situación, e estou seguro de que a vostede tampouco.

En relación coa precariedade, efectivamente, hai que cumprir a lei, pero, primeiro, estamos en recuperación e, en segundo lugar, eu espero que vostedes sexan capaces de modificar a taxa de reposición en Madrid, porque vai ser un acordo global de todos os partidos. E, polo tanto, pídolle que faga o seguinte: poñamos en marcha un plan de estabilización dos profesionais sanitarios,

que no caso dos médicos nos permita en catro anos sacar adiante 2.500 prazas adicionais para cubrir as vacantes que se vaian producindo e poder incorporar as que hoxe están en precario, e teñamos un compromiso de substitución cen por cento de todos aqueles casos en que se producen baixas, vacacións, etcétera, etcétera. Substitucións cen por cento, que é o que permite atender adecuadamente a poboación nestas circunstancias, e non como agora, que vostede sabe perfectamente que en moitos lugares cando un médico de atención primaria ten vacacións non se lle manda outro e, polo tanto, parálizase esa atención na actualidade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Eses deben ser, eu creo, os compromisos que deben ser negociados cos sindicatos do sector cun plan a catro anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Rolda de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Señor Leiceaga, non creo que sexa moi razoable acudir á lista de espera dun servizo dun hospital concreto para facer unha radiografía do sistema de saúde galego, ¡jalá vostede!

Pero falando do CIS, o 78,5% dos galegos consideramos que a sanidade mellorou ou está igual que nos últimos anos —78,5 %—, o 65 % consideramos que as consultas hospitalarias melloraron, o 66 % consideramos que a asistencia hospitalaria mellorou e o 58 % que as Urxencias melloraron. Estes son os datos que vostede non leu, pero que eu teño a obriga de ler para informar a todos os galegos.

Mire, señoría, entre o ano 2009 e o ano 2016, incrementáronse as intervencións cirúrxicas en 37.000 máis, é dicir, un 22 % máis. Operamos un 22 % máis de xente agora que cando vostedes estaban no Sergas. Nos tempos de espera aos que vostede se refire, as patoloxías urxentes, con vostedes esperaban 28 días, agora esperan menos de 20. Iso é unha rebaixa do 30 % das patoloxías urxentes. E as patoloxías importantes, con vostedes esperaban 75 días, e agora a media está en 64 días, un 15 %. Esa é a realidade, señor Leiceaga, do conxunto.

O número de consultas hospitalarias: estamos facendo 335.000 consultas máis ao ano. Os médicos, o persoal sanitario, a enfermería e o persoal non sanitario están traballando máis que nunca, señor Leiceaga, e hai que felicitalos. E eu creo que vostede debería de felicitarllos os sanitarios galegos porque están facendo máis intervencións, máis consultas, máis probas diagnósticas, e estamos traballando moito máis que antes, señoría (*Aplausos.*) Iso si, cun axuste de salarios que imos devolver a partir do próximo mes.

Señoría, vostede falaba de atención primaria: 764.000 consultas máis no ano 2016 sobre o ano 2009—eses case tres cuartos de millón máis de consultas dos médicos de atención pri-



maria en Galicia—; as urxencias atendidas: 30.000 urxencias atendidas máis no ano 2016 que no ano 2015, xa o último ano sobre o anterior.

Polo tanto, señor Leiceaga, se vostede recoñece que hai maior actividade cirúrxica, se vostede recoñece que hai máis consultas, que hai máis urxencias atendidas, e despois quere facerme a min unha crítica, considéroo razoable. Agora ben, se todo isto nega que en Galicia estamos traballando mellor, que os servizos sanitarios públicos están traballando mellor, que estamos construindo e ampliando máis hospitais que en toda a historia do Servizo Galego de Saúde, comprenderá vostede que esa crítica me parece inxusta, e eu discrepo. Non se cegue tanto en criticarme a min e en amolar a efectividade do Servizo Galego de Saúde. ¿Temos un excelente Servizo Galego de Saúde? A resposta é que si.

Vostede fala de ofertas públicas de emprego. Señor Leiceaga, fixemos 1.600 prazas en época de recesión económica, esgotamos sempre a porcentaxe para poder sacar ofertas de emprego. Agora di que pode haber un pacto para a oferta pública de emprego do ano 2017. ¿Sabe vostede, señor Leiceaga, que ese pacto pasa por apoiar os presupostos do Goberno de España?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Non? ¡Ah, non! Vale, ou sexa que imos aprobar unha oferta pública de emprego que vai nos presupostos sen aprobar os presupostos. Señor Leiceaga, creo que ese tipo de pactos aos que vostede se refire son pactos que non se sosteñen de pé.

Pero non se preocupe, señor Leiceaga, con pacto ou sen pacto, os médicos, a enfermería e o resto do persoal sanitario son o principal activo do Sergas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E por iso imos repoñer a súa capacidade adquisitiva nesta nómina.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o sufrimento que están a provocar os recortes en materia sanitaria**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Grazas, señor presidente.

Quixera comezar en nome do Grupo Parlamentario de En Marea saudando os traballadores de Ferroatlántica que viñeron aquí defender os seus postos de traballo, causa na cal sempre estaremos do lado deles sen ningún tipo de ambigüidade, sen ningún tipo de condicionantes, na defensa dos postos de traballo e da dignidade de toda unha comarca.

E dito isto a pregunta que queríamos formularlle ao presidente da Xunta estaba relacionada coa sanidade, do que se acaba de falar agora, pero desde o punto de vista dos dereitos. O estado actual da sanidade desde o ano 2009, no que Feijóo, o presidente da Xunta actual, colleu as rendas da sanidade supuxo unha redución do orzamento de máis dun 12 % en termos reais, máis de 590 millóns menos de orzamentos destinados á sanidade. Isto tivo unhas consecuencias asistenciais e unhas consecuencias prestacionais que significaron 447 camas menos de hospital nos hospitais públicos galegos e unha redución de máis de mil setecentas prazas de profesionais do ámbito da sanidade.

Pero non se trata só dunha redución de medios, isto significa unha redución tamén dos dereitos que se prestan, porque a organización da sanidade está orientada a garantir unha serie de dereitos: o dereito á saúde, o dereito á integridade física, o dereito á integridade moral, o dereito á indemnidade e o dereito, en definitiva, á vida. A pregunta é se tal e como se organizaron os servizos se están garantindo correctamente estes dereitos e, en definitiva, se se garante correctamente o dereito á saúde.

Existen unha serie de feitos que indican o contrario, que indican que non se están garantindo adecuadamente. Tivemos que sufrir como consecuencia dos recortes do PP parte dos episodios máis trágicos da historia da sanidade en Galicia. Un deles relativo a ver como tiñan que peregrinar as mulleres a interromper o embarazo a hospitais de Madrid porque aquí non o podían facer, e facíanlo en condicións humillantes e, nalgúns casos, con grave padecemento para a súa saúde e con secuelas. Situacións que non deberan de volver repetirse e moito menos por razóns económicas.

Tamén tivemos que ver con carácter trágico como morrían persoas no caso da hepatitis C por non obterem os medicamentos en tempo. Medicamentos que se lles denegaban por razóns burocráticas e non por razóns médicas, porque había ordes de non dispensalos como consecuencia dos recortes. E iso era inaceptable en termos de garantir o dereito á saúde e o dereito da vida das persoas. E a vostedes parece que non lles importou. Onte veu o conselleiro de Sanidade dicir que a xente e nós falabamos diso, falabamos por falar, era falar por falar. Era falar por falar a pesar de que hoxe a esta mesma hora a Fiscalía e a Audiencia Provincial sentaron no banco dos investigados eses dous altos cargos, precisamente non soamente por prevaricación senón tamén por homicidio imprudente, por denegar os medicamentos a xente que os necesitaba.

Xa sabemos que vostedes non respectan nada, que non respectan a oposición, que non respectan a palabra da xente, pero respecten polo menos a acción da xustiza, que entendemos que non falará por falar. E iso entendemos tamén que seguramente que non o farán. E non o farán porque onte non respectaron as vítimas do Alvia, tampouco respectan as vítimas da hepatitis C, ¿como van vostedes respectar outra cousa como a xustiza?

Pero é que isto non son só feitos do pasado, son feitos do presente lamentablemente. No mes de novembro, en Ourense, os profesionais da sanidade denunciaban o colapso de Urgencias



como consecuencia de que as camas e os espazos estaban ocupados con hospitalización, e non se podía atender as urxencias. E non se podían atender as urxencias porque non había sitio para facelo e producíase maior risco de contaxio de enfermidades, non se atendían os pacientes nun tempo razoable, e todo isto mentres había unidades pechadas por falta de persoal. Esta situación volveu repetirse no mes de xaneiro, onde incluso pacientes oncolóxicos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...e pacientes en coidados paliativos tiñan que compartir habitacións individuais de a dúas, a tres e a catro persoas porque non había medios materiais e persoais para facelo, a pesar de que eses medios existen e a pesar de que están os mellores profesionais da sanidade nas súas casas como consecuencia dos seus recortes.

¿Esta é a sanidade pública que nos merecemos as galegas e os galegos?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿Vai vostede facer algo para que estas situacións non se volvan repetir? ¿Cre vostede que é oportuno...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...manter unha sanidade pública nestas condicións? Pecháronse operacións que estaban programadas porque non había medios...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares. Rematou o seu tempo.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...para atendelas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, reitérolle o que lle dixen ao portavoz do Partido Socialista: eu síntome orgulloso do Servizo Galego de Saúde, vostede non; hai unha grave discrepancia. Vostede considera que o Servizo Galego de Saúde que temos é un servizo africano ou dos peores países do mundo. E vostede vén aquí describir a apocalipse do servizo sanitario público; nótase que vostede non coñece o servizo sanitario público do país.

¿Pero a sanidade pública é un orgullo para o presidente da Xunta de Galicia? A resposta é que si. Para vostede non. Esa é unha gran diferenza entre o Partido Popular e En Marea. E esa diferenza vai seguir existindo, señoría, porque vostede vén aquí e di o que lle peta. Es-

tamos acostumados ao seu rigor. Di que os efectivos baixaron, e eu acabo de acreditar que temos agora mil persoas máis con contrato indefinido no Servizo Galego de Saúde que cando tomei posesión como presidente da Xunta. Vén vostede aquí e ao chou di que baixou o presuposto non sei canto, pero vostede como non distingue entre o presuposto sanitario, o presuposto farmacéutico, o presuposto total..., iso dálle igual.

Mire, señoría, nós adoptamos medidas en materia de gasto farmacéutico. Por exemplo, dicírlles aos laboratorios que, cando hai dous medicamentos e un deles é xenérico, o lóxico é que se prioricen os xenéricos. ¿Vostede está de acordo nisto ou non? Xa sei que o seu grupo na anterior legislatura non estaba de acordo, incluso nos denunciaron ante o Tribunal Constitucional, señoría. E o Tribunal Constitucional deulle a razón a Galicia.

E por iso, se facemos a comparación sen gasto farmacéutico, o gasto sanitario por habitante en Galicia medrou. Si, señoría, medrou. Debería vostede de ser un pouco máis rigoroso e a xente que lle fai os papeis debería de estudar un pouco máis, porque vir aquí dicir isto simplemente é unha *boutade* que me parece impropia dunha persoa que saiba en relación coa sanidade. (*Aplausos.*) Mire, señoría, o gasto por habitante en Galicia no 2010 era de 1.333 euros. Se quitamos a farmacia, o gasto por habitante era de 1.000 euros. ¿Sabe canto é agora? De 1.034 euros. Subiron 33 euros por persoa, con 2.000 millóns de euros menos cada ano.

¿Cal é o seu modelo sanitario, señoría? Dígame exactamente que Comunidade Autónoma ten que copiar Galicia. Porque países que vostedes defenden, onde non hai medicinas, ¿supoño que ese non será o modelo sanitario que vostede me propón que copie? (*Aplausos.*)

Vostede, señoría, que chegou a este Parlamento sendo deputado por Lugo dea unha volta por Lugo. Cando chegamos non había máis que un gran edificio, que, por certo, comezara o noso goberno e non foron capaces nin de equipalo. Equipámolo na súa totalidade e investimos 60 millóns de euros no Hospital Lucus Augusti: dous aceleradores, Medicina Nuclear e Hemodinámica. E na Mariña Lucense estamos facendo o plan director completo do Hospital da Mariña Lucense. E en Monforte, que as súas plataformas nos dicían que iamos desmantelar o hospital, resulta que hai servizos de Endoscopia Dixestiva, servizos de Quimioterapia e incremento no Servizo de Traumatoloxía.

Señor deputado por Lugo, vaia vostede pola provincia e compare a sanidade herdada coa sanidade de agora.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Este deputado por Lugo estivo o outro día en Foz e viu como lle quitaron á xente o servizo de Pediatría para poder atender correctamente os seus nenos e as súas nenas na pública. ¡Iso foi o que viu o deputado por Lugo o outro día! (*Aplausos.*)

E este deputado por Lugo o outro día viu como pasaba o mesmo en Baralla, como se reducía o servizo de Pediatría para que as nenas e nenos puidesen ser atendidos correctamente na sanidade pública. ¡Iso é o que ve este deputado por Lugo! (*Aplausos.*)

Isto é o que ve un deputado que pisa a sanidade pública e que está na sanidade pública, e que vai por aquí e por acolá, non soamente na provincia de Lugo senón por todo o país, porque somos deputados por todo o país, para ver como está a sanidade pública.

E ao que vimos aquí non é traer cousas inventadas, son datos reais, son feitos denunciados, reais, por xente real e por colectivos reais que traballan na sanidade pública e que defenden a sanidade pública porque garante dereitos fundamentais. E por iso estamos aquí defendendo dereitos fundamentais para que todo o mundo, con independencia da súa condición social e da súa renda, teña dereito ao mesmo, con independencia do lugar do territorio onde viva, porque nós si que queremos a solidariedade de todo o país con independencia do lugar e das súas posibilidades. ¡Iso é no que nós cremos!, jesa é a sanidade na que nós cremos!

E por iso temos que vir denunciar feitos que non son do pasado, que son do presente. E por iso vimos denunciar tamén aquí hoxe e agora, como fixo o outro día o Movemento en Defensa da Saúde Mental de Galicia, dous feitos que sucederon aínda no mes de xaneiro no Hospital Psiquiátrico de Conxo: o suicidio dunha persoa e mais a agresión sexual doutra, que sucederon relacionados dunha forma dolorosa cos recortes e a falta de medios que hai para atender os pacientes ingresados nesta unidade. E non o dicimos nós, dino as asociacións profesionais que están traballando con estes colectivos, e que están traballando dentro da sanidade pública: non se está garantindo adecuadamente o dereito á indemnidade física, á integridade física e moral nin á indemnidade sexual nestes casos. E iso que vimos denunciar aquí de que é necesario acometer unha serie de reformas para garantir mellor os dereitos fundamentais, que é algo que non se está facendo. ¿Como pode ser que unha persoa que ingresa nun hospital por un intento de suicidio se suicide no hospital? É evidente que hai algo que non funciona. Recoñezano polo menos, porque se non o recoñecen non poderán solucionalo.

E, en segundo lugar —por rematar tamén con outro feito e con relación á garantía do dereito á dignidade das persoas—, morreu o outro día unha persoa mentres agardaba ser atendida en Urgencias. Despois de agardar máis dunha hora unha persoa faleceu nos boxes do hospital de Santiago esperando ser atendida. É posible que o desenlace da súa doenza a levase a ese feito final, pero podía morrer doutra maneira e non no corredor esperando ser atendida...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...despois de máis dunha hora.

Defendemos o dereito á saúde, defendemos o dereito á vida e defendemos o dereito á dignidade de todas as persoas no sistema público sanitario. E aquí é onde nos van encontrar sempre: defendendo a dignidade e defendendo a sanidade pública para todas e para todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Rolda de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, quédalle moito que patear aínda para coñecer a sanidade pública, asegúrollo. Aseguro que lle queda moito que patear para coñecer a sanidade pública do noso país. Paréceme moi ben que a coñeza. Debería de valorala minimamente porque temos un dos mellores servizos sanitarios —insisto— de Europa. E como se pode imaxinar, algo de sanidade sei.

Por iso, señoría, cando a vostede o escoito falar con esa frivolidade sobre os temas, cando a vostede o escoito falar dunha persoa que morre en Urxencias con esa frivolidade, sen coñecer a historia clínica do paciente, sen coñecer exactamente cal é o apunte do médico de atención primaria cando fai o último intento no desprazamento da paciente ao hospital, e vostede trae á Cámara este asunto, comprenderá vostede que en materia de sanidade non é posible tomalo en serio de momento. E por iso gustárame que nas seguintes preguntas de sanidade non fixera vostede este tipo de utilizacións perversas da sanidade pública, por respecto aos familiares da paciente, por respecto ao Servizo Galego de Saúde e por respecto a todos os médicos e a toda a enfermería do Servizo de Urxencias do hospital de Santiago. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, todos os indicadores sanitarios están mellorando no noso país; a esperanza de vida, en aumento. Todos, señoría. Dende o ano 2004 ao ano 2013 a esperanza de vida ao nacer incrementouse 1,84 anos. A mortalidade infantil: de 1.000 nados vivos no ano 2004 morrían 3,3; no ano 2013 un 2,1; unha diminución do 36,3 %.

Señoría, isto é polo traballo rigoroso do Servizo Galego de Saúde. Pero como vostede acaba de dicirle á Cámara que está disposto a percorrer o país para enterarse realmente do país ao que representa, pois faga vostede ese percorrido e comprobará que o Servizo Galego de Saúde investiu case 80 millóns de euros en renovar a aparataxe tecnolóxica en todos os hospitais. ¿Sabe por que? Porque durante a bonanza económica non se fixo.

Comprobará vostede, por exemplo, aquí nesta Área Sanitaria de Santiago, que vostede critica, que temos un dos mellores servizos de Cardioloxía e de Hemodinámica de Europa. Comprobará que ademais temos unha resonancia nuclear magnética e un acelerador lineal novo. Comprobará que estamos renovando os TAC.

Comprobará en Pontevedra, señoría, que imos ampliar o hospital de Pontevedra en 90.000 metros cadrados máis despois dun acordo co concello.

Comprobará no Salnés —pídolle que vaia— que estamos ampliando o hospital e que está practicamente finalizado o hospital do Salnés.

Comprobará na Coruña, señoría, que despois de multiplicar por catro a área de Urxencias estamos mudando todo o bloque cirúrxico, vinte e catro quirófanos novos, e ademais temos que seguir, porque no hospital da Coruña quédannos moitas cousas por facer.

Comprobará, señoría, que en Ourense estamos a piques de entregar todo un edificio de hospitalización con case 50 millóns de euros de investimento, porque os de Ourense tamén teñen dereito a ter habitacións individuais como teñen outros cidadáns xa no Servizo Galego de Saúde.

Comprobará, señoría, que na Mariña estamos facendo o plan director, sempre comprometido e nunca executado; agora por fin si nese hospital da Mariña.

Comprobará que en Ferrol hoxe se acaba de adxudicar o plan director de ampliación completa do hospital de Ferrol.

Comprobará, señoría, despois de calumniar o hospital de Vigo, que estamos nun dos mellores hospitais de España. E non o dicimos nós...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...dío a xente que puntuou o Hospital Álvaro Cunqueiro.

Comprobará, señoría, que temos un dos mellores servizos de saúde do país.

E por iso, mire, se temos menos espera, se atendemos máis xente, se facemos máis actividade, se facemos máis ingresos hospitalarios, se atendemos máis xente nos domicilios, se temos máis consultas e máis probas diagnósticas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...dende logo, non será pola súa actitude construtiva, pero si é polo compromiso coa sanidade pública de todos os profesionais da sanidade e deste goberno que me honro en presidir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Tal e como se comunicou onte...

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, señor presidente, con base no artigo 76, que sabe vostede que fala sobre o decoro dos grupos, quero dicir que, evidentemente, hai un dito popular, e a sabedoría popular é moi importante, de que non ofende quen quere senón quen pode. En todo caso, o presidente da Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Cal foi a falta de decoro?

**A señora PONTÓN MONDELO:** Permítame, señor presidente. O presidente da Xunta durante a súa intervención dixo que o noso grupo incordiaba neste Parlamento por defender...

*(Interrupcións.) (Balbordo.)*

**O señor PRESIDENTE:** Bueno, señora Pontón, esa non é unha palabra ofensiva.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...por defender os intereses dos traballadores e das traballadoras.

**O señor PRESIDENTE:** Non é unha palabra que falte ao decoro.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Por respecto a este grupo e aos galegos e galegas que representamos...

**O señor PRESIDENTE:** Non. Xa está, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...pídolle ao presidente da Xunta que non degrade a oposición e que retire a palabra «incordiar», porque o que estamos facendo, señor presidente, é...

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe, señora Pontón, non ten a palabra. Non, xa está. Non ten a palabra.

*(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

As alusións como ben sabe valóraas a Presidencia. *(Aplausos.) (Interrupcións.) (Balbordo.)*

Si, si, é o Regulamento. Non considero eu que a palabra «incordiar» e no ton que se dixo ofendese a ninguén. Non, polo tanto, continuamos coa orde do día.

**Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego**

**O señor PRESIDENTE:** Neste caso, como se comunicou o outro día a alteración da orde do día, corresponde substanciar a seguinte pregunta de don José Manuel Lago Peñas, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Se quere achegarse ao seu escano pode formulala.

Déanlle voz ao escano do señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

Na intensa sesión de onte o conselleiro de Economía, Industria e Emprego dixo que todos os indicadores da economía galega estaban en verde. Hai uns días o Ministerio de Emprego e Seguridade Social publicou o avance da estatística de regulación de emprego



de xaneiro a novembro do 2016. Nesa estatística reflíctense datos que son moi preocupantes para Galicia, e creo eu que sería un indicador vermello, porque hai un incremento moi significativo do número de persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego en Galicia, mentres que a súa cifra baixa en España. Como é sabido, a evolución dos expedientes de regulación de emprego está vinculada á actividade económica, xa que cando as empresas van mal se regulan máis traballadores e cando hai recuperación baixa o número de persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego. Por iso resulta difícil de entender que nos once primeiros meses do 2016 o número de persoas afectadas por un ERE medre de forma considerable, porque aí habería unha contradición entre o indicador verde de que todo vai ben e o indicador vermello de que hai máis regulación de emprego.

A Xunta debería ser quen de explicar por que Galicia é —outro diferencial negativo— a segunda comunidade autónoma con peor evolución no ano 2016 en regulación de emprego, só por detrás de Baleares. E ademais debería explicar por que os expedientes que máis medran son os de despedimento de traballadores.

Fronte á retórica da reforma laboral de que se facía para que o despedimento fora a última medida e que se aplicaran previamente medidas de flexibilidade, ¿que di a estatística do ano 2016? Que medra o 58 % o número de traballadores despedidos en comparación co ano 2015 e que se reducen os traballadores e traballadoras incluídos en expedientes de regulación de emprego de redución de xornada, que sería, polo tanto, a medida que serviría para flexibilizar, para non utilizar o despedimento.

Creo eu que isto pon en evidencia o obxectivo da reforma laboral. Unha reforma que, por certo, eliminou a autorización administrativa previa; unha competencia que teñen as comunidades autónomas, que tiña a Xunta de Galicia para autorizar expedientes e que a reforma do 2012 anulou.

Formulo a pregunta, que xa vexo a luz en vermello: ¿cal é a razón de que de xaneiro a novembro do 2016 o número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego aumente en Galicia o 12 %, en comparación co mesmo período do 2015, mentres que en España o seu número caeu de media o 16 %?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Lago, vostede sabe perfectamente que a economía se mide con moitas variables e que, polo tanto, é a suma de todas elas as que nos permite valorar na súa medida cal é a situación que atravesamos unha economía.

De feito, onte, efectivamente, vostede deu proba disto cunha batería de datos que o único que pretendía era facer unha lectura absolutamente catastrófica e negativa da realidade galega. Uns datos que eu xa lle dixen onte que algún non era certo, pero que obvian dúas realidades sobre a súa lectura: primeiro, que sabe que en Galicia, igual que en España, se viviu entre os anos 2008 e 2013 a maior crise da súa historia e que iso tamén levou a maioría dos países do mundo a unha situación realmente complicada. Vostede nesa lectura que quere trasladar aquí en vermello e que eu traslado en verde, pois parece que se centra en todas esas comparativas no 2008-2009, e eu sinceramente —e dígollo con toda cordialidade— creo que ese tipo de análise non responde á realidade que ten a economía galega nin á tendencia da economía galega que se está a desenvolver nestes momentos.

Efectivamente, falo de indicadores vermellos porque en Galicia o índice de produción industrial no ano 2016 sobe un 4,1 %, en España o 1,6; falo de que nas exportacións se multiplica case por catro o seu crecemento con respecto a España; falo que o paro no ano 2016 descendeu un 10 %; falo que a contratación indefinida se incrementou dous puntos e medio por riba da economía.

E hoxe tráeme a evolución dos ERE do ano 2016. E vostede sabe, se analiza os datos, de que a razón principal da súa lectura está no ERE que presentou PSA Citroën en marzo do ano 2016, e sabe que ten como aplicación temporal a súa aplicación ata marzo de 2018. E sabe perfectamente que a publicación deses datos o que reflicte é o máximo que unha empresa pode levar a desenvolver tanto con medidas de extinción como con medias de suspensión, que tamén é o caso de Citroën. E sabe vostede que neste caso o dato real é que non todas as persoas que figuran nesas cifras se están vendo afectadas, porque as persoas que realmente se están vendo afectadas son 243 por medidas de extinción fronte ás 400 incluídas no expediente, e 173 sobre 1.238 persoas na suspensión, é dicir, un 60 % e un 14 % respectivamente.

Son axustes puntuais pero, loxicamente, xa digo que a tendencia da economía galega é en verde...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ...non é en vermello. E eu lamento que vostede siga facendo comparativas que son anacrónicas.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Conselleiro, creo que se trabucou co papel da resposta, porque di «anacrónica» e eu estaba falando de xaneiro-novembro do 2016 comparado con xaneiro-novembro do 2015. Ese é o tempo, unha estatística oficial.

Déixeme que lle regale unha frase que seguro que coñece: toda estatística convenientemente torturada acaba sempre por confesar a verdade. Entón, cando vostede empeza a sacar as tripas na estatística está facendo unha lectura.



Eu fágolle unha pregunta que é moi concreta: ¿por que en Galicia os traballadores e as traballadoras afectados por expedientes de regulación do emprego aumentan o 12 % no ano 2016, no ano da recuperación, e en España se reducen o 16 %?

E estou preguntando por que o número de despedimentos a través de expedientes de regulación de emprego aumenta o 58 % en Galicia. E vostede creo que se trabuca na resposta porque me di que temos un problema no automóbil, que estamos despedindo traballadores no automóbil, que hai regulación de emprego no automóbil. Pero ¿ese non era o sector que marcaba a luz verde esplendorosa da economía galega, que era un dos exemplos da xestión da Xunta de Galicia? (*Aplausos.*)

A contradición, señor conselleiro, que estou intentando demostrar neste hemiciclo é que hai cousas que van ben pero que non se trasladan á vida da xente. Eu non nego que o PIB estea medrando o 3 %; o que denuncio é que o PIB estea medrando o 3 % serve para que aumenten os beneficios empresariais, pero non serve para mellorar as condicións de vida da xente traballadora.

E precisamente é aí onde está a responsabilidade do Goberno, porque que a economía medre, que Citroën venda furgonetas, SUV ou outros vehículos está na lóxica empresarial. O papel do Goberno é conseguir que iso sirva para que melloren as condicións de vida...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** ...e de traballo dos asalariados. E esa é a denuncia: luz verde para a economía, luz vermella para os traballadores e as traballadoras. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, véxome na obriga de repetirlle o que lle dixen un día: vostede sabe como economista que un dato non fai a tendencia e moitos si. E vostede vén aquí permanentemente a esta Cámara intentando trasladar un dato que intente poñer de manifesto unha tendencia, e iso como economista, que o é e que o sabe, non é así. Polo tanto, eu creo que non se trata de trasladar unha impresión que non é certa a través dun dato que —insisto— é o que permanentemente vostede intenta trasladar a esta Cámara.

E, efectivamente, vostede debería de explicar, para que nos entenda todo o mundo, que os datos que se publican do ERE son datos máximos e que, en función da evolución da empresa, non necesariamente todos eles terminan nun despedimento e non todos eles terminan incluso nunha suspensión temporal, e iso depende loxicamente da propia evolución da empresa.

E o dato que vostede me trae do ano 2016 é un dato que de forma puntual ten unha explicación, que eu creo que é bo que todo o mundo a saiba e que, polo tanto, nos atañamos a ela.

E é que, efectivamente, Citroën presenta cun acordo cos sindicatos, por certo, un expediente de regulación de emprego, tanto en suspensión como en despedimento, que non está a levar os máximos porque as súas necesidades de produción vainas adecuando tamén ás necesidades dos traballadores.

Polo tanto, insisto en que creo que se trabuca vostede se pretende que a tendencia e a análise da evolución da economía galega teñan que ser sempre polo dato que vostede considere oportuno e non se reflectan polos datos do conxunto da economía.

E se falamos de paro, señoría, o paro está descendendo en Galicia. Está descendendo, e o ano 2016 descendeu máis dun 10 %. E vostede sábeo e non o quere recoñecer. E cando fala de paro vén aquí falar de comparativa do ano 2008 e do ano 2009, e iso é anacrónico con respecto á tendencia que está a desenvolver a economía galega.

Eu, señor Lago, efectivamente, creo que debería de volver ao debate das ideas —que, por certo, é onde vostede se desenvolve ben— e deixar os datos puntuais que vostede intenta trasladar aquí como tendencia, e vostede sabe perfectamente que non son tendencia.

A tendencia da economía é en verde, e eu creo que temos que seguir traballando e temos que seguir apoiando o sector da automoción, e o resto dos sectores, para que ese verde se poida manter e que, efectivamente, a consolidación da recuperación económica, a creación de emprego e a creación de emprego de calidade sexan unha constancia e Galicia poida seguir tendo indicadores por riba da media do Estado, que é o que realmente está a pasar nestes momentos na economía galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do anuncio de venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o Señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL :** Bo día.

Bo día, señor conselleiro.

O Goberno e o Grupo Popular din que non entenden que insistamos no asunto da venda das centrais de Ferroatlántica, que só queremos crear incerteza nos traballadores e na cidadanía, pero o que crea incerteza son declaracións como as de hoxe do señor Feijóo.

Hai uns minutos o señor Feijóo dixo que non hai nada oficial sobre a venda das centrais. E si que o hai, unha comunicación relevante aos reguladores bursátiles americanos, e seguro que sabe que comunicar informacións falsas aos reguladores bursátiles é delito nos Estados

Unidos. E non pensamos que Ferroglobe e os señores Villar Mir e Larrea queiran arriscarse a ser perseguidos penalmente nese país.

Ademais, temos informacións de que o señor Larrea e representantes do fondo de investimentos Brookfield —que segundo as informacións de Ferroglobe xa adquiriu as centrais— se reuniron con representantes da Xunta de Galicia.

Señor conselleiro, ¿producíronse esas reunións?, ¿que lles trasladaron aos señores de Brookfield? ¿Dixéronlles claramente que a venda é ilegal e, polo tanto, imposible?

Vender as centrais é constatable co anuncio aos reguladores bursátiles americanos, o que non é tan constatable —é a dicotomía que plantexaba o señor Feijóo— son os investimentos de 100 millóns de euros, que unicamente son unha promesa, e crer nas promesas de alguén que as leva incumprindo de maneira reiterada, é unha estratexia realmente suicida.

Outra preocupación sobre a resposta de hoxe do presidente da Xunta é que dixo textualmente: «Non temos ningunha acreditación de que o interese público mude, e se o interese público puidera mudar coa promesa de investimento de 100 millóns de euros, estudarémolo.»

Non hai nada que estudar, para realizar investimentos e plans industriais, a mellor garantía é precisamente a non segregación e impedir a venda.

Os rendementos das centrais posibilitarían, como mínimo, un posible plan industrial dotado con 150 millóns de euros, sen necesidade de malvender as centrais e a auga de todos os galegos.

Polo tanto, o interese público non só non muda, senón que se reforza, e deberíaselle exixir a Ferroatlántica que invista os enormes beneficios que lle aportan as centrais nas propias instalacións de Ferroatlántica e na comarca, como di a concesión.

E isto é urxente, porque por exemplo o forno 22, que é o que realmente mantén a viabilidade da compañía, está nunha situación absolutamente límite, con fugas permanentes, e menos mal que de momento só se produciron nos laterais do forno, que se algún día se producen na base do forno teríamos un problema grave, e probablemente desembocaría no peche da factoría.

Por todo o dito, volvemos preguntarlle ao Goberno, e esperamos que responda de maneira clara, para tranquilizar os traballadores e a toda a comarca, ¿que vai facer o Goberno da Xunta ante a constatación da venda das centrais de Ferroatlántica a Brookfield? ¿Vai o Goberno galego comunicar aos reguladores bursátiles americanos que a venda é imposible?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu lamento que vostedes veñan a esta Cámara a poñer en dúbida, permanentemente, as afirmacións do Goberno nesta propia Cámara, e que vostedes consideren que o que di o presidente ou o que di o conselleiro non é certo, e vostedes insisten, polo tanto, en trasladar unha realidade totalmente distinta.

Mire, a posición da Xunta de Galicia non variou nin un só milímetro neste asunto. Vostede sabe perfectamente que a prioridade do Goberno é cumprir a lei e, por suposto, velar polo mantemento da actividade industrial e salvagardar o interese público da concesión, e o presidente acábao de deixar creo que perfectamente claro esta mesma mañá, que en ningún momento, señoría, a empresa ten solicitada autorización para a venda das centrais.

Vostedes poden crelo ou non, pero está así dito nesta Cámara por parte do Goberno, e eu reitérolle que, efectivamente, en ningún momento a empresa lle ten solicitada autorización á venda das centrais.

Polo tanto, se mo permite, o Goberno poderá falar e poderá pronunciarse cando se presente algún tipo de solicitude, se se chega a presentar, e os traballadores teñen un compromiso por parte deste goberno, igual que teñen un compromiso os alcaldes, de que nós cumpriremos sempre a lei, nós sempre salvagardaremos o interese público e nós sempre, sempre estaremos cos traballadores defendendo o emprego. E isto sábeno perfectamente, porque así llelo trasladamos directamente aos alcaldes; sábeno os sindicatos maioritarios, porque aínda que non nos crean estamos en contacto con eles —aínda que non nos crean—; e sábeno, perfectamente, os traballadores, porque tamén estamos en contacto con eles.

Polo tanto, señoría, creo sinceramente que, loxicamente, podemos debater nesta Cámara todos os aspectos que vostedes consideren oportunos, pero o que si lle podo garantir é que aínda que vostede non crea que iso é así, e que dubide do dereito administrativo —que creo que debería de ser o último que fixera un deputado, dubidar da aplicación do dereito administrativo—, este goberno estará sempre co cumprimento da lei, estará sempre defendendo o interese público, loxicamente vinculado á actividade industrial, e loxicamente estaremos co emprego.

E non teña ningunha dúbida de que nós seguiremos ao lado dos traballadores, nós seguiremos ao lado das súas familias, e eu simplemente creo, señor Casal, que deberían de ser máis rigorosos nas súas afirmacións e non falar de hipóteses que non conducen a nada, e este goberno está sendo claro e transparente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Señor conselleiro, non dubidamos das súas declaracións nin das do señor presidente, efectivamente, non variou a posición do Goberno, a venda non existe, esa é a posición do Goberno. Vale, parece ser que vivimos nun mundo paralelo.

E defenden tamén que van defender de maneira reiterada o interese público, pero vemos que este interese público pode mudar para transformarse en interese privado, hoxe vémolos aquí na sala.

O presidente da Xunta deixou moi claro que o interese público podería mudar con ese hipotético plan industrial de 100 millóns, que xa ofreceu o señor Villar Mir tres veces nos últimos vinte anos, e nunca se cumpriu nin o máis mínimo.

Calquera xogador de mus sabería o que está a facer o señor Villar Mir, que é *pasar para engordar*, e os que non coñezan o mus, é non xogar de momento ata que non teña boas cartas.

Efectivamente, o señor Villar Mir non vai presentar oficialmente ante vostedes a petición ata que teña coaccionada toda a comarca, ata que teña todos os medios de comunicación —que vostedes alimentan de maneira xenerosa— ao seu favor, que de momento non os ten.

E o Goberno está xogando á *chica*, e xa se sabe que xogador de *chica*, perdedor de mus. O Goberno ten que reaccionar, e si que hai constatación, hai unha constatación oficial aos reguladores bursátiles, e, ao mellor, o que non é axeitado a dereito é ocultar aos reguladores bursátiles americanos unha información relevante que si a ten o Goberno galego, que é que as centrais non se poden vender.

Iso é o que hai que comunicar, e se vostedes comunican —que o poden facer legalmente, porque si que é unha información relevante para os investidores americanos— que a venda, segundo a lexislación española, e as concesións efectuadas por Augas de Galicia son imposibles, iso non é estar fóra do dereito administrativo, iso é cumprir a lei, cumprir a lei e dar información veraz aos posibles investidores nas centrais, que poderían verse nun problema moi grave se afrontan o investimento...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CASAL VIDAL:** ...e dentro dun ou dous anos un tribunal xa o rexeita, ou dentro de tres anos un novo goberno dirixido por En Marea rexeitaríao seguro.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Insisto, señoría, que creo que deberíamos ser moito máis prudentes nas afirmacións que se trasladan nesta Cámara, ser moito máis rigorosos e non trasladar incertezas que, realmente, non ocorren.

E lamento que vostede traia aquí unha comparativa de xogo do mus, porque isto non é ningún xogo. O traballo e o emprego en Ferroatlántica, o traballo e o emprego en Sabón, o traballo e o emprego vinculado ao ámbito ferrosolar non é ningún xogo.

Pero, bueno, xa que vostede intenta trasladar esa situación, eu voulle falar de Séneca, que me parece moito máis axeitado. Séneca dicía: «O que non queira vivir senón entre xustos, viva no deserto.» E parece que vostedes se empeñan en vivir no deserto e se empeñan en vivir nunha realidade totalmente distinta á que está a pasar.

Iso é o que lles pasa a En Marea, e o que lles pasa cando, loxicamente, lles teñen que pedir despois os votos aos cidadáns, que viven nunha realidade e viven nun deserto totalmente distinto.

Señoría, este goberno tense que medir, loxicamente, polo cumprimento da lei, que é o que faremos. E vostede non pode inventar unha lei, ¡non, non!, hai que cumprila, e os traballadores e os alcaldes teñen a garantía deste goberno de que nós cumpriremos a lei. Segundo, que velaremos polo interese público. O presidente non falou de que podería mudar ese interese público, dixo que vai traballar para salvagardar o interese público, que é totalmente distinto.

Por iso eu creo que debería de ser moito máis rigoroso e non intentar trasladar mensaxes totalmente incorrectas, que intentan terxiversar a realidade. Non debería por responsabilidade e por respecto cara os traballadores; non debería, señor Casal, e o seu grupo non debería facelo nin utilizar isto de forma partidista.

Porque este goberno, insisto, está cos traballadores, vai garantir o cumprimento da lei, vai garantir a salvagarda e o interese público e vai estar defendendo, como ninguén, os traballadores e a situación de emprego na comarca. E iso, insisto, sábeno os alcaldes, sábeno os sindicatos maioritarios, sábeno os traballadores, sábeno o comité de empresa de Sabón, sábeno o comité de empresa de Cee-Dumbría e sábeno, perfectamente, todos.

Parece que vostedes están noutra realidade totalmente distinta, tanto o Bloque Nacionalista Galego como En Marea, unha realidade totalmente distinta, e eu lamento que vostedes sigan a desenvolver a súa actividade política no deserto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Retomamos a orde do día e volvemos ao punto 4, que é o de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e oito deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.



*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei en pleno.*

*Emenda de substitución:*

*Substituír o punto resolutivo polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galiza a que adopte una estratexia proactiva diante do novo escenario internacional e a que elabore un estudo en profundidade do seu impacto na economía galega e nos seus sectores produtivos para definir cal vai ser a estratexia a seguir para defender o papel do noso país. »)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei en pleno.*

*Emenda de adición:*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fineo seguinte texto:*

*«... Este informe será sometido polo Consello da Xunta a consulta do Consello Económico e Social de Galicia, que presentará*

*o seu ditame final ante o Parlamento antes do vindeiro 31 de maio de 2017. »)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Como é sabido por todos, o pasado 23 de xuño, do ano 2016, o Reino Unido celebrou un referendo no que a opción que avogaba pola saída do Reino Unido da Unión Europea obtivo o 51,9 % dos votos, mentres que os que fixeron a campaña e defendían que o Reino Unido sería máis forte na Unión Europea obtiveron o 41,1 % dos votos, o cal ten xerado unhas consecuencias políticas internas, xerais e internacionais certamente importantes.

En primeiro lugar, no ámbito interno produciuse a dimisión do *premier* conservador, do señor Cameron, que foi substituído paradoxicamente por unha señora tamén do Partido Conservador, que defendía o voto de permanencia na Unión Europea e que está gobernando rodeada polos euroescépticos máis agresivos do Partido Conservador.

Abriu tamén, dado que o referendo foi positivo, a permanencia tanto en Irlanda do norte como en Escocia, abriu vellas cuestións que estaban xa medio resoltas, como pode ser o proceso de paz, que en boa medida descansaba na reunificación de Irlanda, no contexto da

pertenza á Unión Europea. Así como, loxicamente, por parte dos independentistas escoceses que din que o referendo, polo que aceptaron a permanencia no Reino Unido, estaba baseado na continuidade do Reino Unido na Unión Europea. E ten tamén xerado unha crise social —quizais o máis deplorable— cunha onda de xenofobia e mesmo dalgunhas agresións a persoas doutras nacionalidades que vivían, ou que viven, no Reino.

Hai moitas cousas que aprender deste referendo, eu creo que a principal é que moitas veces non nos decatamos da importancia que ten a maioría cualificada. É dicir, as democracias consensualistas —como é o caso da nosa Constitución escrita— sobre as constitucións non escritas que descansan sobre o principio da maioría simple cando se trata de discutir, de aprobar e de debater cuestións que afectan fondamente as xeracións e a vida de moitas persoas.

Tamén dá para reflexionar, loxicamente, sobre o populismo dunha campaña que todas as fontes informan que estivo baseada en moita confusión e en moita posverdade —por dicilo empregando ese termo—. Por exemplo, a confusión que se presentou ante o electorado británico entre o que era inmigración —especialmente a procedente da Unión Europea— co que son os problemas dos refuxiados, moi evidentes durante a campaña no paso de *Calais*. E tamén para ver o oportunismo a onde pode levar, e, concretamente, no caso do Partido Laborista —tradicionalmente moi preeuropeo, dado que a lexislación comunitaria defende mellor os traballadores que outros modelos anglosaxóns—, que adoptaron unha postura morna. Como vén de denunciar o ex primeiro ministro laborista, o señor Blair, cando dixo que a posición morna do Partido Laborista contribuíu, precisamente, ao fracaso do referendo de permanencia. Co engadido de que dous terzos dos deputados laboristas presentes en Westminster tamén apoian a permanencia na Unión Europea. O cal abre unha crise importante no principal partido da oposición británica.

Porque, efectivamente, o *Brexit* ten moitos custos, a libra depreciouse un 20 %, isto quere dicir que o pobo inglés e os traballadores ingleses se empobrececeron un 20 % en relación cos europeos. Pese a iso, as exportacións non se teñen incrementado, e o caso galego é excepcionalmente revelador. Acaban de facerse públicos os datos do IGE e vese que no ano pasado se incrementaron un 40 % as exportacións galegas ao Reino Unido, e descenderon un 40 % as importacións, pese a esa devaluación da libra do Reino Unido a Galicia.

Os custos directos de deixar o Reino Unido á Unión Europea, pois hai distintos cálculos, hoxe mesmo o señor Juncker informa na prensa que o abano vai dos 72.800 millóns de euros, no caso superior, aos 24.500, no caso inferior; como consecuencia das débedas dos proxectos que están en marcha e mesmo das xubilacións dos funcionarios da Unión Europea, ás que ten que contribuír o país que abandona a Unión Europea.

En definitiva, abre un problema en relación cos movementos de libre cambio e de circulación de mercancías no mundo, reafirmando a tese dun auxe do proteccionismo, que xa está empezando a ver a señora May que ten consecuencias cando falou co señor Trump e se deu conta de que non é o mesmo falar por 500 millóns de persoas, como fai a Unión Europea, que por 65, por moi importante que sexa ese mercado, que son os británicos que forman parte do mercado inglés.



As consecuencias previsibles para o PIB, polo tanto, son dun decrecemento de todos os que estamos neste proceso, fundamentalmente do inglés, cálculos de arredor do 1,5 % do PIB anual no ano futuro unha vez que se abra o procedemento de saída. E podo citar, tamén, o resto da Unión Europea, particularmente hai cálculos que falan do 0,4 % do PIB español, e aproximadamente o mesmo no caso de Galicia.

Estamos, en definitiva, ante unha operación que xerou incerteza. Ábrese un escenario absolutamente novo, porque é a primeira vez que un Estado decide abandonar a Unión Europea. Van cambiar algúns conceptos xeoestratéxicos, isto a min non me parece menor e importante para Galicia. O eixe francoalemán vai estar reforzado en relación co eixe atlántico a nivel europeo, o comercio internacional vai caer, espérase un decrecemento. Vai haber efectos desviación do comercio. Evidentemente, hai un certo temor polo efecto contaxio, aínda que algúns temos a confianza de que o efecto contaxio dos populismos británico ou norteamericano nas eleccións presidenciais se converta nun efecto vacina aos electorados franceses e holandeses, por citar os que pronto van ter un proceso electoral.

Ante este escenario Galicia ten que estar preparada, hai moita preocupación en moitos sectores galegos polo desenvolvemento do *Brexit*. A situación é a seguinte, o Reino Unido terá que comunicar o abandono da Unión Europea, de acordo co artigo 50 do Tratado da Unión Europea. Haberá unha negociación. Desa negociación sairá un borrador que ten que aprobar o Consello Europeo, pero nada menos que co voto de 20 dos 27 países que representen o 65 % da poboación. Despois isto ten que ser ratificado polo Parlamento Europeo. Se en dous anos non se pecha este proceso, quedan dúas alternativas: que é alongar as negociacións ou, pola contra, dar por extinguida a relación co Reino Unido.

Pero iso non implica sequera que ese proceso de abandono da Unión Europea por parte do Reino Unido determine cal vai ser a relación co Reino Unido, porque unha vez que abandone o Reino Unido a Unión Europea habería que abrir un novo proceso no que tería que contar o novo réxime de relacións entre o Reino Unido e a Unión Europea coa aprobación da totalidade dos membros da Unión Europea. Polo tanto, a ratificación polos 27 estados tamén muda o que é o poder de negociación en relación coa nova situación.

Isto, evidentemente, provoca moitos retos para a Unión Europea, para España e, por suposto, para Galicia. Terá efectos institucionais, e, dentro das institucións europeas, efectos no que é o orzamento. Estamos a falar de que o Reino Unido —que é un dos países e das economías máis importantes de Europa, cunha renda per cápita superior á media— vai deixar o espazo político e as institucións, e, polo tanto, a súa contribución financeira.

Por exemplo, nestes momentos a aportación neta do Reino Unido é de 5.000 millóns de euros ao ano ás políticas rexionais. Descontando o que se gasta alí, serían 3.000 dun total de 50.000; pero tamén pode afectar aos cheques alemán, belga, austríaco e sueco, que van conectados ao cheque británico. A posible contribución á Unión Europea que tería como ten Noruega —que ten un acordo coa Unión Europea para acceder ao Mercado Común— tamén podería influír. Polo tanto, hai efectos orzamentarios aínda que descoñecemos cales son.

Vai afectar, loxicamente, a composición dos órganos comunitarios, empezando polo Comité Europeo das Rexións. E afecta, tamén, os piares básicos do que é o Mercado Común; en primeiro lugar, os movementos de capital. O outro día o conselleiro informaba de que había, aproximadamente, en Galicia uns 130 barcos que están faenando en augas británicas, dos cales só 30, aproximadamente, teñen bandeira galega, o resto son investimentos de capital galego en barcos que faenan baixo bandeira británica, ou ben en augas británicas ou en augas das Malvinas.

Tamén, evidentemente, vai influír na circulación do comercio exterior. Como dicía, nestes momentos, o comercio exterior co Reino Unido representa case o 8 % das exportacións de Galicia. A balanza comercial é fondamente favorable, estamos a falar de que dos 1.600 millóns de euros que exportamos a Inglaterra, a contrapartida son 267 millóns de euros que importamos desde Inglaterra. Ou, o que é o mesmo, dos 4.500 millóns de euros de balanza comercial favorable que ten Galicia, 1.300 corresponden ao Reino Unido —insisto, pese á devaluación do 20 % da libra—.

Hai moitos sectores que exportan ao Reino Unido, o 17 % do Rías Baixas, que representa o 80 % do total das exportacións de viño de Galicia, vai ao Reino Unido; e no ámbito da conserva, o 8 % das exportacións —segundo datos da Anfaco— tamén se exportan ao Reino Unido. E o terceiro piar son as persoas: traballadores galegos, estudantes, familias que teñen familiares e parentes no Reino Unido, que novamente terán que pasar por aduanas, por fronteiras, por permisos de traballo, por permisos de residencia, por pasaportes...., en moitos casos con dramas persoais de rupturas familiares.

En definitiva, nós desexariamos que os británicos reconsiderasen a súa postura. Unha persoa que resume ben a traxectoria do Reino Unido, o irlandés nacido británico e soterrado en París, Oscar Wilde, dicía que se un di a verdade pode estar seguro de que tarde ou temprano será descuberto. Nós desexamos que oxalá as verdades das vantaxes da pertenza á Unión Europea polo Reino Unido sexan redescubertas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...e o Reino Unido non abandone iso.

Pero nós cremos que hai que poñerse na peor das hipóteses. Galicia tense que preparar para os escenarios que se abren e analizar que efectos ten o *Brexit* no ámbito institucional, no ámbito financeiro, no ámbito do movemento de capitais, bens e persoas. E procurar que o efecto sobre a economía galega e sobre as familias e cidadáns de Galicia sexa o menor posible.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas.

Bo día. Bo día a todos e a todas.

Ben, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos aproveitar esta intervención, este posicionamento arredor da proposta que trae o Partido Popular, para apuntar algunhas cuestións que nós pensamos que están desatendidas, en xeral, pola política exterior da Xunta de Galiza, en concreto, pola proposta que se trae hoxe aquí.

Desde o BNG entendemos, e temos defendido sempre, a necesidade de que o noso país conte cunha voz propia no escenario internacional e en todos os espazos onde se toman decisións que afectan piares tan importantes da nosa economía como é o medio rural ou como é, por exemplo, a pesca —á que se refería antes o señor Puy—; nomeadamente, todos estes aspectos que teñen que ver directamente con como se desenvolve a nosa economía e como pode aproveitar o seu potencial.

Entendemos que, tamén, o noso papel no mundo debe ser esa voz que sexa a principal achega á construción dun mundo diferente, no que nós acreditamos que debera estar baseado nuns principios, moitas veces esquecidos pola Unión Europea, que temos no día de hoxe, baseado na soberanía dos pobos, na xustiza social, na paz, na cooperación entre as diferentes nacionalidades. E por iso temos mantido unha posición crítica cun marco internacional que, por mor fundamentalmente do peso das forzas estatais, ten levado o noso país a ocupar un papel máis ben subalterno neste contexto internacional. Entendemos que é hora de que isto mude e que se se nos presenta que diante do *Brexit* temos que reflexionar e actuar, nós con esa filosofía de fondo concordamos, pero pensamos que é insuficiente centralo só no *Brexit*.

Nos últimos días vimos a aprobación de todo o referido ao CETA, nós entendemos que é algo que tamén habería que ter en conta nalgún tipo de estudo que se faga. Ademais, entendemos que limitalo ao que vén sendo o Consello de Acción Exterior —deixando fóra outros axentes como o Consello Económico e Social, ou como o ámbito investigador universitario— pois deixa o tema —pensamos— nun mero informe, que xa vai vir condicionado de parte, que vai vir condicionado, ademais, por unha visión moi pexorativa —como quedou claro— do que é a toma de decisión que lexitimamente tomou o pobo do Reino Unido.

Nós pensamos que temos que tomar a política exterior doutra maneira, que hai que estudar, efectivamente, este fenómeno do *Brexit*, pero tamén algúns outros que se están poñendo por riba do escenario internacional: como o propio CETA, como a competencia lusa da que tanto falamos onte e demais.

Nós entendemos que neste sentido toda a reflexión teórica e profesional que se faga —e que, por suposto, é necesaria— debe ir vinculada a unha estratexia política, que se asente nunha maior defensa dos intereses económicos galegos, a través da negociación directa de acordos económicos con terceiros países, por exemplo, ou a través de maiores exixencias no marco das negociacións que finalmente acabarán tomando por nós noutros parlamentos.

Entón, entendemos que é un pouco incompleto o panorama que se presenta en aras das necesidades do contexto. Estamos nun momento no que necesitamos unhas políticas exteriores máis comprometidas con eses valores que nomeaba. Avaliar o *Brexit*, pero non só,

e non podemos obviar o telón de fondo, esa necesidade dunha política exterior propia e máis dinámica.

E dáanos realmente a sensación de que, tanto na exposición que se fixo aquí, como na deliberación que se introduce na proposición non de lei, se fai, efectivamente, unha valoración un pouco criminalizadora da vontade do Reino Unido. Independentemente dos debates que poñamos ter sobre os marcos constitucionais de cada pobo, e de como se toman decisións tan transcendentais, tamén é certo que hai unha forza popular de moitos puntos no noso país, e moitos puntos internacionalmente, que cuestiona o actual modelo de Unión Europea e que cuestiona que os acordos que de aí se teñen tomado prexudiquen gravemente diferentes sectores, como, por exemplo, o que comentaba do CETA, e como iso pode afectar —por poñer un exemplo— as denominacións de orixe protexidas.

Entón, eu creo que desas cuestións tamén temos que falar e que non podemos criminalizar de partida todas as voces críticas en canto a este modelo de Unión Europea que hai desde as diferentes forzas políticas e desde diferentes axentes, tanto nacionais como internacionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Creo que falando hoxe de relacións exteriores, de relacións internacionais, temos que dicir que estamos ante un día absolutamente negro para o dereito internacional e un día absolutamente negro para os dereitos humanos: hoxe comezou a caza ao emigrante en Estados Unidos.

Onte publicou Amnistía Internacional o seu Informe 15/16 en materia de respecto ou de non respecto dos dereitos humanos, e, polo tanto, creo que este debe ser o frontispicio á hora de falar actualmente de relacións internacionais.

Evidentemente, agradecemos que se escoitaran as voces que presentabamos nalgunhas das sesións da Comisión 1ª con motivo dos traballos preliminares de confección da Axenda galega de acción exterior, onde os diferentes grupos demandabamos un tratamento específico sobre o posible impacto do *Brexit* na economía, e non só na economía, senón no conxunto das problemáticas da nosa comunidade autónoma. Porque, incluso onte, o presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker, falaba de que o proceso, o *Brexit*, ía supoñer —son palabras fortes— unha factura enorme para os británicos.

Temos unha situación complicada en termos de relacións internacionais, temos unha situación complicada en termos de proteccionismo, en termos de xenofobia, e, polo tanto, si

que é certo que —o conxunto de España— Galicia ten que prepararse, tamén, no contexto europeo para abordar a activación do artigo 50 do Tratado da Unión Europea.

Os datos que temos que ter en conta —e a algúns deles referíanse anteriormente nas exposicións os intervinientes— son importantes e son preocupantes neste sentido. O Instituto Nacional de Estatística fala de que aproximadamente 100.000 españois residen no Reino Unido, e o Instituto Galego de Estatística fálanos de que aproximadamente 14.000 galegos. Digo aproximadamente porque aquí os datos non son absolutamente fiables, hai moitas voces autorizadas que falan de que esta poboación galega no Reino Unido poida ser superior.

E temos que ter en conta, en termos económicos, que os orzamentos e o crecemento autonómico se veñen soportando e apostando dunha forma clara e de cara a 2017, por exemplo, nas nosas capacidades de exportación. O Reino Unido é o cuarto destino das nosas exportacións, tras Francia, Portugal ou Italia, segundo os datos do ICEX. E é recente, precisamente, ese novo récord exportador de España en 2016, que en Galicia significa que se achega a un monto de 1.400 millóns de euros en exportacións, é dicir, un crecemento do 50 % máis respecto de 2015.

Teñamos moi en conta en Galicia que o 70 % desta exportación ao Reino Unido é téxtil e automoción, que polo que á provincia da Coruña respecta supón un peso do 47 % do conxunto das exportacións de Galicia. Pero os datos de comercio exterior, de decembro de 2016, indican que hai un retroceso das vendas ao Reino Unido dunha caída dun -5,6, castigando de forma especial o sector automobilístico.

Todos estes datos débennos facer ser moi conscientes da necesidade, efectivamente, de estudar o proceso *Brexit*. Algunha destas liñas presentábanolas, precisamente, o informe de conxuntura económica do Foro Económico de Galicia no seu informe de outubro de 2016, e falábanos que aínda neste escenario, supoñendo a cuarta posición Reino Unido das exportacións, a preocupación a priori de Galicia podería ser escasa.

Con todos estes datos de incerteza do propio *Brexit* e da propia conxuntura internacional, esa incerteza, eses indicadores de incerteza e os indicadores de sentimento económico que se presentan por parte do foro deben facernos reflexionar sobre a necesidade de posicionar-nos e, sobre todo, de prepararnos.

Nós, neste sentido, presentamos, precisamente, unha emenda de adición, porque consideramos que ese informe que a Xunta de Galicia quere realizar sobre o impacto do *Brexit* co Consello de Acción Exterior é un informe que, pola composición, polo engarce administrativo do propio Consello, precisaría ter un rango maior. Por iso nós propoñemos como emenda que o Consello da Xunta —unha vez reciba ese informe— eleve o informe ao Consello Económico e Social de Galicia para que presente o seu ditame final ante esta Cámara antes do 31 de maio de 2017. Precisamente porque, conforme a propia Lei 6/1995, o Consello Económico e Social de Galicia é o único órgano onde está representado o conxunto das organizacións socioprofesionais de Galicia.

Evidentemente, nin a Cámara dos Lores nin esta Cámara van poder parar a decisión dos británicos, pero si temos a obriga de prepararnos ante esta nova situación. É unha obriga dobre...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...tanto en termos de protección dos nosos galegos, que están residindo no Reino Unido, como para trasladar as maiores certezas ao noso tecido empresarial.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

¡Que relaxados son estes debates de política internacional! Tiñamos que facelos con algo máis de frecuencia.

Ben, vou estar de acordo co señor Pedro Puy, o *Brexit* é un problema. Pero máis que un problema é un síntoma, porque é a constatación de que Europa deixou de ser un modelo atractivo para a cidadanía. Por iso, o máis urxente é abordar un proceso de reforma profunda para construír unha Europa social, unha Europa ao servizo da cidadanía, e non das elites e a burocracia. Unha Europa que defenda os dereitos humanos, os servizos públicos e o estado de benestar, que antepoña os intereses das maiorías sociais sobre os da banca e das empresas multinacionais. Dunha Europa así, ninguén, nin os británicos, se quereda marchar.

Falábase de días negros, hoxe hai un día negro. O Consello Europeo acaba de bloquear a implantación da taxa Tobin, da taxa sobre transaccións financeiras internacionais.

Con ese modelo, o modelo da Europa ao servizo do oligopolio financeiro e do capital, do gran capital, é entendible que a cidadanía, mesmo a británica, se enfade. O *Brexit* pon en evidencia a crise do proxecto político europeo, e afectada por un enorme déficit democrático, aplicando cegamente as políticas de austeridade, dando as costas a millóns de cidadáns que están condenados á exclusión e á pobreza, levantando lamentables muros mentres os refuxiados se afogan nas nosas costas, a Unión Europea —eu diría a dirección neoliberal do proceso da Unión Europea— conseguiu algo que parecía imposible, que se dubide xa do seu propio futuro.

Estamos nunha situación moi preocupante, porque se non hai unha rectificación inmediata das políticas europeas, o *Brexit* pode ser o inicio do proceso de desintegración da Unión Europea. Porque acarrea, inevitablemente, un incremento do euroescepticismo e as demandas de excepcionalidade á normativa comunitaria por outros estados da unión.

As consecuencias entre o conxunto de factores que crearon esta desafección da cidadanía cara á Unión Europea, as principais, son as políticas económicas neoliberais que produciron paro, pobreza e incremento da desigualdade social. As políticas de austeridade fiscal conseguiron que unha gran parte da cidadanía europea recee do proceso de construción da Unión Europea, e que se identifique, inevitablemente, o euro coas políticas de axuste.



Ao importante déficit democrático na toma de decisións que ten a Unión Europea uniuse, e hai que dicilo, o lamentable espectáculo para resolver a crise humanitaria dos refuxiados. Esa incapacidade da Unión Europea de resolver ese drama social, deixando que as persoas que foxen da guerra en Siria morran nas nosas costas, acabou de deteriorar a imaxe da Unión Europea.

As consecuencias da saída de Gran Bretaña van ser negativas para os traballadores e as traballadoras, para os británicos sen ningunha dúbida —xa digo que nós estamos en contra da saída de Gran Bretaña da Unión Europea—, pero tamén para as persoas que traballan alí. Persoas que traballan alí, porque a normativa comunitaria europea de protección social deixará de ser de aplicación inmediata e desaparecerá a libre circulación das persoas. E é unha incógnita —e aí si que a Xunta de Galicia debe ter unha actuación inmediata— de como vai afectar iso os dereitos das ducias de miles de homes e de mulleres, de traballadores e traballadoras galegos que están no Reino Unido.

Paso ao final.

Facer un estudo está ben, neste caso é posible que cando se remate o estudo sirva de pouco, porque co proceso electoral que temos enriba, coas eleccións holandesas, as eleccións presidenciais en Francia e as eleccións en Alemaña, en setembro, é incerto o futuro.

A nós non nos parece mal que se faga un estudo, pero ese estudo, ademais de analizar as consecuencias económicas do *Brexit*, ten que facer algo máis, porque se non quedaría claramente incompleto.

Nós plantexamos que, polo menos, debería actuar en dúas liñas: primeiro, contemplar, prever e actuar sobre as consecuencias para a vida das ducias de miles de galegos e galegas que hoxe viven e traballan no Reino Unido; e o segundo, o máis relevante, é incluír nese estudo do que van repercutir os cambios na economía europea, na economía mundial, as consecuencias do CETA, o Tratado con Canadá e o TTIP.

Porque, é certo que o *Brexit* vai significar problemas para a economía e para a vida da xente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LAGO PEÑAS:** ..., pero é máis certo que o CETA e o TTIP, que xa están aprobados, no caso do CETA, van ter efectos moito máis inmediatos e moito máis negativos.

Polo tanto, pediríamos unha ampliación do estudo que analice a repercusión do CETA e do TTIP, e a repercusión do *Brexit* sobre a vida dos homes e mulleres do noso país que traballan no Reino Unido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Puy.



**O señor PUY FRAGA:** Ben, é certo que a decisión os únicos que a poden parar son os británicos, eu podo ser nisto en exceso idealista ou pardillo, pero eu creo que os procesos electorais británicos van ter ocasión de reflectir as consecuencias do *Brexit* e unha reflexión máis meditada. Non todos os laboristas nin todos os conservadores están a favor do *Brexit*, e hai algún partido, como o socialdemócrata liberal, que está a favor da permanencia na Unión Europea. O tempo irá dicindo se electoralmente as consecuencias o pobo inglés as vai sentindo.

Desde logo, eu non criminalizo o pobo inglés, senón que simplemente comparto a posición de tantos británicos, escoceses, galeses, ingleses e norirlandeses que lamentan este abandono da Unión Europea.

O que si fixen foi reflexionar sobre a importancia das maiorías cualificadas segundo para que tipo de decisións, e simplemente me remito ao que dixo o Tribunal Constitucional canadense en relación co abandono do Quebec da Unión Canadense.

Quero agradecer ao señor Lago a súa intervención, estamos de acordo en que o *norueguismo*, entendido como ausencia de restricións, xerou moitos dos problemas da sociedade actual, empezando pola crise financeira. Non estou tan de acordo en que a Unión Europea estea traballando sobre esas premisas neoliberais, creo que é ao revés. E algunha das críticas que callou no Reino Unido foi, precisamente, que hai un exceso de regulamentación europea sobre cuestións que, ao mellor, deberían estar máis abertas.

E si estou, tamén, bastante de acordo co déficit institucional, intentaremos achegarnos a través da emenda do Partido Socialista a algo do que vostede dixo, pero eu, en todo caso, quero agradecerlle o ton, en xeral, o recoñecemento e a importancia desta cuestión sobre a economía galega, aínda que se amplíe con outras cuestións.

Sobre as emendas. O Bloque Nacionalista Galego creo que desenfoca o problema, presenta unha emenda de substitución e a que a defendeu aquí veu dicir algo así como que hai que procurar un mundo diferente. Eu nin sequera lle encargaría á Xunta, por se acaso, permítanme o chiste, un informe sobre como podería ser un mundo diferente. Eu creo que hai que centrarse no problema do *Brexit*, é un problema suficientemente complexo e o suficientemente concreto como para que a Xunta encabece unha análise de a que sectores afecta e como se poden protexer fronte aos efectos nocivos que teña o *Brexit*. E eu enfaticei tamén nas persoas, como fixo o portavoz de En Marea, porque certamente hai moitas persoas galegas que teñen familia, que emigraron ao Reino Unido. Eu, ademais, teño un coñecemento moi directo delas e sei o drama persoal que está supoñendo para moitas delas esta división social onde, de repente, persoas, veciños que eran amigos se converten en xente que fala mal dos estranxeiros, dos españois, dos galegos e de quen se mova que non sexa *british* de toda a vida.

A emenda do Partido Socialista ten unha redacción lixeiramente confusa porque non se entende moi ben que é o que ten que vir ao Parlamento.

O Consello de Acción Exterior ten representantes de moitas persoas, por iso entendemos que é o órgano que debe de facer o informe, ou que debe de estar ao tanto e seguir todas as consecuencias do *Brexit*. Non hai ningún inconveniente en que tamén vaia o CES, aínda que hai

empresarios e sindicatos representados no Consello de Acción Exterior de Galicia. Non hai inconveniente tampouco en que veñan ao Parlamento as conclusións dos informes, porque eu creo que máis que falar do informe habería que ir falando de informes, conforme vaiamos coñecendo cal é a evolución do proceso de saída, e de posterior negociación de como se relaciona o Reino Unido con Europa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Polo tanto, eu creo que, se lle parece ben, podemos intentar chegar a unha transacción sobre a súa emenda para que o Goberno se comprometa a informar a Cámara, por unha banda, e tampouco é ningún inconveniente que o CES se pronuncie sobre o traballo que faga o Consello de Acción Exterior de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PUY FRAGA:** Por tanto, quedamos para facer esa negociación.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Vero e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:*

*«Elaborar, por parte das Consellerías de Política Social e de Educación, un Plan para a actualización e consolidación da rede galega de prazas de escolas infantís e casas niño, en colaboración cos concellos, e un Plan para a creación de escolas infantís vinculadas ao mundo do traballo e aos centros de traballo da Xunta de acordo con sindicatos e coa colaboración da patronal, de xeito que en 2020 se dea cobertura a todo o territorio galego.»)*

*(O G. P. dos Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Incrementar, durante esta lexislatura, o número de prazas públicas no primeiro ciclo de educación infantil ata niveis en que se elimine a lista de espera en centros públicos, e non sexa preciso incrementar os concertos con entidades privadas.*
- 2. Poñer en marcha nos vindeiros catro anos prazas públicas de escolas infantís en todos os polígonos industriais da comunidade autónoma galega.*
- 3. Comezar durante este curso 2016-2017 a abrir en cada localidade o número de escolas infantís públicas precisas para cubrir a demanda existente en época de vacacións escolares, garantindo que a ratio mínima será dunha por localidade, sen que sexa preciso reunir un mínimo de 15 alumnos e alumnas para a apertura da escola infantil como se require a día de hoxe.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Proponse a substitución da parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:*

*Considerar o tramo de 0-3 anos como etapa de educación infantil, e integrala no ámbito da consellaría competente en materia de educación.*

*Poñer en marcha un plan para, na presenta lexislatura, poder ofertar o número de prazas que cubra a demanda existente en todo o territorio galego.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, para asegurar o futuro dun pobo, dunha cidade, dunha vila ou dunha aldea é imprescindible a vida. Para asegurar a vida, a continuidade da vida, é imprescindible o relevo xeracional, e para asegurar o relevo xeracional é imprescindible garantir o futuro. E, simplificando moito moito, se queremos garantir o futuro, precisamos unha economía saneada e activa que principalmente favoreza a xeración de emprego —emprego estable e de calidade— e recursos que permitan financiar a prestación de servizos, e tamén necesitamos poboación nova, novas xeracións que dean o relevo xeracional, que pasen o testigo.

De entre os obxectivos prioritarios que o presidente da Xunta fixaba para esta lexislatura facía fincapé en dous de especial transcendencia para o tema que hoxe nos ocupa: orientar a recuperación económica cara a unha economía viable e sustentable para os vindeiros anos, dándolle, por exemplo, unha maior fortaleza ao rural, e seguir mellorando os servizos públicos co fin de consolidar a Galicia como lugar máis atractivo para nacer, pero tamén para vivir.

En Galicia, como en xeral no resto do Estado, e incluso en boa parte do noso continente, pero especialmente en Galicia, temos —e non é nada novo— un grave problema de envellecemento da poboación. Hai que lembrar que o 70 % dos concellos da comunidade autónoma presentan un saldo vexetativo negativo. É un problema para o que non hai ningunha receita máxica e para o que non hai ningunha receita nin solución inmediata. É un problema que temos que tratar de forma transversal co horizonte posto a medio e longo prazo, tal e como se recolle no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Estou convencida de que todos os que estamos nesta Cámara somos conscientes dos retos que supón a pirámide poboacional invertida, cos servizos sociais e a sanidade na punta do iceberg. Dende logo, é algo prioritario na axenda do Goberno galego atraer e conservar no noso territorio familias con cativos e asegurar o futuro. E aínda que esa atracción abarca o conxunto da comunidade hai que ter claro que é preciso incidir naquelas zonas que máis o precisan, naquelas zonas onde hai menor poboación xa nestes momentos e onde ademais está máis envellecida, que ademais suelen coincidir estámonos a referir sobre todo a zonas do interior e a zonas de montaña.

Neste senso, son moitas as medidas adoptadas e as partidas orzamentarias habilitadas dende os distintos departamentos da Xunta de Galicia, porque, como xa dixen, isto só se pode atallar dende un punto de vista transversal. Exemplos destas medidas, por poñer só algunhas enriba da mesa, son: as axudas directas á natalidade, como a tarxeta Benvida ou mesmo o bono Concilia ou o bono Coidado; as axudas para material escolar; o programa de redución de impostos con «impostos cero» no rural e tamén redución de impostos para a adquisición de vivendas no rural; os plans de melloras de explotacións agrarias ou de incorporación de xoves ás explotacións; os incentivos de creación de empresas no rural, non só daquelas empresas vencelladas ao mundo rural directamente, senón de empresas en xeral; a aplicación de actuacións en melloras de infraestruturas básicas para o rural, poden ser camiños, abastecementos, saneamentos, etc.; e mesmo axudas para os retornados, para esas persoas que, estando fóra, queren crear aquí a súa empresa ou para aqueles xoves que se foron, para que volvan e poidan facer aquí os seus estudos.

Está claro que se pretendemos atraer os mozos ao medio rural, fixar poboación nova nas nosas aldeas, poboación nova na que dependa o seu medio de vida directa ou indirectamente do que se está a producir no medio rural, o que si necesitamos é a prestación de servizos. Temos que garantirilles e ofrecerlles servizos iguais aos que poderían atopar en calquera cidade.

E neste contexto, con este fin, é polo que o Grupo Parlamentario Popular trae á Cámara hoxe esta proposta na que instamos a Xunta de Galicia a consolidar o recurso das casas niño, para que de aquí ao ano 2020 todos os concellos de Galicia dispoñan dun recurso para a conciliación.

As casas niño son un dos recursos previstos na área de conciliación do Programa de apoio á natalidade, o PAN, un programa global que persegue e dá resposta ás necesidades das familias galegas, garante o seu benestar e apóiaas de maneira integral e continua. Vostedes xa o saben, aquí xa se falou dos distintos ámbitos que ocupa o Plan Axuda, o Plan Concilia e o Plan Servizos.

As características das casas niño, as casas que están dentro dese programa, son ben coñecidas, pero creo que é preciso aínda lembralas unha vez máis, poñer en valor aquí o que supuxo esta medida para o medio rural.

As casas niño supoñen unha atención integrada, personalizada, para aqueles cativos que están no rural; cativos que viven en concellos de menos de 5.000 habitantes e cativos que, por tanto, moitas veces se atopan con que en todo o municipio só hai catro ou cinco menores de 3 anos, ás veces nin sequera iso. Pero son nenos que necesitan ter eses coidados e familias, nais e pais, que necesitan tamén poder ter a conciliación e que necesitan poder acudir a ese recurso. O que se lles ofrece nas casas niño é que, cun máximo de 5 persoas, de 5 nenas ou nenos, van ser atendidos no seu municipio e van ser atendidos por unha persoa que ten unha especialización; unha especialización a través da formación que xa tivera con anterioridade ou mesmo dos cursos que a propia Xunta de Galicia lle tivera prestado.

Vai ser, ademais e está sendo xa, un servizo totalmente gratuíto para as familias. E, por tanto tamén, ademais de ser gratuíto, de estar no seu municipio, vai ser un servizo, ou está sendo un servizo, que pode facerse á carta. Os pais deciden coa persoa que coida os nenos cales son os horarios nos que teñen que levar os nenos e cal é o momento en que os van recoller. Ademais, a coidadora —basicamente coidadora, porque ata o momento a maioría das persoas que teñen a formación requirida son mulleres, e aquí eu faría tamén un chamamento para que, en aras da verdadeira igualdade, tamén os homes se apuntaran a estas profesións—, a persoa coidadora, garante que sempre os pequenos van ter esa atención que necesitan. E, ademais, terá que ser unha persoa que resida nun núcleo rural.

Por todo isto, estou convencida de que todos vostedes, todos os grupos que aquí continuamente falan de que queren potenciar o rural —hoxe mesmo o señor Villares facía referencia na súa pregunta ao presidente da necesidade de que todos os galegos e galegas tiveramos os mesmos servizos, independentemente de onde viviramos—, apoiarán hoxe esta proposta co apoio de toda a Cámara. Unha proposta, a das casas niño, que tivo na pasada e primeira edición 49 solicitudes, 40 cumprían os requisitos e 30 están xa funcionando nestes momentos. Ademais, está funcionando 1 na Coruña, 3 en Pontevedra e, como dicíamos, alá onde máis se necesitan, 8 en Lugo e 18 en Ourense.

Esta medida incluída —xa o dixemos— no PAN, no Programa de apoio á natalidade, xunto con outras, ademais de converter a Galicia nun referente na asistencia hoxe ás familias e aos nenos que viven no rural, converte a Galicia tamén nun referente en canto a un novo concepto dos servizos sociais; uns servizos sociais nos que as necesidades dos usuarios ocupan o lugar principal para o seu deseño. É unha nova maneira, un novo xeito de entender os servizos.

Os obxectivos que persegue responden punto por punto ao que todos queremos, como xa dixen, para o noso rural, ou polo menos ao que eu entendo que todos os membros desta Cá-

mara queremos para o medio rural. Aténdense as necesidades de conciliación das familias, créanse recursos, por tanto, de conciliación, danse oportunidades para atraer á xente nova que vai ter servizos, danse oportunidades para que esa xente nova poida ter un traballo no medio rural, favorécense a equidade e os servizos, con independencia do lugar onde se vive e, por tanto, trabállase no reequilibrio territorial. Contribúe, por tanto, a promocionar a igualdade entre homes e mulleres e, sen dúbida, é unha medida máis, un pequeno grao que axudará e que terá que ir facendo a montaña da revitalización demográfica, para que o declive demográfico deixe de existir e vaíamos cara a un relevo xeracional.

Dende o Grupo Popular consideramos que este é un modelo axeitado para conseguir un desenvolvemento, un impulso ao rural e tamén un impulso á demografía. É por iso que estou convencida —e dende aquí voulo pedir unha vez máis— de que deben dar o seu apoio se realmente cren no rural, se realmente cren na igualdade, se realmente cren na conciliación e se realmente cren que todas as galegas e os galegos temos os mesmos dereitos e temos que ter os mesmos servizos...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...independentemente de onde nacésemos ou de onde esteamos vivindo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Arias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

É evidente que unha aposta polo rural do noso país non ten que pasar por —como comprenderá, señora Arias—, necesariamente, apoiar o modelo do Partido Popular; realmente un modelo non baseado en impulsar auténticas potencialidades, senón en intentar estender ese modelo privatizador tamén no que respecta á atención á infancia.

Co retorno do Partido Popular ao Goberno galego comezou o fin do modelo educativo público tamén para os nenos e nenas de 0 a 3 anos. O primeiro que fixo o Partido Popular foi rematar co modelo das galescolas, que era o inicio dun modelo público para os nenos e nenas na primeira etapa da súa vida, e substituílo por un modelo claramente privatizador. E o que fixo de entrada foi ir desmantelando as escolas infantís como servizo público, foi recortando persoal, foi reducindo horarios, eliminou a parella educativa, subiu os prezos...; é dicir, foi deteriorando o servizo público dos centros públicos nas escolas infantís. Tomou a decisión o Partido Popular por privatizar servizos básicos converténdoo en negocios para as empresas privadas ás que se lles concede a xestión privada dos centros.

Esta decisión tomada por parte da Xunta de Galiza supón unha involución evidente, unha involución clara respecto das políticas de creación de centros públicos; deu marcha atrás na



consolidación dunha rede pública para a etapa de 0-3 anos, optando pola privatización e o empeoramento da oferta educativa e das relacións laborais.

Acaba de facer aquí unha exposición a deputada do Partido Popular, a señora Arias, facendo un chamamento ao tema laboral. Dende logo, o recurso do que nos está a falar non é un exemplo para poñer como saída laboral. Eu sei que o Partido Popular quere chamarlle emprendemento a todas esas cuestións que levan as persoas a meterse en temas que non teñen moitos visos de continuidade; un proxecto que só exige a continuidade, a permanencia, ata o ano 2019, co cal, recursos públicos nun plan piloto que non se sabe canto vai seguir. A min recórdame a toda aquela etapa do turismo rural, onde se pagou a rehabilitación de vivendas e demais, cunha permanencia moi escasa, e que foi obxecto de gran propaganda —igual que esta— por parte do Partido Popular.

Dende logo, fronte á priorización da extensión da rede pública, opta o Partido Popular polo modelo de privatización, un modelo que deixa de concibir a etapa de 0-3 como unha etapa claramente educativa. Lonxe do acordado e do prometido polo Partido Popular, deixa de concibir esa etapa de 0-3 como unha etapa educativa e pasa a concibilala como unha etapa meramente asistencial, ao tempo do desmantelamento ao que fixen referencia das escolas infantís como servizo público. Tamén levou a cabo o finiquito da iniciativa «Preescolar na casa», que tan bo resultado tiña dado; polo tanto, finiquita un modelo público de galescolas, finiquita a iniciativa de «Preescolar na casa» e pon en marcha o que chama unha nova oferta de conciliación. Incumpre, pois, o acordo de que esta etapa de 0-3 pasase a ser considerada educativa, pasase a depender da Consellería de Ensino, e pon en marcha un modelo claramente asistencial.

No BNG non concordamos con este modelo e por iso presentamos unha emenda na que demandamos, en primeiro lugar, considerar o tramo de 0-3 como unha etapa de educación infantil integrada no ámbito da consellería competente en materia de educación e logo poñer en marcha un plan para, na presente legislatura, poder ofertar o número de prazas públicas que cubra a demanda existente en todo o territorio galego. Esta etapa de 0-3 resulta fundamental no desenvolvemento infantil, non pode ser allea á concepción educativa, non pode atribuírselle un carácter meramente asistencial, non pode ser un recurso de conciliación. Hai o dereito dos pais e das nais a poder desenvolver a súa actuación profesional, pero tamén está o dereito dos nenos e nenas a ter unha educación desde os primeiros meses da súa vida...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Non temos que darlle nós o acento de asistencial senón claramente de educativo.

A educación nestes primeiros anos da vida constitúe un dos principais recursos para a compensación das desigualdades e, dende logo, con este modelo que está a impulsar o Partido Popular non se consegue esta cuestión. Co cal, agardamos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**A señora PRADO CORES:** ...que o Partido Popular acepte a emenda do BNG e se comprometa ao que fixeron no seu momento, que era incluír esta etapa de 0-3 na etapa educativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

O primeiro, señora Arias, que chama a atención da súa intervención é que, precisamente hoxe, o Día da igualdade salarial, cando en Galicia existe unha fenda do 21 % dos salarios, onde cobramos menos de 4.700 euros ao ano que os homes, vostede faga un chamamento a que os homes se unan ao coidado dos nenos e que faga un chamamento a que participen nas casas niño, que está ben, e nós non nos opoñemos, pero, dende logo, nós concibimos a igualdade doutra maneira. E se vostedes queren empezar a loitar pola igualdade, o primeiro que teñen que facer —e máis hoxe, precisamente, que se está a celebrar este día— é poñer en valor e recuperar a Lei de igualdade do traballo que o Partido Socialista, da man do señor Touriño, puxo en marcha nesta comunidade autónoma. Comézase por aí para falar de igualdade. E dunha reivindicación histórica social, como é a eliminación da fenda de salarios, pasamos a outra, a outra que vostede non enmarcou ata o final da súa intervención no marco da igualdade entre homes e mulleres. Levouno como unha cuestión para solventar o problema demográfico e en ningún momento como un recurso esencial para loitar pola igualdade entre homes e mulleres.

E, cando revisamos a iniciativa, o primeiro co que nos atopamos, como ben sendo habitual, é con que se trata dunha iniciativa urxente, que exige un posicionamento inmediato do Parlamento e Galicia. E, claro, isto chama a atención, e témosllo dito en moitas ocasións cando vostedes, despois de máis de trinta anos, se van dando conta agora —agora se dan conta— de que os servizos públicos que vostedes desmantelaron no medio rural están impedindo non soamente que se fixe poboación senón que a pouca que queda aínda non se manteña.

A única urxencia que hai nestas iniciativas que trae o Partido Popular é a de facer iniciativas botafumeiro, iniciativas que perfumen o ambiente desta Cámara, da mesma maneira que se empezou a facer no século XI na catedral de Santiago para eliminar determinados cheiros que había na catedral. Pois isto soa a eliminar o hedor que despiden algunhas das políticas en materia de política social, e non soamente esas, senón directamente as relacionadas co medio rural.

Á marxe disto e xa entrando en materia, cando falamos de escolas infantís, a verdade é que segue asombrando, señora Arias, que vostede veña aquí presumir, porque eu non sei de que. ¿Número de escolas infantís? Na memoria de orzamentos do ano 2016 ían crear 592, e resulta que se crearon 350 prazas; é dicir, que nin sequera están cumprindo os seus compromisos.

O mesmo se falamos do estado en que se atopan esas escolas infantís, infradotadas de persoal e de medios. E voulle poñer un exemplo, porque di o presidente da Xunta que non pi-

samos o territorio. Voulle poñer un exemplo para que, se vostede quere, se desprace ata alí. Galiña azul de Xinzo da Limia: os pais e as nais levando o papel hixénico ao centro, a petición da dirección do centro. Iso está ocorrendo, señora Arias. Non ocorría antes e está ocorrendo agora. Iso é unha mostra máis dos retallos que levan feito vostedes. E nós estamos a favor, por suposto que si, das casas niño, parécenos unha boa iniciativa —e quero dicilo hoxe aquí— das casas niño como recurso para a conciliación, non como un recurso para a corrupción, e explícome. Cando vostede fala de creación de postos de traballo no medio rural a través das casas niño, entendo, señora Arias, que non se refire á creación de postos de traballo en fillas de alcaldes do Partido Popular. Entendo que non se está referindo a iso, entendo que non se está referindo á creación de postos de traballo no concello de Leiro, entendo que non se refire á creación de postos de traballo no concello da Lama..., e, se quere, pode seguir. Esa é a especialización da que vostedes falan.

Ben, como lle dicía, esa é a especialización que vostedes están proponendo: a busca de emprego a familiares do Partido Popular no medio rural. Seguen vostedes sen cambiar en absoluto e seguen a perpetuar ese modelo caciquil no interior da nosa comunidade autónoma de maneira fundamental.

Gustárame, señor presidente, poder continuar porque a verdade...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Garden silencio e escoiten a quen está no uso da palabra, por favor.

Por favor, continúe.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Vale, grazas.

A respecto desta iniciativa, posto que consideramos que está baleira de contido, como moitas outras, o Grupo Socialista presentou emendas nas que o que pretendemos é que se incremente o número de prazas públicas en escolas infantís, que se poña en marcha aquilo que sempre prometeu o señor Feijóo da creación de prazas públicas en polígonos industriais —e resáltoo, repítoo, e quero ser reiterativa porque de nada vale que sexan privadas— e, por suposto, que aquelas escolas que aínda non abren en época de vacacións o fagan, que se poñan en marcha tamén en períodos de vacacións escolares, porque todos e todas sabemos que é difícilísimo conciliar para aquelas nais e pais que traballan.

Nós esperamos, señora Arias, que acepte as nosas emendas e que poidamos chegar a un acordo para que se amose tamén, como nos dicía vostede na súa primeira intervención, a vontade do Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...por loitar pola igualdade e por solventar o problema demográfico neste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Acabo de comprobar que as compañeiras dos grupos da oposición, cando lemos esta iniciativa, penso que pensamos o mesmo: a iniciativa de propaganda pola vía de urxencia que toca hoxe.

Ben, presentamos, aínda así, emendas e vexo que o fixemos todos os grupos, porque entendemos que si, que podemos estar de acordo co recurso de casas niño, ¿como non?, temos un compañeiro que ten unha montada na casa. (*Murmurios.*) Non, non é alcalde do PP, porque, sendo alcalde, impediu...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, garden silencio.

Garden silencio, grazas.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...que no seu colexio se instaurara un cátering en favor de que se seguise xestionando directamente a cociña para que os nenos e nenas tivesen unha calidade na alimentación. (*Aplausos.*) Pero, en fin, alcalde do que nos sentimos moi orgullosos.

Dicía que esta iniciativa, a pesar de que, claro, podemos apoiar as casas niño no rural, ¿como non?, atravesamos unha serie de debates que pensamos que son de gran calado e que merecen sentarse, como dixo a señora Blanco, a pensar en como podemos facer para que haxa un gran pacto polo ensino infantil de 0-3 anos.

En primeiro lugar, para En Marea, contar con recursos de conciliación en todo o territorio galego entendemos que debe ser unha prioridade dun goberno dun país socialmente avanzado, e máis se estamos a falar dunha nación en grave regresión demográfica. E aquí agrádame que coincidamos no debate, señora Arias, porque vimos dun lugar onde palpamos o que significa iso, onde palpamos o que é a extinción dun país. Dámoslle un dato ao resto da Cámara: en tres décadas o colexio público pasou de 500 nenos e nenas a ter medio cento. Iso, por certo, coincide cun debate que fixemos na anterior PNL e que é consecuencia do xeito en que o noso país entrou no mercado común. Así que, para falar de potenciar o rural, primeiro, outro modelo de construción europea que non sexa agresivo cos seus intereses.

Pero, volvendo ao fío, as políticas de apoio ás familias nun sentido progresista, dicía, deben estar sustentadas en servizos públicos, universais e de calidade na atención á infancia de 0-3 anos. Neste sentido, o ciclo de educación infantil tense constituído como un recurso de conciliación, na práctica máis para nais que para pais porque, como xa se ten dito aquí, seguimos sendo quen máis dedicamos o tempo ao coidado de fillas e fillos. Pero tamén este carácter de apoio a familias non é o único. As estatísticas mostran que a escolarización temperá mellora o rendemento académico e que a educación infantil é así un factor básico de equidade clave para compensar desigualdades de partida e que contribúe a mellorar o posterior éxito escolar. Neste sentido, entendemos o ensino infantil como un dereito, en Marea

enténdeo como un dereito fundamental, e por iso coincidimos na necesidade de que esta competencia acabe na Consellería de Educación.

Sen embargo, como xa se ten exposto, a Xunta considera máis isto no seu aspecto da conciliación, de feito no Plan de dinamización demográfica que citaba, no seu obxectivo estratéxico número 1 da área de intervención 3, que se refire a estas medidas de conciliación, non se contempla —non entendemos como non é así— a colaboración entre a consellería de Política Social e a Consellería de Educación.

Pero, en fin, falando estritamente de conciliación, tamén vemos que hai unha serie de debates que non se poden despachar só con dicir: a Xunta aposta pola conciliación porque pon casas niño. Por exemplo, non se concretou aínda como se van dotar os parques empresariais desas escolas infantís, medida que nós entendemos que debe ser en colaboración con patronais e sindicatos e que debe supoñer a implicación das propias empresas na dotación destes recursos. Non se pode despachar isto con que a Xunta lles pon ás empresas unha escola infantil.

Tampouco entendemos como se merma a colaboración cada vez máis coas administracións locais que dispoñen destes recursos, porque mentres se facilita os pagos ás entidades de iniciativa privada que teñan estes puntos de atención á infancia, os concellos están cun sistema de subvencións nos que se retrasan as ordes de pago, e isto orixínalles moitos problemas.

Tamén entendemos que unha verdadeira filosofía de aposta pola conciliación debía conlevar que a propia Xunta crease recursos de conciliación nos edificios públicos, como empregadora que garantise este recurso para o seu persoal.

Tamén aquí neste Parlamento, onde estamos obrigadas a legislar en favor do pobo galego, ¿como non damos exemplo?, tendo tamén unha escola infantil á disposición de todo o persoal, (*Aplausos.*) mesmo para as persoas que veñan aquí aos debates no Parlamento e que teñan nenos e nenas ao seu cargo, que os poidan deixar nesta escola infantil; tamén para parlamentarios, claro que si.

E, en canto ao recurso de casas niño, está ben, pódese mellorar, pero precísase estendelo de acordo cunha planificación territorial seria e no marco dun plan educativo para a primeira infancia; por iso o sentido da nosa emenda.

Tampouco entendemos como se pode presumir de estender a educación no rural cando o seu Goberno eliminou aquel programa de Preescolar na Casa, que era vangarda a nivel internacional, era recoñecido, e despachouno a señora Beatriz Mato —que agora mesmo non está— cun simple “non vale”.

Non entendemos tampouco como se teñen pechado escolas no rural ou como non se ten apostado —onde era posible— por un modelo de escolas unitarias que, fronte a esa caricatura que se lles facía de escolas pobres, eran escolas que podían garantir un bo modelo de ensino no rural.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** En fin, a isto engadamos que precisamos —xa o dixo vostede— outras políticas económicas e de emprego, porque, como dixo a comisionada para o reto demográfico, non hai conciliación sen traballo co que conciliar.

Así que falemos aquí de demografía —non é observatorio—, falemos aquí dun plan educativo para a primeira infancia e non só de medidas de propaganda. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

A verdade é que sorprendida, decepcionada, estrañada, contrariada, non sei cal sería o cualificativo que eu usaría para falar despois de telas escoitado. Desde logo, claramente sorprendidísima cando a señora Blanco Rodríguez nos está dicindo que non entende iso de como podemos traer aquí que os homes fagan eses traballos tamén para coidar os nenos, ¿que é iso da igualdade?

Mire, a igualdade é que os homes poidan coidar os nenos igual que os poidan coidar as mulleres, e se vostede me está dicindo que iso é porque gañan menos, ¿vostede quéreme dicir que coidar os nosos fillos e fillas é ter un traballo de segunda categoría? Mire, iso será para os seus, para os meus non, xa llo digo agora. *(Aplausos.)* Realmente me ten sorprendida.

E tamén me sorprendeu —e creo que a toda a Cámara— cando vostede está a falar de supostos enchufismos para a xente do Partido Popular, e xa non llo tiven que dicir eu. As casas niño déronse ás persoas que cumprían os requisitos, militasen onde militasen ou non militasen en ningún sitio; aquela persoa que cumpría os requisitos tivo unha casa niño, e aquí o puidemos ver.

E, por suposto, señora Verao, podemos falar cando vostede queira —e será un debate interesante ao longo do tempo que nos queda— deses recursos nas administracións, deses recursos para os funcionarios, incluso no Parlamento. Pero, por favor, ¡non me use vostede a palabra de “para as parlamentarias”, que os parlamentarios tamén teñen fillos e tamén teñen que conciliar! *(Aplausos.)* Ás veces sinceramente non os entendo, ás veces sinceramente non entendo aqueles que levan a bandeira da igualdade e logo o subconsciente os leva a estes lapsus.

Como, sinceramente, tampouco entendo a súa defensa do rural. Vostedes continuamente aquí, nesta Cámara, fóra, nos mitins, cada vez que falan da defensa do rural, de que hai que defender, de que o PP ten abandonado o rural, ten abandonada a montaña, ¿e agora vostedes están en contra ou din estar en contra das casas niño? Sinceramente non o entendo. Sinceramente está claro que vostedes usan o rural como un slogan, como unha arma política, pero logo non os preocupa realmente o rural. *(Aplausos.)* Miren, a nós si nos preocupa, ¡eh!, a nós si nos preocupa.

Ou ao mellor si os preocupa o rural, e o que teñen é un discurso totalmente partidista, e como esta é unha proposta que fai o Partido Popular, xa non a lemos. Partido Popular, dici-

mos que non. Dáanos igual se é boa ou mala para os galegos e as galegas. Se o propón o Partido Popular, como somos oposición, temos que dicir que non.

Pois miren, nós non estamos nesa dinámica. Nós estamos para axudar os galegos e as galegas, independentemente de onde vivan, e para axudar as galegas e os galegos do rural, e fagan o que vostedes fagan ou digan o que vostedes digan, imos seguir ata o último momento pedindo o seu apoio.

E mire, se querían falar de prazas de infantil, de prazas de escolas infantís, imos dicirllas: no 2009 —non vou falar do Bipartito, ¡eh!, só cifras—, 2.681...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...no 2016, 22.316. Incremento co Goberno de Núñez Feijóo: o 76 % en prazas de escolas infantís; ese é o incremento. (*Aplausos.*) Incremento de orzamento para prazas de escolas infantís: o 126 %. Ese é o incremento do Partido Popular, esa é a aposta do Partido Popular pola conciliación e pola atención aos nosos nenos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

Posiciónese sobre as emendas.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** En canto ás emendas, a pesar do que aquí se dixo, aínda creo que temos marxe de manobra. Nós queremos chegar a este punto cunhas propostas que poñamos aínda acordar, e gustaríanos que os galegos e as galegas viran que neste punto de apoio ao rural e á natalidade no rural toda a Cámara está de acordo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Entendo que van intentar chegar a un acordo. Xa me comunicarán despois se é posible ou non.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas dadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, e para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día de novo. Moitas grazas, señor presidente.

Penso que é unha proposición non de lei na que imos poder poñernos de acordo, porque beneficia a todos os concellos de Galicia, e, ademais, beneficiaos nuns importes económicos moi salientables.



En cinco sentenzas do pasado mes de decembro, o Tribunal Supremo avala que os concellos graven as empresas eléctricas, de gas e outros servizos pola utilización do dominio público das súas instalacións de transporte de enerxía cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

A Lei reguladora das facendas locais estableceu en 2004 que as eléctricas —cos seus tendidos de todo tipo, de tensión—, as empresas de gas, de auga e hidrocarburos deben pagar aos municipios aos que subministren, por aire, chan ou subsolo, un 1,5 % da súa facturación no termo local, e que tamén están obrigadas a pagar por atravesar os municipios, aínda que non lles subministren enerxía, taxa que debe fixar un informe técnico-económico.

Pois ben, até o de agora as empresas non pagaron por atravesar os termos municipais, porque ou ben non recoñecían a taxa ou ben consideraban que era desproporcionada. O Supremo avala agora as ordenanzas fiscais do ano 2014 de varios concellos, entre eles o de Arteixo, ademais unha ordenanza moi ben redactada, que establecía a regulación e as tarifas da taxa.

O alto Tribunal acepta que os concellos valoren como construcións as liñas eléctricas de alta tensión e as canalizacións de gas, hidrocarburos, etc., para efectos do cálculo da base imponible, da taxa por utilización do dominio público local.

En contra do criterio das empresas, o Supremo valida este gravame, que se fixa tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento se os bens afectados non fosen de dominio público.

O cálculo das tarifas da taxa débese realizar de acordo cun estudo técnico-económico, que inclúe o valor do inmovible, sumando o valor catastral do chan —rústico, con construcións— ao valor das instalacións, e a base imponible é resultado de multiplicar ese valor do inmovible ao coeficiente de relación co mercado e á ocupación en metros cadrados que corresponde a cada metro lineal das liñas ou das canalizacións. É dicir, esta sentenza vén recoñecer que a valoración non é só polos metros cadrados rurais que afectan as instalacións, senón polo valor en si mesmo das ditas instalacións, como se fai con calquera inmovible en calquera imposto de taxa municipal.

As sentenzas conclúen que os concellos aplicaron para determinar a taxa uns parámetros obxectivos, proporcionados e non discriminatorios.

Esta taxa, recoñecida polo Tribunal Supremo, pode supor unha importante achega económica para concellos rurais ou de montaña —de feito, o cálculo do propio Concello de Arteixo é de varios millóns de euros—, que levan sufrindo desde hai moitos anos as consecuencias e os inconvenientes de seren cruzados por infraestruturas eléctricas e de gas polas que até agora non eran compensados.

A realidade é que as compañías xa saben que van ter que pagar esta taxa, porque é unha sentenza xa non recorrible; levan recorrendo este tema desde hai máis de dez anos. Agora van ter que pagar, pero vano querer facer poñendo todas as trabas, desde o punto de vista do que hai que facer, que son os estudos técnico-xurídicos para adecuar tanto as ordenanzas



como a valoración a un prezo de mercado que sexa defendible. Moitos dos concellos non van ter capacidade para desenvolver estes estudos.

Ademais, as compañías eléctricas van dicir que as valoracións son desproporcionadas. Haberá que xustificar moi ben que non. De feito, a referencia ás tres ou catro que xa hai, unha delas a do Concello de Arteixo, está moi ben fundamentada e establece xa un punto de partida que o propio Tribunal Supremo considerou axeitado a dereito.

Ante todo isto exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir, de maneira urxente, para facilitar o traballo aos concellos para poder desenvolver os estudos técnico-económicos que dean base ás ordenanzas fiscais e á fixación das taxas correspondentes.

Tamén un tema a ter en conta é que as compañías, cando vexan que este tema xa non poden rexeitalo, van tentar, segundo a actual Lei eléctrica, trasladar o pago destas taxas aos consumidores. Ese é un tema que está na Lei eléctrica, e é un tema que, no desenvolvemento do novo modelo eléctrico no que estamos a traballar —e que presentaremos nun prazo relativamente curto—, pretendemos modificar esa lei, eximindo dese tema de que ao final sexan os propios afectados polas instalacións eléctricas os que paguen as taxas das empresas eléctricas que están nos seus concellos.

Isto é inadmisíbel, é absurdo para a xente que ten un embalse, que ten liñas por todos os lados de 400 quilovoltios, co que todo iso supón de problemas cos móbiles, de problemas para a vida, para a afectación que supón para o espazo radioeléctrico xeral, para a propia estabilidade e benestar físico e psicolóxico da xente.

Este é un tema que haberá que afrontar, pero é moito máis complexo, e por iso pensamos que hai que atacar este tema concreto, porque é factíbel, é fácil e xa hai referencias moi concretas.

Desta maneira, plantexamos que «o Parlamento galego inste a Xunta de Galicia:

Primeiro. A elaborar un ditame sobre a doutrina xurisprudencial contida nas sentenzas de decembro de 2016 en relación coa utilización privativa ou co aproveitamento espacial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, e a súa aplicación á determinación e cálculo da taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, contida na Lei 6/2003, do 9 de decembro.

Segundo. A instar da Fegamp a elaboración, en coordinación e co apoio da Administración autonómica, dunha ordenanza tipo co estudo económico-financeiro de referencia correspondente, referido á taxa por utilización privativa e de aproveitamento para todo tipo de instalacións: de transporte, distribución, etc. —como xa mencionamos no punto anterior—.

E, finalmente, a aplicar posteriormente a doutrina no cálculo das tarifas da taxa autonómica.»

Resumindo, en vez de deixar en mans de moitísimos, de centos de concellos, ter que elaborar uns estudos técnico-xurídicos, que non terían capacidade de desenvolver, coller as referen-

cias xa apoiadas na sentenza do Tribunal Supremo —ademais, unha delas dun concello de Galicia—, adaptalo de maneira xenérica e poñelo en mans de todos os concellos, que, de maneira rápida —e incluso poderían entrar xa nos orzamentos deste ano, como digo—, poderían supoñer ingresos importantísimos para os ditos concellos, que poderían compensar en parte os problemas aos que os someten todo este tipo de instalacións no seu territorio.

E nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Casal.

Intervén por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

A nosa intervención é para anunciar, por suposto, o voto favorable a esta proposta, porque entendemos que estas sentenzas que se acaban de ditar no pasado mes de decembro —e unha delas, como se dixo, relativa a unha demanda contra o Concello de Arteixo— avalan estas ordenanzas fiscais reguladoras da taxa de ocupación do espazo público para aproveitamentos de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos pola utilización privativa do dominio público. Entón, hai que dicir, ademais, que estas sentenzas son resultado da teimosía das empresas privadas que teñen monopolios enerxéticos, que se negaron sistematicamente a pagar estas taxas e incumprir a lei que regula este tipo de taxas.

No caso galego —como xa se dixo— simboliza esta loita a favor desta taxa e deste regulamento o Concello de Arteixo. Foi unha especie de loita de David contra Goliat. Pero, ao final, os tribunais de xustiza déronlle a razón a estes concellos que estableceron esta ordenanza. E, polo tanto, é un punto de partida e un gran paso adiante para poder establecer esta norma con carácter xeral para os concellos galegos e tamén para a propia Xunta de Galiza. E hai que facelo, como se fixo xa por parte dos concellos que estableceron esta ordenanza, avalados polos conseguintes informes técnicos e económicos; no caso destes concellos, ademais, apoiados nun informe que xa fixera a FEMP para respaldar estas normas, que establecen o custo da taxa en función do valor do solo e tamén das canalizacións e instalacións; por exemplo, no caso das liñas eléctricas, dos tendidos eléctricos, que se equiparan a construcións.

Esta taxa permitiría, desde logo, que os concellos, as administracións públicas e a propia Xunta de Galicia incrementaran os seus recursos, os seus ingresos, tendo en conta ademais o déficit de financiamento que teñen as administracións locais. Trátase, polo tanto, de adoptar un acordo en defensa do interese público e fronte aos intereses das empresas privadas, que —como xa dixemos— se negaron sistematicamente a pagar esta taxa; empresas dese monopolio enerxético (como Rede Eléctrica, como Gas Galicia, como Unión Fenosa, como moitas outras empresas), ademais, que, como todos sabemos, son tamén as empresas das portas xiratorias, as empresas que teñen nos seus consellos de administración señores como De Mesa, señores como González, señores como Aznar, señoras como Elena Salgado, que cobran cuantiosos salarios por estaren neses consellos de administración, por defenderen os intereses desas empresas privadas.

Son as mesmas empresas, por certo, que espolian os nosos recursos naturais, que practican unha especie de versión moderna do dereito de pernada, que escaquean investimentos para manter as instalacións en condicións axeitadas ou que tamén racanean medios para facerlles fronte aos temporais, como acabamos de ver recentemente, e que reciben un trato de favor por parte do Goberno do Partido Popular, tanto no Estado como na Xunta.

Polo tanto, a nosa posición é favorable a que se faga este ditame, a que se aprobe, en consenso coa Fegamp, esta ordenanza tipo, que abra o camiño para que poida ser tramitada e aprobada por todos os concellos, e, polo tanto, que o Goberno da Xunta tome a iniciativa en defensa do interese público e que sexa unha iniciativa para incomodar os intereses dese monopolio enerxético que se beneficia dos recursos de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados.

Respecto desta PNL, como sabedes, o Tribunal Supremo avalou as ordenanzas fiscais do ano 2014 dos concellos de Arteixo, Serradilla e Villalcampo que establecían a regulamentación e as tarifas da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. A Sala Terceira do Tribunal Supremo aceptou que os concellos poidan catalogar como construcións as liñas eléctricas de alta tensión e as canalizacións de gas de cara ao cálculo da base imponible da taxa por utilización do dominio público local e rexeitou os recursos interpostos por Rede Eléctrica de España, Unión Fenosa e Gas Galicia, nos que se denunciaba esta práctica, que consideraban un erro e que provocaba, dende o seu punto de vista, un incremento non xustificable dos gravames. No caso de Arteixo, o recurso foi interposto por Gas Galicia.

Para isto, no cálculo das tarifas desta taxa calcúlase a partir dun estudo técnico sobre a base dun informe tipo elaborado pola Federación Española de Municipios e Provincias. O valor do inmovible é o resultado de sumar o valor catastral do solo con construcións ao valor das instalacións. A base imponible obtense multiplicando ese valor do inmovible polo coeficiente de relación co mercado e ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal.

O Supremo, en contra da posición das empresas, recorda que ao cuantificar a taxa non se trata de acadar o valor de mercado do solo polo que pasan as instalacións que determina o aproveitamento especial ou o uso privativo do dominio público local, senón o da utilidade que eses aproveitamentos ou usos reportan, polo que establece como admisibles todos os métodos que leven a cabo un valor que represente a utilidade no mercado obtida polo suxeito pasivo.

E, ao mesmo tempo, o Tribunal considera que, se se trata de valorar a utilidade que proporciona ao suxeito pasivo o uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público local pola instalación dos mencionados elementos relativos á distribución de electricidade, parece dende todo punto razoable tomalas en consideración, polo que nós estamos totalmente de acordo coa proposta, coa PNL que se nos presenta.

Pero non sei se é posible facer unha emenda, que no seu momento non fixemos por un erro, *in voce*. Non sei, señor presidente. ¿É posible? (*O señor Calvo Pouso pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Non? En calquera caso, podo manifestala e despois deciden. No punto número 2, onde se pon: “instar a Fegamp”, nós entendemos que nós non temos competencia para instar a Fegamp, pero si podemos pedir a súa colaboración e instar a Dirección Xeral de Administración Local para que conxuntamente axude as entidades locais a adaptar as súas ordenanzas.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidente.

Señorías.

Sempre se aprenden cousas novas: isto de que a oposición inste unha organización na que gobernan eles mesmos a facer algo supoño que é o que vostedes denominan unha iniciativa botafumeiro, pero bueno.

Eu lamento que hoxe non estea aquí o señor Sánchez, porque quería comezar felicitando o grupo propoñente —e fágoo ao señor Casal e esténdoo ao resto do grupo— polo magnífico gusto que amosou á hora de escoller as fontes nas que fundamentou esta proposición non de lei. Non sei se o feito de que acuda a esta Cámara propoñer a extensión para toda Galicia dunha medida impulsada por un concello gobernado polo Partido Popular, concretamente o de Arteixo, é unha afortunada excepción, ou se podemos ter a esperanza de que vostedes abracen un dos fundamentos ideolóxicos do Partido Popular, que é o sentido común. (*Risos.*) En calquera caso, paréceme unha boa nova que abandonen a defensa das propostas disparatadas que As Mareas de Podemos realizaron no exercicio do Goberno municipal e muden pola defensa de iniciativas ben fundamentadas, tanto xurídica como tecnicamente. Non perdo a esperanza, señorías.

Mire, o camiño é o axeitado pero aínda insuficiente, e explico por que. Primeiro, porque hai aspectos que mellorar. A comprensión da sentenza paréceme que non foi a axeitada. Porque, efectivamente, as sentenzas ás que aluden ratifican a decisión tomada polo Goberno presidido polo señor Cadelo. Iso demostra que o alcalde de Arteixo tomou unha decisión acertada respecto dos criterios que determinan o cálculo desta taxa. O éxito desa iniciativa radicou en que esa decisión non se baseou en ningunha ocorrencia, senón nun estudo previo que permitía concluír que a proposta tiña cabida dentro do marco legal e

que ademais estaba claramente determinado nas sentenzas ás que vostedes aluden, que din o seguinte.

Primeiro, que a cuantificación da taxa escapa á discrecionalidade administrativa e que ten que responder a un fin claro. Segundo, que a fixación do valor da taxa, que ha de responder ao principio de equivalencia, á marxe de manobra das autoridades locais, é certamente ampla; noutras palabras, a potestade local para cuantificar a taxa non é discrecional pero o método para calculala si o é. En todo caso, sempre que cumpra unhas condicións —terceiro punto—: que eses métodos e criterios deben ser obxectivos, públicos, transparentes, proporcionados, non discriminatorios e adecuados á finalidade que perseguen: determinar o valor que tería no mercado a utilidade obtida polo beneficiario coma se os bens non fosen de dominio público; uns e outros métodos e criterios, así como o valor no mercado da utilidade, deben poñerse de manifesto no informe técnico-económico, que se erixe en peza imprescindible para a cuantificación da taxa.

En definitiva, señoría, o que din as sentenzas é que establecen un marco xurisprudencial en que o método de cálculo establecido na ordenanza de Arteixo é válido, din que é válido, do mesmo xeito que deixan meridianamente claro que outros métodos de cálculo —incluído o autonómico contido na Lei 6/2003, do 9 de decembro— tamén o son.

¿E a quen lle corresponde determinar o cálculo desa taxa? Pois, no ámbito autonómico, evidentemente, á Xunta de Galicia, que a vén aplicando dende 2003, sen que se teña cuestionado a legalidade do seu método de cálculo; e, no ámbito municipal, a cada un dos concellos, en aplicación dun principio ao que se alude moito pero que se respecta pouco: a autonomía local.

E, no uso desa autonomía local, cada corporación municipal determinará libremente cal das distintas opcións do cálculo da taxa considera máis pertinente, máis acaída, ben sexa seguindo o cálculo da taxa autonómica, ben sexa seguindo o modelo de Arteixo, ben sexa seguindo calquera outro modelo que considere axeitado e que cumpra os requisitos que lles acabo de ler e que están recollidos nesas sentenzas.

Se precisan os concellos de menor tamaño axuda para lograr estudos socioeconómicos, eu creo que deben recorrer a quen ten a competencia de auxilio atribuída por lei, que son as deputacións provinciais, señorías, non é a Xunta de Galicia. (Risos.) Non se ría, señoría, o que ten que facer é ler a Lei de bases de réxime local, que establece precisamente iso: que a quen lle corresponde o asesoramento técnico-xurídico dos concellos de pequeno tamaño e con insuficientes recursos son ás deputacións provinciais; que non se trata de ocupar só os seus sillóns, trátase de levar a cabo as obrigas que lles imponen legalmente; non están alí para figurar, están alí para traballar —anoten o dato—.

Mire, non se preocupe. En todo caso, eu garántolle que, se calquera concello galego precisa da colaboración da Xunta de Galicia, vaina ter. E non se me ocorre poñer en dúbida que a Fegamp vai garantir exactamente a mesma colaboración. Eu, en todo caso, teño que dicir que creo que as taxas —e dígoo claramente, señor Bará— non están para incomodar a ningún nin creo que se deban tomar as decisións para incomodar a ningún.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Deben estar para beneficiar o interese público e, neste caso, para mellorar a recadación nos concellos. Aí vannos atopar. Se o que queren é simplemente lío por lío, niso non.

Reitérolle a miña felicitación polo camiño emprendido. Espero que sigan por ese camiño. E permítome recomendarlle que explore outros conceptos, longamente defendidos polo Partido Popular, como é o da liberdade, e neste caso a liberdade de decisión dos concellos galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Couñago.

Ten a palabra por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Pois si, a verdade é que si, que parece que todas as nosas propostas son disparatadas. A verdade é que En Marea é un grupo, é unha organización de goberno que vai gobernar en Galicia máis pronto que tarde. *(Murmurios.)* E se alguén fai algo a favor da cidadanía, sempre estaremos de acordo, e neste caso recoñecemos o bo traballo dun concello efectivamente gobernado polo Grupo Popular e estamos a favor de desenvolver ese traballo para todos os concellos.

Pero xa vexo que non, que o Grupo Popular vai votar en contra. E ¿por que vai votar en contra? Pois vai votar en contra para deixar abandonados todos eses concellos, centos de concellos, que non van ter capacidade de desenvolver estes estudos técnico-xurídicos. E ¿por que? Pois simplemente por unha cousa: para atrasar que estes concellos todo o posible poidan cobrar esas taxas. Xa se ve o que está a facer o señor Fernández de Mesa no Consello de Rede Eléctrica de España, que sería unha das compañías que máis tería que aportar dentro dos gravames desas taxas.

Non podo entender que vostedes dificulten, deixen os concellos en mans dos goliats das grandes empresas enerxéticas. Agora xa se sabe para que están esas decenas de conselleiros do seu grupo nos consellos de administración destas empresas: para boicotear, para non facilitar. Non, non, é o que dixo vostede: que cada un que o faga, que teñen atribucións para facelo, que o fagan eles, ¡home!, que loiten.

Non imos axudalos, quedou clarísimo, non os imos axudar, non imos facer unha regulamentación tipo, unha regulamentación tipo ademais coa solvencia que para iso ten a Xunta de Galicia, uns enormes departamentos xurídicos que poderían facer un estudo técnico-económico e poderían facer unha referencia de taxas. *(Murmurios.)* Si que se pode facer, si que se pode facer. O que non queren é facelo, o que non queren é facelo, e queren deixar os concellos abandonados para que tarden dous, tres, catro, cinco, seis anos, ou que nunca poidan chegar a cobrar.

Porque, claro, esas taxas, ao mellor, esas taxas que se deixan, que habería que cobrar a esas empresas, implican que ao señor Fernández de Mesa ao mellor lle rebaixan o soldo



o ano que vén, porque non hai diñeiro para pagarlle, porque estas taxas van ser moito diñeiro para os concellos. A verdade: eu son novo en política, pero estas cousas non as podo entender. Que un goberno dificulte a posibilidade de que os concellos, moitos —a maioría, ademais, gobernados por vostedes—, poidan incrementar o diñeiro para dar servizos públicos é que non me entra; de verdade, non entendo que fago aquí escoitando estas cousas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Casal.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNC-000309), doc. 3765.*

*Emenda de modificación:*

*Onde di: «...a avaliar os resultados...», debe dicir: «a avaliar, coa colaboración das universidades do Sistema Universitario de Galicia, os resultados....»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Onte as miñas compañeiras e compañeiros fixeron lectura dalgún dos fragmentos da obra de Rosalía co gallo do 180 aniversario do seu nacemento. Unha muller absoluta e inmensamente transgresora, que moveu todos os marcos da época, que rachou con prexuízos e preconceitos, unindo por primeira vez nos seus escritos un discurso nacional, un discurso de xénero e un discurso de clase. E déixenme simplemente que lles lea un fragmento dun texto, quizais non moi coñecido, escrito pola autora, orixinariamente en español, e con apenas 21 anos. Decía: *Endexamais dominou a miña alma a esperanza da gloria, non soñei nunca con laureis que oprimisen a miña fronte. Só cantos de independencia e liberdade balbuciron os meus beizos, aínda que ao redor sentise, desde o berce xa, o ruído das cadeas que debían aprisionarme para sempre, porque o patrimonio da muller son os grilos da escravitude. Eu, sen embargo, son libre.* Lieders, 1858. A magnitude e o poder da súa escrita. Para que nos fagamos unha idea, cando ela escribía isto, Emilia Pardo Bazán aínda non escribira nada.



Moitos anos despois de Rosalía —indo xa ao rego—, concretamente hai sete anos, entraba en vigor, o 25 de maio de 2010, o denominado Decreto do plurilingüismo. Hoxe, sen que sirva de precedente, imos darlles a man —non nos collan o brazo—. Traemos unha iniciativa para instar o Goberno galego a que cumpra co que nel se recolle, concretamente na disposición adicional quinta, e é que a propia norma determina —e cito de novo textualmente—: «Avaliación dos resultados. Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá as disposicións que fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e a plena aplicación da Carta europea de linguas minorizadas». Van sete anos desde que comezou a implantarse este decreto no ensino e aínda non temos nin a primeira avaliación feita. Descoñecemos cales están a ser os resultados efectivos, prácticos, da súa aplicación nos distintos niveis do ensino regrado, mentres ollamos impasíbeis a foto que retrata a perda de falantes.

Onte mesmo, nunha visita a unha escola infantil, aquí en Compostela, anunciaba o conselleiro de Educación que están a preparar un plan para promover o uso da lingua galega entre as franxas de idade máis novas, toda vez que se teñen detectado —e abro aspas, porque eran as palabras textuais do conselleiro— «carencias no seu uso». Decía Román Rodríguez que non existían datos de cal era a lingua inicial predominante na Galiza. Decía textualmente: «en determinados espazos fálase máis galego e noutros máis castelán». Datos hai, outra cousa —tamén é verdade— é que non queiramos recoñecelos a día de hoxe. E é que o IGE, no ano 2013, situou no 18 % as crianzas que aprenden a falar en galego, fronte ao 45,49 % daquelas que cando comezan a falar o fan en español; o 18 % teñen como lingua inicial a lingua galega, e o 45,49 %, a lingua española. A cifra, afondando un pouquiño máis nos datos do IGE, viña pór o mesmo en evidencia cando a pregunta se lanzaba directamente ás nais e aos pais.

¿Que nos suscitan a nós estes datos a respecto do que comentaba antes desa disposición adicional quinta do propio decretazo? E é: ¿en que medida contribúe a perda de horas lectivas en lingua galega, reducida coa aplicación do decretazo apenas un terzo sobre o papel, á perda de falantes habituais no idioma propio? ¿Que consecuencias tivo a implantación de inquéritos ás familias para determinar a lingua vehicular no ensino infantil? Por certo, esas enquisas foron declaradas ilegais polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, aínda que se mantiveron —decía o Goberno galego— con carácter non vinculante, pero que, segundo a Mesa pola Normalización Lingüística, supuxo varrer a lingua galega do 96 % das escolas infantís localizadas nas cidades do noso país.

Máis preguntas. ¿Que repercusións tivo que, por vez primeira desde a aprobación da Lei de normalización lingüística no ano 1983, incluídos todos os gobernos do Partido Popular, da man de Manuel Fraga, pois puxesen fin con este decreto vostedes á obriga de usar o galego nas áreas de coñecemento en materias de infantil nas que a lingua vehicular era a propia? Outro dos artigos tombados en 2012 polo Superior de Xustiza de Galiza, o 12.3 concretamente.

¿Está o profesorado de infantil a cumprir co artigo que di que tratará de maneira diferenciada o alumnado en función da lingua que use cada crianza? O artigo 4.2. ¿En que porcen-

taxe isto supón a preeminencia do español sobre o galego? ¿Que implicacións ten isto nos usos que fan as faixas de idade máis novas da nosa sociedade da lingua propia do seu país? Usando a linguaxe do conselleiro, ¿que grao de implicación ten o decretazo nas carencias de uso do galego entre a mocidade? ¿De que maneira afectou esta norma no uso habitual da lingua galega?

O lóxico —entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego— é que se a vontade do Goberno é elaborar e aplicar un plan encamiñado a normalizar a lingua propia deste país entre a mocidade —entendemos que, ademais, vén recollendo o guante que lle lanzou o propio Grupo Parlamentario Popular na Comisión de Educación—, ¿en que medida a propia lexislación, promovida polo Partido Popular e apoiada unica e exclusivamente polas deputadas e deputados do Grupo Popular cando foi aprobada, mantén os estereotipos e prexuízos ou contribúe dalgunha maneira a manter nunha situación de discriminación a lingua propia deste país —lembramos tamén— nun dos principais espazos de socialización como é a escola?

Por iso traemos esta iniciativa, que —repito— só insta o Goberno galego a cumprir coa disposición adicional quinta do decreto, algo que non se fixo até o momento e que foi rexeitado polo Partido Popular, mesmo noutras ocasións cando o Bloque Nacionalista Galego en anteriores lexislaturas trouxo esta mesma iniciativa, ou moi semellante, a esta Cámara.

Tanto é así que no ano 2014, cando as propias universidades galegas, as tres en conxunto, lanzaron o ofrecemento ao Goberno da Xunta de Galiza o Día das Letras Galegas despois de que se coñeceran eses datos do IGE para que fosen os seus propios equipos de investigación os que desenvolvesen o estudo de avaliación da aplicación real e práctica do decretazo, pois dixéronlles que non e practicamente déronlles coa porta nos fociños; desde o Executivo rexeitouse o ofrecemento; debe ser porque tanto lle dá cumprir coa súas propias obrigas legais —repito—, porque o decretazo foi aprobado en exclusiva polo Partido Popular.

Aceptamos a respecto da emenda que nos formula o Partido Socialista que se incorporen, precisamente, eses equipos de investigación da Universidade, para que sexan os que desenvolvan o traballo de campo e a análise dos datos que se recollan. Nós non quixemos poñer quen tiña que facelo e deixalo un pouco máis aberto para ver se así colaba. Veremos que di tamén o Partido Popular na súa quenda de intervención.

Xa indo concluindo. Desculpen a brincadeira. É que somos felices a pesar de que tantas veces se nos di que estamos tristes. (*Aplausos.*) Desde o BNG entendemos que sete anos son suficientes e tempo dabondo para poder facer unha avaliación práctica, unha avaliación real dos efectos que tivo o decretazo. Imaxino que puido ser durante moito tempo a escusa na que se protexese ou amparase o Partido Popular. É certo que as normas teñen que ter certo tempo de aplicación práctica para poder ver os seus efectos, pero cremos que sete anos son tempo suficiente para que poidamos coñecer cal é a súa aplicación real e, sobre todo, as consecuencias que puido carrexar no que ten a ver coa perda de falantes habituais na lingua propia do país, sobre todo entre as franxas de idade máis novas. Entendemos que, ademais, pode ser un bo momento este, precisamente cando o Partido Popular pois se ve coa vontade de recuperar as campañas de normalización lingüística despois de oito anos sen elas.

Agardamos o apoio de todos os grupos. Repito que é unha iniciativa que o único que vén facer é practicamente lembrar, recordar ao grupo de goberno, e neste caso ao Goberno da Xunta de Galiza, que teñen unhas obrigas legais que contraeron precisamente cando aprobaron este decretado, que —lembremos— contou co rexeitamento en masa de colectivos sociais e grupos da oposición que na altura estaban representados nesta Cámara, pero que, non obstante, debe ser respectado e cumprido nesa —xa digo— disposición adicional quinta, que obriga á súa avaliación con carácter anual. Sete anos parécenos tempo suficiente para arrincar esa primeira avaliación.

Pola miña banda, máis nada. Graciñas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia a señora Burgo López.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moi bos días, señorías.

Grazas, señor presidente.

Dende logo o Grupo Socialista vai apoiar esta proposición do Bloque Nacionalista Galego, porque cremos firmemente nela, porque o sentido común di que hai que apoiala, porque o que se está pedindo é que un goberno cumpra a lei, que, ademais, o mesmo Goberno emitiu tan só cos seus votos, porque ningún outro grupo político, e ademais, nin sindicato, nin asociación cultural, nin institución cultural deste país, nin as ANPA, nin ninguén apoia, como é o Decreto do plurilingüismo. Polo tanto, estamos totalmente de acordo en que se cumpra a lei. Resulta incomprensible, e dende logo inadmisíbel, que un goberno faga o contrario e incumpra a lexislación vixente.

Unha disposición adicional quinta, á que a señora Rodil deu lectura, que está absolutamente clara, pero da que eu quero reseñar dous elementos que me parecen importantes.

Un. Que o que ten que avaliar —segundo esta disposición quinta— anualmente a Consellería son se se cumpren os obxectivos normalizadores marcados na Lei de normalización e —di tamén— na Carta europea das linguas rexionais e minoritarias. É dicir, non é, por suposto que tamén, pero non é avaliar se os centros están a cumprir o decreto; ese é outro elemento, porque sei o que van dicir; ese é outro elemento, esa non é a avaliación que teñen que facer anualmente, senón se se están a cumprir os obxectivos normalizadores.

E quero reseñar tamén que na mesma disposición adicional quinta di á Consellería que quere saber se hai unha plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias. Miren se é necesario facer esta avaliación que os expertos do cumprimento que analizan o cumprimento desta Carta europea das linguas rexionais xa contestaron á Xunta de Galicia: non o están a cumprir.

Está o informe dos expertos da Carta Europea, no que manifestaron a súa total preocupación polos efectos perniciosos deste decreto, porque se reducira o galego a un terzo do ensino e

porque, ademais, non se pode, entre outros elementos, ofertar en galego materias científicas como as matemáticas, a física ou a química. E di claramente ese informe que hai unha redución das horas lectivas do galego, en todos os niveis de ensino non universitario. É dicir, que a mesma Carta europea das linguas rexionais está dicindo que é necesario facer esta avaliación.

E non soamente polo que di, senón que o di taxativamente: acusa á Xunta de Galicia de non ter feito nunca esta avaliación que marca a lei. Miren se é necesario facelo que ata estas institucións, estes órganos internacionais piden que se faga. Cada vez é máis necesario, porque as voces de alarma —moi cualificadas, por certo— están continuamente poñendo en evidencia que hai claros síntomas de retroceso do uso e do coñecemento, incluso do coñecemento para os máis nenos, para os máis cativos, da nosa lingua, que está sendo cada vez maior.

Eu recomendo que lean o último número da *Revista Galega de Educación*, onde atoparán múltiples argumentos polos que é necesario cambiar a política lingüística do Partido Popular para impulsar a normalización e coñecemento e uso dos máis cativos, dos máis nenos, que é onde realmente está tamén o futuro da nosa lingua.

En canto a esta emenda, agradezo moito que se aprobe. Non queremos dicir con isto que teña a Consellería a obriga de facelo coa Universidade, é dicir, que a Universidade en solitario o faga, pero si que é necesaria unha colaboración. Primeiro, porque as propias universidades a ofertaron e, logo, porque eu creo que nos garante esa participación da Universidade unha alta cualificación, unha independencia, un rigor, unha transparencia e unha obxectividade que é necesario ter cando se avalían os efectos de políticas públicas, que tan pouco fai este goberno e que tan pouco proclive a facer é o Partido Popular.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Burgo.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Bo día a todas e a todos, señorías.

O Grupo En Marea vai apoiar totalmente esta avaliación.

Desta avaliación é increíble que se diga que non se teñen datos, porque no Decreto de plurilingüismo, que nós cremos que hai derrogar —pero mentres estea vixente naturalmente haberá que cumprir—, o primeiro que hai é, no proxecto educativo do centro, un proxecto lingüístico que os profesores e profesoras encargados pola dirección e, sobre todo, cos compoñentes das xefaturas de seminario de linguas e mais os coordinadores ou coordinadoras de dinamización en lingua galega, que é como se chama agora, teñen a obriga de facer; ese proxecto lingüístico faise para catro anos —polo tanto, xa estamos co segundo—, e cada ano ademais teñen que facer unha addenda; unha addenda significa un engadido por se hai modificacións, por se hai variacións.

Eses datos están na Inspección, a Inspección ten eses datos. Polo tanto, a Administración e a Consellería en concreto, a responsabilidade máxima que é da Consellería de Ensino, que ten, efectivamente, que facer avaliación de competencias, ten material abondo —ou debera telo—, ano a ano, centro por centro, para recadar eses datos, que non é tan complexo, e poder aportalos. Eu creo que é unha obviedade, pero realmente o que non se está é cumprindo a avaliación, que é unha responsabilidade que está no decreto.

Efectivamente, esa avaliación cita claramente que hai que atender, por suposto achegarse ao marco do ensino plurilingüe e ao cumprimento da Carta europea de linguas minorizadas. Como ben xa se dixo aquí e non vou redundar, non se está cumprindo. Os expertos están dicindo que este decreto é lesivo para o país, que este decreto reduce algo que é oficial: a nosa lingua oficial. En todo o mundo hai seis mil linguas que están dicindo: «estou aquí», «utilizádeme», «falade»... Pois ben, das seis mil, 5.864 están por debaixo dos falantes que temos en Galicia. Estamos perdendo falantes. Hai unha responsabilidade, responsabilidade rotunda, no que ten que ver con esa obriga legal e tamén hai responsabilidade con respecto ao retroceso que estamos vivindo. Á parte do veto nas áreas científico-tecnolóxicas, os niveis ínfimos que están vivindo os nosos cativos e cativas son alarmantes.

O idioma, ademais, ten que ver non só cun sistema. Podemos aprender en solitario as linguas mortas, pero o galego está enmarcado, ten que ver coa socialización, ten que ver cos sentimentos, cos pensamentos, ten que ver coas ideas. Cando falamos de avaliar competencias, analicemos, autoavaliemos os nosos propios rexistros, por favor. E dígoo eu a primeira, pero toda esta Cámara tamén deberá utilizar este tema para facer unha reflexión.

Digo, por poñer un exemplo, falando de competencia, que aquí se diga, que se fale por exemplo de «cláusulas adoito». «Cláusulas adoito», ¿isto que é? Hai moitas chamadas á seriedade, moitas chamadas á responsabilidade. En castelán hai unha palabra polisémica que é «suelo». «Suelo» significa «chan» ou «solo» e significa «teño costume de». Pero que aquí se diga «cláusulas adoito» é un erro imperdoable, que significa dúas cousas: pouca competencia —primeira cuestión— e, en segundo termo, nin sequera ler a tradución literal de Google ou do que sexa para dicir tal burrada.

Pero, seguindo con isto, eu non quería deixar de facer unha alusión. A lingua é tamén un vehículo de relación, podemos relacionarnos máis agresiva, máis cordialmente, e a lingua tamén ten que ver co emocional. A min onte conmoveume unha frase, unha frase que interpretaremos de distinta maneira: «Que me maten tamén a min».

Isto non é literalidade, isto é interpretación. Esta persoa que dixo isto dende arriba estaba pedindo xustiza, estaba pedindo empatía, estaba pedindo comprensión. Aquí había alguén que tiña parentes. Eu veño e moitos e moitas de Ourense vimos no tren. É increíble, increíble; a palabra é transcendente. Cando alguén di «que me maten a min tamén» hai algo que non ten nome, e dígoo agora porque non está un compañeiro, que é a perda dun fillo. Se perdo o pai, son orfa; se perdo o home ou a muller, son viúva; pero se perdo un fillo ou unha filla, non hai nome. A palabra é importante, a palabra é transcendente.

Coidemos o noso tesouro, que, ademais, temos unha lingua oficial, temos uns dereitos como falantes...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Quero cumprir o tempo e, polo tanto, non digo máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

A verdade é que si, estamos ante un tema que non é a primeira vez que se trae a esta Cámara; de feito, unha cuestión moi similar xa se debateu en xuño do ano 2015, daquela o voceiro do Grupo Popular era o señor Agustín Baamonde Díaz. E eu, para iniciar a miña intervención, vou facer miñas unhas palabras que dicía el daquela cando defendía a postura do noso grupo no pleno. Decía: «¡Que ben lle iría á lingua galega se o empeño que aquí se pon en utilizala como elemento de confrontación se puxera para defendela en sentido positivo, para buscar consensos e para a promoción social do noso idioma! ¡Que ben lle iría á lingua galega nese caso!»

Estamos, unha vez máis, ante a bipolaridade argumentativa que en moitos casos ten o BNG respecto a este tema, porque hai dous meses debatíamos sobre a derogación deste decreto e hoxe vimos debater sobre o seu cumprimento; é dicir, hoxe pedimos que se cumpra o decreto que hai dous meses queríamos derogar. Dende logo, para nós iso parécenos de todo menos coherente. Pero, en definitiva, hai que partir tamén dunha premisa clara, e é que o Goberno do Partido Popular, evidentemente, cumpre coas obrigas marcadas nos decretos que eles mesmos aproban ou que aproba o propio Goberno. Iso é algo sobre o que non debe caberlle dúbida a ninguén.

Nós cremos que o Goberno galego ten cumprido co seu deber de avaliar e informar acerca dos resultados prácticos da aplicación deste decreto. Baste ver, por exemplo, a interpelación que se substanciou —documento 10829— no ano 2014, na que se ofreceron os datos daquel momento de avaliación do Decreto de plurilingüismo.

Porque, ademais, hai unha cuestión que vostedes non sinalan nas súas intervencións, e é que a disposición adicional quinta e a segunda falan de avaliación, pero, dende logo, non se fala do tratamento da publicación que hai que facer deses datos que se recollen da avaliación do resultado deste decreto.

Eu creo que hai que sinalar que o sistema de avaliación que está establecido permite que sexan os propios centros educativos os que introduzan os datos a través da aplicación de



xestión XADE. A información cuantitativa, polo tanto, responde ao seguimento establecido polo propio Decreto de plurilingüismo, que busca equilibrar o coñecemento e competencias nas dúas linguas cooficiais.

Falábase en ocasións, cando se traía este tema, de datos manipulados. Nós dende logo cremos que os datos que meten na plataforma os profesionais da ensinanza e da educación galega non son datos manipulados, senón que son os datos reais, e, polo tanto, non dubidamos da súa profesionalidade. Xa digo: a información e os datos son obtidos a partir da información que os propios centros educativos cargan no seu programa de xestión.

Pero hai que sinalar tamén, e referíndome un pouco á emenda que facía o Grupo Socialista, que a competencia para a avaliación deste decreto, tal e como marca a disposición adicional segunda, é da Consellería, que marcará cal é o procedemento de avaliación. E, nese sentido, a competencia está na Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación de Calidade do Sistema Educativo, que, entre as súas funcións, ten precisamente realizar accións de avaliación xeral e de mellora do sistema educativo non universitario de Galicia. Polo tanto, entendemos que lle corresponde neste caso á Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación de Calidade Educativa o seguimento destes datos e o tratamento e, polo tanto, a avaliación do decreto.

A verdade é, como dicía ao principio, recollendo as palabras do señor Baamonde, ¡que ben lle iría á lingua galega se tivésemos outra forma de achegarnos a todo o que ten que ver con ela! E refírome a isto porque, curiosamente, eu tamén, cando estaba preparando a intervención para esta proposición non de lei, tiven ocasión de buscar unha serie de documentos, e, entre eles, eu sei que o BNG estivo ante un procedemento de reformulación de moitas das súas ideas, coñecido co nome de «proceso Adiante», e aí hai un documento no que ten que ver coa lingua que a min dende logo me pareceu profundamente chamativo, xa que neste documento o que facían era poñer a lingua ao servizo da súa idea nacional de autodeterminación, afirmando que era ferramenta principal para acadar os seus fins políticos.

Dende a perspectiva sociolingüística, creo que vostedes comparten comigo que nunca se pode poñer un ben cultural ao servizo dunha causa política, porque a primeira consecuencia pode ser precisamente o rexeitamento de todos aqueles que non seguen esa idea ou esa causa política. Polo tanto, fraco favor se lle fai á lingua galega con documentos deste tipo e con estes puntos de partida e estes postulados.

A min, xa para rematar, gustaríame sinalar unha cuestión. É que, si, agradezo que ao longo do día de onte, e incluso hoxe a señora Rodil, os deputados e deputadas do BNG ao longo do día de onte fixeran ou trouxeran a esta Cámara referencias de obras de Rosalía de Castro. Eu creo que sempre é enriquecedor para o debate político traer as grandes figuras da literatura a esta Cámara. E por iso mesmo eu, para sustentar os argumentos que hoxe acabo de esgrimir aquí, quixen permitirme a licenza de traer tamén outra figura do Rexurdimento, outro poeta, neste caso un ourensán de Celanova, que é Curros Enríquez, que di —vou citar catro versos dunha das súas obras, que se chama *Évos a léngua gallega*—: «Évos a léngua gallega moza casadeira xa, que, en vez de arrulos de neno, cántigas quer de galáns».

Deixemos de xogar xa coa lingua galega, maduremos e, dunha vez por todas, traballemos a prol da súa defensa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Señor Fernández Gil, alégrame que lea vostede as nosas teses para a Asemblea Nacional do vindeiro mes; eu creo que sempre se pode aprender algo.

E eu voulle tamén traer aquí unha referencia en relación con boa parte da política lingüística que se desenvolveu no noso país desde que o Partido Popular chegou ao Goberno. Eu, mire, emprázoo, convidoo, incluso podemos tomar un café e relelo xuntos, se quere, que é a autoidentificación de Fraga, que tiña moito tamén con aquel concepto hegeliano e que en boa medida... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pode estar tranquilo, señor Tellado, que ir tomar algo con alguén aí á cafetería non significa nada. *(Murmurios.)*

Dicía iso, que podemos traer aquí aquela revisión que facía do concepto hegeliano o propio Fraga con aquel concepto de autoidentificación e o que tiña que ver tamén coa política lingüística, coa concepción da propia lingua como elemento vertebral e estrutural da propia nación, da propia terra, a pesar de que Fraga non tiña esa percepción nacional do país como ten o BNG.

Aínda así, eu non estou de acordo con esa visión de que nós vimos aquí a confrontar ou a ter unha bipolaridade argumentativa. Nós defendemos aquí a nosa posición política e rexeitamos, desde que apareceu o borrador do decreto, a aprobación deste tipo de instrumentos legais. E, ademais, eu creo que todas as persoas que están aquí lembran cal era o contexto social e político naquel ano 2009, naquel ano electoral de 2009, e como se pariu, como foi concibido, tamén este decreto.

Nós pedimos a súa derogación, e pedímola cada vez que temos oportunidade. Hoxe mesmo non o dixeran, pero podería volver reiteralo. Así as cousas, que nós reclamemos outra política, que esteamos en contra dunha lexislación en vigor, non exime de darlles cumprimento a esas disposicións. E se é certo que existen esas avaliacións, que se recompilaron os datos e que foron analizados pola subdirección xeral, ou por algunha outra das áreas de traballo da propia Consellería, eu non lle vexo problema ningún a que se aprobe esta iniciativa que nós traemos. Simplemente entendo que xa non hai nin que recoller os datos, que están recollidos, e é dar cumprimento, sobre todo, á última parte, que, desde o noso punto de vista, é a máis interesante. Por iso dicía que pode ser, ademais, un bo momento tendo en conta que a propia Xunta vai deseñar ou está deseñando... Xa presentamos preguntas ao respecto para coñecelos un pouco mellor, pero que poidamos coñecelos, que se fagan públicos eses resultados; sobre todo, a análise que deles se fai en termos de se se está dando cumprimento ou non á política lingüística recollida na lei do ano 83 e no plan do ano 2004, e, sobre todo, traelos e presentalos diante desta Cámara. Eu non lle vexo maior problema. Se os datos xa están recollidos,

xa están analizados e se nalgunha resposta concreta a algún grupo xa foron achegados, entendemos que non sabemos logo cal é o problema para apoiar esta iniciativa.

Lamentámolo enormemente. Mire, incluso estaríamos en disposición, con todo o cariño do mundo, de rexeitar a emenda do Partido Socialista se iso os incomoda para que aprobemos a iniciativa tal cal foi redixida. Déixolles tempo para que o pensen e logo xa me din.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Entón, ¿acepta a emenda do PSOE? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Acepta a emenda.

Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición, ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Traemos hoxe a debate a situación retributiva de traballadoras e traballadores da sanidade pública, esas e eses aos que o señor Feijóo dicía esta mañá que estaban traballando máis ca nunca, esas e eses excepcionais que, segundo presidente, son o principal activo do Servizo Galego de Saúde. Se son tan importantes e traballan máis ca nunca, en vez de felicitalos, a verdade é que podería comezar con devolverlles os dereitos laborais retirados durante a crise.

As centrais sindicais negociaron no ano 2008 coa Xunta de Galicia un acordo relativo aos dereitos laborais do persoal sanitario público cunha serie tamén de incrementos retributivos anuais, coa finalidade de igualar os salarios á media das comunidades autónomas do conxunto do Estado, xa que a día de hoxe están, e por aquel entón tamén estaban, por debaixo desa media.

Sen embargo, este acordo, que é norma, quedou unilateralmente en suspenso no ano 2009 por decreto, e a aplicación dos acordos acadados. O motivo fundamental no que se amparaban era a situación económica, polo que a recuperación dos dereitos suspendidos viñan condicionados a unha mellora desta situación. Así que o mesmo Partido Popular, que defende unhas melloras económicas —como vimos durante todo o pleno do día de hoxe—, mantén tamén a día de hoxe a suspensión dunhas condicións ás que traballadoras e traballadores

públicos teñen dereito. E teñen dereito porque, efectivamente, son bos profesionais e porque, mentres outros recortaban e privatizaban, foron elas e eles quen sostiveron co seu traballo esa maltreita sanidade pública. Pero teñen dereito, sobre todo, porque isto non é unha dádiva do Executivo, non é unha cuestión que sexa graciable, son dereitos que son conseguidos con negociación, con loita sindical e con reclamacións a nivel laboral, e porque eses dereitos acadados en negociación coa Xunta de Galicia son norma e deben, polo tanto, cumprirse.

Eu, señorías, estou obviamente —vostedes sábeno— polo reparto da riqueza, pero non polo reparto da pobreza. E calquera podería comprender que, nun país democrático, cando concorren situacións excepcionais, catástrofes, conflitos graves, quebra do país, se lle pode pedir á cidadanía que arrime o ombreiro —dito de maneira coloquial—. O problema é que non se lles solicitou que arrimasen o ombreiro, non se negociou unha axuda temporal. Aquí o que se fixo foi impoñer recortes laborais e salariais e, polo tanto, non houbo ningún tipo de posibilidade de negociación. O problema é que, mentres uns arrimaban o ombreiro forzosa-mente, outros incrementaban os seus beneficios e se lucraban do público. Mentres se recortaba a sanitarias e sanitarios, mantíñanse todos os altos cargos, mantíñanse os curas católicos, por exemplo, na sanidade, rescatábase a banca —perdéndose eses 8.000 millóns de euros coa venda—, pero ademais facía negocio a sanidade privada cos recursos da sanidade pública, a custa, evidentemente, da súa deterioración.

Mentres os traballadores e traballadoras da sanidade pública tiñan que prescindir de parte dos seus salarios, o sector sanitario privado de Galicia facturaba anualmente 300 millóns de euros. ¿De onde sae ese beneficio? E, iso si, tamén a custa da precarización dos traballadores da sanidade privada. Porque aquí ao final sempre perden as mesmas e os mesmos.

E hoxe, que a Xunta de Galicia defende que xa existe unha recuperación macroeconómica, é hora, polo tanto —como xa defendemos coa derogación da Lei 1/2012—, de que a Xunta de Galicia cumpra. Repito que non é graciable, é norma, un acordo sindical coa Xunta de Galicia.

Hai que lembrar que as condicións non se están a recuperar, non só porque se teña incrementado a carga de traballo, ou porque as condicións laborais sexan hoxe en día máis penosas —falamos onte desas reclamacións que van levar a anestesistas á folga na Coruña no mes de marzo, falamos tamén das protestas dos traballadores e traballadoras eventuais, falamos das protestas dos traballadores, por exemplo, do servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo—, non só por eses motivos, senón que o mínimo incremento orzamentario deste ano non é un agasallo, non é unha suba, é a devolución do complemento específico retirado, a devolución das pagas extras retiradas. Polo tanto, non se están a recuperar os dereitos laborais nin a perda salarial derivada do incumprimento dos acordos acordados —valla a redundancia— no ano 2008. Non se devolveu nada do suspendido desde o 2009, levamos xa sete anualidades e a Xunta négase sistematicamente a negociar coas centrais sindicais este asunto.

Aplicouse tamén a Lei 1/2012, da que xa tratamos no anterior pleno, para retirar o complemento de incapacidade temporal, etcétera, etcétera. É dicir, coma sempre, cando hai que arrimar o ombreiro, arrímano as traballadoras e traballadores de maneira forzosa, e, sen

embargo, outros poden dedicarse a subirse o salario, como aconteceu este ano co presidente da Xunta de Galicia ou cos altos cargos, cun 7,5 % e un 7 % respectivamente.

Sen embargo, despois dicimos que os traballadores públicos son o mellor que temos, que son magníficos traballadores, que cada vez traballan moito máis. Palabras ocas, non é mellor quen máis odas fai ao traballo dos traballadores públicos, senón quen os coida. E os que din que son verdadeiros patriotas, que son fantásticos, que están moi preocupados, ademais, por Galicia, por outra banda manteñen os recortes sobre os dereitos laborais e sobre as condicións salariais dos traballadores e traballadoras públicas, que son —repito— os que sostiveron a sanidade pública durante estes anos e polo tanto deberíamos estar coidándoos como non se fixo noutro momento.

Polo tanto, dende En Marea acollemos tamén o reclamo que fixeron as centrais sindicais, e obviamente son elas as que teñen que negociar coa Xunta de Galicia como se van reverter e como se van aplicar eses acordos que están suspendidos dende o ano 2009. E pedimos nesta proposición non de lei, obviamente, que se abra a mesa de negociación coas organizacións sindicais para recuperar ese acordos acordados —valla a redundancia—, ou acadados, dende o ano 2008. Porque, sinceramente, escoitar aquí —como se dixo hoxe, ou na Comisión 5ª a pasada semana coa pregunta que fixo o BNG— que se lles vai subir o salario a partir do ano que vén cando están incumprindo os acordos do 2008 é sinceramente un insulto, e tendo en conta tamén as condicións nas que están os traballadores e traballadoras da sanidade pública.

Polo tanto —remato xa—, non é un asunto graciable, non é unha dádiva do Goberno, non se están a devolver os dereitos acadados. E agora xa que se elimine ese dobre discurso de que hai recuperación económica pero que esa recuperación sexa simplemente para uns poucos.

Máis nada, polo de agora, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** A situación laboral do persoal da sanidade pública de Galicia vén sendo motivo de preocupación para o BNG. Temos presentado moitas iniciativas a respecto desa situación, a respecto da redución de prazas, a respecto das OPE non satisfactorias, a respecto da precariedade laboral, a respecto da contratación por días e horas, a respecto da situación de estrés e de presión asistencial na que desenvolven a súa actividade os traballadores e traballadoras da sanidade pública. Porque non nos imos cansar de repetir que os profesionais da sanidade son ese capital humano que é o máis valioso que ten o sistema sanitario público. Nisto —polo menos de palabra— o Partido Popular concorda, e probablemente suba logo aquí a esta tribuna a dicir que están moi satisfeitos co persoal. Pero logo as actuacións por parte do Goberno non van parellas con esas loas propagandísticas. E encontrámonos con que, a todas estas cuestións que acabo de sinalar, pois hai que sumarlle unha situación de maltrato continuado. Teño dito xa noutras ocasións que a Consellería de Sanidade se comporta co seu persoal coma o peor dos patróns, que lle di cunha man «*que bueno eres*» pero, con outra, «*acepta as condicións que eu che imponho sen poder dicir nada*».

E nesas estamos. Ao persoal sanitario, entre outros traballadores e traballadoras públicas, impúxoselle —que nin se negociou— a conxelación e o roubo dunha serie de dereitos, ¡como non!, baixo a escusa da crise. O argumento foi que a crise non permitía manter toda unha serie de dereitos que tiña o persoal, que ían deixar en suspenso e que algúns ían ser detraídos.

No ano 2008 o persoal negociara en mesa sectorial unha serie de acordos, unha serie de acordos que non eran ningún capricho, nin unha vontade nin ocorrencia de ultima hora, senón que respondían a unha situación na que o persoal sanitario de Galiza cobraba —e segue a cobrar— os complementos máis baixos do Estado español en canto a atención continuada, os complementos cos que se paga esa atención continuada de noites, de domingos, de festivos. E eses acordos o que pretendían eran ir equiparándoos coa media do Estado español. Estamos a falar do complemento de noites, onde están literalmente á cola de todo o Estado español; e, en canto a festivos, soamente lles gaña por detrás, no caso dos grupos C, D e E, Andalucía, e no caso do Grupo D, soamente Baleares e Andalucía. É dicir, estamos falando de que o recoñecemento do traballo dos empregados da sanidade pública de Galicia sexa, cando menos, igual que o das outras partes do Estado, e que merecen esa remuneración.

Chegouse a ese acordo no ano 2008, de aplicación para 2008-2012, púxose en práctica ese recoñecemento no ano 2008-2009, e chegou o Partido Popular á Xunta de Galiza e dixo que chegara a crise e que isto ata aquí, pero co compromiso de que logo se retomaría. Mais, efectivamente, o Partido Popular está instalado no discurso de que a crise xa rematou, de que todos os datos indican que, grazas á magnífica xestión, ao cumprimento do déficit e a non sei cantas cousas máis, isto xa vai vento en popa, mais a realidade é que ese é outro discurso propagandístico, porque, á hora da verdade, non queren cumprir nin recoñecer os acordos que, como xa se dixo e como tamén eu xa dixen en varias ocasións, en mesa sectorial teñen carácter de norma e que, entón, un goberno está obrigado a cumprir.

Entón, estamos a falar de retribucións referidas a ese traballo, a esas quendas, a domingos e festivos, do tema de recoñecerlle como días especiais o 24 e 31 de decembro ou o 1 de xaneiro, eses días especiais que no resto da función pública non se traballa e no caso da sanidade si se traballa, da carreira profesional...; é dicir, de cuestións que parece que non é nada fóra do normal que exixan os traballadores e traballadoras públicos.

Pois ben, diante desta petición, co que se encontran é co muro do Partido Popular, co muro do Goberno, co muro de nin sequera querer sentarse a negociar en Mesa sectorial. Eu onte díxenlle aquí ao conselleiro: o que pide esta iniciativa é o que nos demandaron as organizacións sindicais, que é que acordemos neste Parlamento demandarlle ao Goberno que se sente a negociar en Mesa sectorial. Non estamos poñendo aquí ningunha condición, ningún apriorismo, e a boa vontade dos traballadores e traballadoras, a través dos representantes sindicais, está máis que demostrada...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...porque nin sequera exixen que esa recuperación dos dereitos negociados e pactados sexa de inmediato, senón que están dispostos a que sexa en varios exer-



cicios orzamentarios; é dicir, a que se negocie, a que se fale e a que vexan un horizonte de cando van recuperar algo que é de lei.

Entón, é tremendo. E eu súpome ao que dicía a proponente da iniciativa de que é unha indecencia isto, e é máis...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...de que a directora xeral de Recursos Humanos se sume —e remato presidente— á posición do conselleiro...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, xa entendemos.

**A señora PRADO CORES:** ...e se atrevera a dicir na Comisión 5ª da semana pasada que os traballadores e traballadoras públicos xa estaban recoñecidos porque ían traballar menos e cobrar máis. A ese nivel chegou o Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señora Prado. Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Bos días.

Nós abertamente anunciamos xa que imos apoiar esta moción porque compartimos o esencial da cuestión, porque, evidentemente, está rexistrada pola nosa banda unha moción semellante que reivindicamos o que reivindicamos os sindicatos, que é o mesmo que defenderon aquí Eva Solla e Montse Prado, porque, ademais, nós incluimos un punto semellante nunha moción xa debatida onte a partir dunha interpelación anterior, sobre persoal dos servizos públicos, e porque incluso hoxe o noso voceiro preguntou pola situación laboral no Sergas. É un tema que, evidentemente, nos preocupa, porque defender os servizos públicos é defender os seus traballadores; o demais é máis palabra que feito.

Nós defendemos, ademais, o diálogo como ferramenta, como instrumento e modo de actuación, non como fin último, non é: imos intentar facer todas as solucións posibles, que nos dean unha vantaxe, e, se non, ao final dialogamos. O diálogo non é que teña que ser nin sequera o primeiro por ser unha cuestión de orde, senón que ten que ser unha cuestión de actitude, e nós non percibimos isto na sanidade galega en xeral, nos servizos públicos galegos agora mesmo por parte da Administración.

O que piden son cuestións, como xa se sinalou aquí, bastante sensatas. Claro que os acordos que buscan e claro que as negociacións que piden tamén teñen que ver cos salarios, tamén, si, pero teñen que ver coas condicións laborais, porque o persoal sanitario non ten unhas

condicións como o demais persoal doutro tipo de traballos, non é unha oficina, non é unha tenda, non é un labor que abra de 8 a 3. O persoal sanitario traballa todos os días, non hai festivos, non hai horarios... A cuestión é organizarse correctamente calendarios, quendas... A produtividade non é a mesma, non se pode avaliar igual. As condicións teñen que contrarrestarse para os que traballan os días que todos os demais desfrutamos como festivos, porque sempre hai persoal sanitario dispoñible, sempre hai persoal traballando. Polo tanto, ao igual que ocorre con outros servizos como son as emerxencias, é persoal que ten condicións distintas e, polo tanto, o que queren é tratar con especificidade as súas condicións, e atopan portas pechadas.

De todo o que demandan os sindicatos —que seguro que hai posicións contrapostas— e demandaron nos últimos anos, ¿que avances se produciron? ¿Que cuestións a Administración pode poñer enriba da mesa e dicir: isto foi demandado polos sindicatos e isto foi concedido ao persoal? É difícil, pero facer esa lista sería moi relevante, porque a situación do persoal afecta fundamentalmente a calidade do noso servizo. Xa falamos estes días da precarización laboral. Véñese falando moitísimo tempo atrás da precarización laboral e das sentenzas, sentenzas que din que o persoal está contratado de maneira precaria. Xa que demandan sentenzas, se non se teñen que tomar actuacións ata que os digan os xulgados, hai sentenzas que o din.

Pero é que esa precarización afecta a calidade do servizo, porque o persoal ten que estar traballando durante unha semana en tres servizos distintos, sen saber se o luns seguinte vai ter que traballar, se non vai poder, e o persoal vaise porque necesita certa estabilización, porque estamos falando sobre todo de persoas en idades de estabilizar unha vida. Normalmente estamos falando de persoal que ten que atender enfermos cos que non saben..., e teñen que pórse ao día nada máis chegar, e ao día seguinte teñen enfermos novos diante. Estamos falando dunha situación asistencial que se resente por isto, e por iso algúns indicadores son peores do que poderían ser.

O noso portavoz, Xaquín Fernández Leiceaga, hoxe citou aquí os 390 días que hai que esperar para ter un proceso en Cirurxía Vascular en Vigo. Si, o presidente dicía: non se pode falar dun servizo só. Pero é que iso, primeiro, é a media —sen ser especialmente matemático, e hai algún na sala—; a media quere dicir que, aínda que hai algúns por debaixo, tamén hai algúns por riba. Si, que os datos oficiais recoñecen que hai xente que espera máis dun ano e un mes por un servizo nunha situación que pode ser perigosa, pero que poderíamos poñer unha cantidade enorme de servizos nos que os propios datos oficiais amosan que teñen esperas demasiado longas, porque contratamos en precario, porque os profesionais non teñen estabilidade, porque non saben atender inicialmente e porque teñen que pórse ao día no seu servizo. E, a pesar dos datos que deu hoxe o presidente, apelando ao barómetro sanitario, pode retorcer os datos que queira, pero o baremo sanitario que está aí para ver di que de cada 20 persoas soamente 3 —de cada 20— din que a atención sanitaria pública en Galicia mellorou nos últimos cinco anos —3 de 20—. Os outros 17 non o din, e a partir de aí podemos falar dos datos que se queira. Tres de cada vinte. Iso é o que di o barómetro sanitario.

Polo tanto, nós defendemos esta moción porque defendemos tratar con decencia e dignidade o noso persoal, porque coidar o persoal significa coidar o sistema, e nós estamos a favor do

sistema sanitario público. O demais é falar. A cuestión é vir aquí e decidir se se vai votar a favor das demandas dos profesionais ou non, e iso é o que nós imos facer. Agardo que todos poidamos facer o mesmo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Presentan vostede, señora Solla, unha iniciativa para que se recuperen os dereitos suspendidos no ano 2009 por mor da crise económica; acordos negociados entre as organizacións sindicais e a Consellería de Sanidade do Goberno bipartito, aquel goberno débil e pouco cohesionado que seguramente cedeu diante de presións pola súa propia debilidade e a posibilidade constante de ruptura do pacto de goberno. E fíxoo aínda coñecendo como ían as cousas a nivel económico, o que levou á situación que todos recordamos do ano 2009, con facturas nos caixóns, débedas importantísimas e anticipos que houbo e aínda hai que devolver daqueles anos de alegrías. (*Murmurios.*)

Efectivamente, o Goberno tivo que suspender no ano 2009 os acordos pola grave situación económica que lle deixaron vostedes, a esquerda que gobernaba en Galicia e en Madrid, onde aínda pouco tempo antes se dicía que estabamos na *Champions League* da economía e se negaba a crise.

Posteriormente, no ano 2010, tivemos a única baixada consolidada dos nosos ingresos de funcionarios, que foi a baixada de entre o 5 % e o 7 %, do Goberno do señor Zapatero, que foi xeneralizada a todos os funcionarios, e da que nunca se fala. Esa é a única baixada consolidada que tiven eu en trinta anos de funcionario.

Despois dunha longa e dura travesía con orzamentos minguentes, o pasado ano 2016 e este ano 2017 os orzamentos da Xunta por fin medraron. Aínda así, non o suficiente para poder recuperar eses acordos co persoal da sanidade pública, que representarían un custo económico non asumible a día de hoxe, e así llelo fixo saber o conselleiro aos representantes sindicais, cos que se reuniu o día 9 deste mes de febreiro, a pesar de que onte aquí se dixo que non se falara con eles.

Por ese motivo non figura ningunha cantidade asignada a ese concepto nos orzamentos deste ano 2017. Neste ano 2017 o investimento na sanidade pública é do 41,9 % do total, 3.614 millóns; o 43,4 % da parte do Sergas corresponde ao capítulo I, a soldos do persoal. Soamente a recuperación do complemento específico das pagas extraordinarias representa un importe de 44 millóns de euros na Consellería de Sanidade, o que implica importantes cantidades económicas para todo o persoal da Consellería, do mesmo xeito que para o resto dos fun-

cionarios e do persoal da Xunta de Galicia. Todas as categorías recuperan exactamente as mesmas cantidades en concepto de complemento específico que se lles aboaba antes do ano 2013. O incremento proporcional é o mesmo en todos os niveis e grupos de clasificación, incluído o presidente e algúns cargos da Xunta, que recuperan exactamente o que perderon. Creo que os únicos que non recuperamos o que se nos descontou somos a maior parte dos deputados e deputadas deste Parlamento. Tamén está previsto, unha vez que se aproben os presupostos do Estado, un incremento do 1 % establecido pola Administración xeral para a retribución de todos os empregados públicos.

Sendo certo que a situación económica impediu novos pactos retributivos e incluso obrigou a suspender aqueles que se firmaran, non o é menos que na última lexislatura se recuperaron moitos dereitos perdidos durante a crise: a devolución da paga extraordinaria do ano 2012, a subida lineal do 1 % do ano 2016, a devolución do específico de xaneiro e febreiro do ano 2013, a recuperación de días de vacacións e libre disposición e a prolongación do servizo activo máis aló dos 65 anos, que actualmente na sanidade é ata os 67. Tamén se convocaron concursos de traslado e OPE en todas as categorías profesionais, con máis de 1.600 prazas no sistema sanitario na última lexislatura. E asinouse cos sindicatos, por parte da Administración, un pacto de contratación temporal.

Como dicíamos, a Lei de orzamentos contempla incrementos retributivos para todos os profesionais para este ano 2017, aínda que mantén a suspensión da aplicación de pactos e acordos asignados, por supoñer —como dicía— un gasto non asumible neste momento.

En resumo, todo o persoal sanitario gañará máis neste ano 2017 que no ano 2016, e na última Comisión 5ª a directora xeral de Recursos Humanos cifrou ese incremento nuns 3.000 euros de media para os médicos ao ano e nuns 800 euros para o persoal de enfermería.

Están previstos tamén, para mellorar a conciliación da vida familiar e laboral, concursos de traslado abertos e permanentes, así como a convocatoria do máximo de prazas para o acceso ao novo persoal estatutario fixo, que inicialmente son 820, pero a Consellería está a reclamar que se suspenda a taxa de reposición e que poidan ser moitos máis.

Tamén se está a negociar cos sindicatos, por parte da Consellería, un plan de estabilización para reducir as taxas de temporalidade, que suporá de inmediato a conversión de 400 prazas eventuais en nomeamentos interinos.

Os orzamentos contemplan 7.400.000 euros para a contratación de persoal temporal, e ademais todos vostedes coñecen a disposición do Fondo de continxencia para gastos de persoal do Sergas, coa necesidade de reforzar os cadros de persoal cando sexa preciso.

En definitiva, pensamos que a situación económica aínda non permite neste ano 2017 asumir aqueles pactos do ano 2008, pero cremos que a situación laboral e retributiva mellorou con respecto aos anos anteriores, aos anos máis duras da crise, e confiamos en que, se as circunstancias económicas o permiten, se siga a facer nos próximos anos.

Por todo iso non imos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada e moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bueno, a ver se entendo ben, señor Centeno. Primeiro di que o conselleiro se sentou a falar dos salarios, e agora di que non pode apoiar que se sente a falar para recuperar as condicións salariais. ¿En que quedamos?

Quero agradecer, en primeiro lugar, aos grupos da oposición o apoio. É certo que todas e todos recibimos ás centrais sindicais con estas reclamacións, que son mínimas. E eu lamento que na súa intervención, señor Centeno, non tivese ningún tipo de argumento para defender que non se recuperen as condicións laborais e que tivese que volver recorrer unha vez máis ao Goberno bipartito. A min parécenme moi mal os recortes, dáme igual de quen veñan, non os defenderei. E eu mesma estiven participando nunha folga xeral en 2012, previamente. E non concordamos coas reformas laborais, e non concordamos cos recortes aos traballadores públicos. Eran malísimos malísimos malísimos. ¿Imos falar agora dos recortes que practicou o Partido Popular dende o ano 2009 e da recuperación dos recortes acorde con esa recuperación económica que vostedes defenden? ¿Si ou non? Todo o que non é Partido Popular é fatal, fixérono todos fatal. ¿Pero imos falar agora da iniciativa? A min gustaríame que vostede o tivese feito.

Pola mañá díxose aquí que se tiñan incrementado os empregos en condicións fixas, na estabilidade no emprego, e é un insulto. Porque sabe ademais vostede que moitas das persoas que consolidaron praza e que tomaron posesión das súas prazas sono por ofertas públicas de emprego que viñan de antes, de gobernos anteriores. Sabe vostede que este goberno foi o que máis emprego destruíu —practicamente 1.800 postos de profesionais— e é o que máis profesionais ten en situación precaria. E que veñan trasladarnos aquí que se están a recuperar as retribucións é falso; díxeno na intervención e, sen embargo, caeu vostede no mesmo argumento.

Que se devolvan as pagas extras é que é de lei, non é unha dádiva, non é un regalo; o que están facendo non é incrementar os salarios, non é aplicar o que paralizaron dese acordo do ano 2008, é simplemente devolver as pagas extras ás que os traballadores teñen dereito. Polo tanto, eu creo que deberan vostedes escudarse no seu propio argumento real para non aplicalo —é que non queren— e non en argumentos que non se sosteñen por ningunha parte.

E está moi ben que atinxa vostede a utilización do Fondo de Continxencia, porque, como xa dixen onte, o Consello de Contas está continuamente todos os anos trasladando que as contas da Consellería de Sanidade non cadran e que vostedes teñen que recorrer sistematicamente a ese Fondo de Continxencia para facer contratacións e pagar aos traballadores, porque non fan as contas ben.

Ou sexa, que hoxe nos enteramos, agora na súa intervención, de que non é tal a recuperación económica, que só é un pouco. E que realmente o que teñen que facer é devolver as pagas extra, porque non teñen máis remedio e porque xa nos anos anteriores tiveron que acatar as sentenzas que os obrigaban a facelo.

Entendo, polo tanto, que vostedes se negan nin sequera porque, como se dixo aquí —e remato xa—, non se pedía unha cuestión puntual, non se pedía que este ano devolvesen todo. Pero vostedes néganse —e está moi ben que o diga aquí— sinxelamente nin sequera a que a Xunta de Galicia se sente a negociar para devolverlles o que lles retiraron a eses traballadores que logo van dicindo que son tan magníficos.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (10/PNP-000348, doc. núm. 4271).*

*Emenda de adición:*

*Débase engadir no punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:*

*Logo de: «...que deberá garantir as mesmas tarifas...» engadir: «nos transbordos entre o transporte urbano e o transporte metropolitano».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Imos falar da Área Metropolitana de Vigo, que é unha iniciativa, unha proposta que xurdiu xa hai dezaseis anos, concretamente na chamada Declaración de Soutomaíor, que se asinou por parte de catorce concellos o 14 de xuño do ano 2000, e que podemos dicir que foi o xermolo desa área con esa idea de conseguir a vertebración, a ordenación e a prestación conxunta de servizos para unha área na que viven arredor de 464.000 persoas.

Posteriormente, doce anos despois —tardouse bastante, a verdade é que foi un parto longo e complexo—, aprobouse a Lei da Área Metropolitana de Vigo, pola Lei 4/2012, aínda que realmente foi unha lei que non chegou a executarse, a ser efectiva, polas discrepancias que había entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia. E, ademais, foi unha lei que naceu xa



sen suficiente respaldo e apoio —si, maioritario—, sen o necesario consenso de todas as forzas políticas. O Partido Popular naquel momento tivo interese en aprobala, estabamos en vésperas dun proceso electoral e convíñalle que se aprobase esa lei, pero naceu sen a unanimidade, sen o consenso, sen o acordo necesario, e iso fixo que fracasase e non chegase a efectivizarse.

E pasaron catro anos. Curiosamente de novo, nas vésperas dun novo proceso electoral, desta vez si, no ano 2016 aprobouse mediante un acordo unánime a modificación desa Lei do ano 2012, de creación da Área Metropolitana de Vigo. E nese momento si é certo que foi posíbel ese acordo pola renuncia de todas as forzas políticas que estaban gobernando neses concellos, que estaban presentes tamén neste Parlamento, para ceder nas súas posicións e para intentar chegar a un acordo que fixese efectiva esa área metropolitana. Pero esa tregua, ese acordo a verdade é que durou pouco. Unha vez que pasaron as eleccións, voltouse de novo á confrontación.

E iso vímolo como, cando ten lugar a sesión constitutiva da Área Metropolitana, o 1 de decembro, presidida esa sesión constitutiva, a súa mesa de idade, polo alcalde de Salvaterra —do Partido Popular—, toman posesión todos os representantes da Área dos distintos concellos e nese momento xa se visualiza claramente a estratexia de boicot do Partido Popular, abandonando os seus representantes esa xuntanza, e ademais nunha actitude perfectamente coordinada e conxunta na que actúan como representantes do Partido Popular e non como representantes das institucións que os puxeron aí, dos concellos; polo tanto, poñendo en evidencia unha estratexia claramente partidista que estaba perfectamente consensuada e ao servizo tamén das directrices emanadas da Xunta de Galiza, que acababa ademais de pedir un ditame do Consello Consultivo a respecto desa constitución e da súa legalidade. Pero a realidade é que se constitúe, que se elixen os cargos directivos, que se elixe o seu vicepresidente e que son designados os seus órganos de goberno e que o 22 de decembro ponse en marcha tamén a constitución da Xunta de Goberno da Área Metropolitana de Vigo, agora si xa coa ausencia, con ese boicot dos representantes do Partido Popular.

Pois ben, isto pon en evidencia unha nova disputa institucional, unha disputa, máis que institucional, partidista e mesmo personalista entre a Xunta de Galiza e o goberno municipal de Vigo, nunha escalada de acusacións mutuas e de enfrontamento que leva a Xunta de Galiza a unha decisión extrema, que é o 20 de xaneiro interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra a constitución da Área Metropolitana de Vigo e dos seus órganos de goberno.

Ao mesmo tempo, por parte da Dirección Xeral de Administración Local denégase a inscrición da Área Metropolitana no Rexistro de Entidades Locais de Galiza, poñendo en evidencia ese boicot, esa actitude contraria do Goberno e tamén do Partido Popular alí nas institucións onde está presente a esta constitución, e, polo tanto, causando un grave prexuízo —entendemos nós— a toda a veciñanza, a esas 460.000 persoas que son beneficiarias potenciais dos novos servizos que se poderían implantar a través desta ferramenta administrativa.

Polo tanto, hai un claro intento de paralización da Área Metropolitana, que é —non o olvidemos— a primeira área metropolitana de Galiza e que a verdade é que está tendo un mal

comezo e que é un mal exemplo a seguir para a idea de crear outras áreas metropolitanas no país.

Pois ben, as causas do conflito —aí podemos dicir causas aparentes e causas reais—, segundo a argumentación do Partido Popular, teñen que ver coa discrepancia a respecto do convenio asinado o 6 de xullo do 2016 entre o Concello de Vigo, a empresa Vitrasa e a Xunta para a integración do concello de Vigo na área do transporte metropolitano. Esta diverxencia, esta discrepancia a respecto da interpretación deste convenio ten que ver fundamentalmente coa cuestión das tarifas e do pagamento das viaxes urbanas dentro do ámbito municipal de Vigo, dentro do principio que está recollido nese convenio de que teñen que ter o mesmo trato todas as persoas usuarias do transporte público, independentemente de que estean domiciliadas en Vigo ou noutro concello; iso á parte das necesarias adaptacións tecnolóxicas que estaba levando a empresa concesionaria para poder integrarse efectivamente nese convenio.

Ben, a realidade é que hai esa discrepancia e, ante esa diverxencia, o Partido Popular, a través das súas institucións, a través da Xunta de Galicia, en lugar de acudir ao procedemento regado no propio convenio para resolver esa discrepancia, que era intentar resolvelo de mutuo acordo dentro da comisión de seguimento ou, se é o caso, se non é así, a través da aplicación da cláusula dez dese convenio, que prevé a posibilidade de interpoñer un recurso contencioso-administrativo, en lugar de facer iso, en lugar de resolver a discrepancia a respecto do convenio, converte esa discrepancia na escusa para paralizar, para ir en contra da propia constitución da Área; polo tanto, evidenciando que aquí estamos ante un conflito político, que o Partido Popular está facendo unha fronte política neste caso contra o Concello de Vigo e tamén contra todos os concellos da área metropolitana, e que isto é parte dunha estratexia deseñada polo Partido Popular en clave xa preelectoral —como nos demostraron claramente nas súas reunións— na que o que queren é utilizar as institucións que gobernan e mesmo este Parlamento —e ímolo ver tamén despois nunha pregunta que van formular a respecto dun tema que ten que ver con Vigo— para facerlles oposición aos concellos, e, polo tanto, evidenciar a súa incapacidade para o diálogo, para o acordo e a súa preferencia por unha estratexia de confrontación, de disputa institucional, máis que institucional, de disputa política, de disputa partidista, incluso de disputa —diría eu— personalista de pelexa de egos.

Polo tanto, chegados a esta situación, desde o BNG o que queremos é facer un chamamento ao diálogo, un chamamento ao acordo, un chamamento ao consenso entre o Goberno galego e os concellos que integran a Área Metropolitana e fundamentalmente o Concello de Vigo. O que facemos para chegar a ese consenso é pedirles que retiren ese recurso contencioso-administrativo contra a constitución da Área Metropolitana, que en todo caso intenten resolver as discrepancias arredor do transporte no que é a aplicación do propio convenio... (*Murmurios.*) Eu non sei se non teñen algún sitio para falar tranquilamente por aí nalgunha das salas que teñen aí para o Goberno e teñen que estar molestado mentres fala un compañeiro do Parlamento..., pero, bueno, alá cada un.

Ben, en todo caso, o que estaba dicindo é que se pode resolver ese conflito, esa discrepancia, na aplicación —a través da comisión de seguimento do propio convenio ou mediante o contencioso-administrativo— do convenio do transporte, sen recorrer a esa solución absolutamente drástica e extrema que é boicotear a constitución da Área.

E, polo tanto, pedímoslles tamén que se poñan de acordo para executar ese convenio asinado sobre o transporte metropolitano, e poñerse de acordo fundamentalmente na cuestión do financiamento, que é a clave: é quen ten que financiar eses usos do transporte metropolitano dentro do ámbito de Vigo. E parécenos razoable, ademais, que non teña que facelo exclusivamente maioritariamente o Concello de Vigo para o que son os usuarios que non son do seu concello.

Polo tanto, o que lles pedimos, en definitiva, é que poñan por diante o interese colectivo e que abandonen esa estratexia de confrontación e de oposición que están levando a cabo desde o Goberno. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Continuamos no marco de análise xeral, continuamos nesa posverdade e nestes feitos alternativos. Eu pregunteille por aí a algunha asesora lingüística a tradución galega de *trampantojo*, e a verdade é que é un pouco sofisticado, pero, bueno, trátase de enganar fundamentalmente, trátase de presentar unha imaxe da realidade que agoche os verdadeiros obxectivos de quen a presenta; é un termo basicamente teatral —creo—, pero eu creo que se adapta perfectamente á situación que definía o señor Bará.

Nisto, como tamén ten que ver con cuestións orzamentarias —é unha cuestión marxinal—, estaría moi ben que os deputados e deputadas do Partido Popular, por favor, lle digan ao presidente da Xunta que non nos diga continuamente aí que cada ano se reduciron 2.000 millóns de euros nos orzamentos de Galicia, porque nun orzamento de 11.000 millóns de euros, se levas sete anos reducindo 2.000 millóns cada ano, tes un orzamento negativo; é o tema 1 de aritmética básica. (*Aplausos.*) Hoxe díxoo exactamente dúas veces, (*Murmurios.*) foi exactamente o que dixi; se quería dicir outra cousa, expresouse mal ou eu entendín mal. Volvo repetir: sobre 11.000 millóns, se en sete ano reduces 2.000 millóns cada ano, estás nun orzamento negativo —polo menos no sistema euclidiano, non sei se nalgún outro acontecen outras cuestións—.

E tamén aparece Siria e o camiño de Damasco. Neste caso a explicación non é teolóxica. Neste caso o cambio de posición política do Partido Popular en relación coa Área Metropolitana de Vigo chámase pasar de 13 concelleiros en Vigo a 7.

Houbo unha lei no ano 2012, que, efectivamente, se aprobou coa maioría absoluta do Partido Popular, unha lei que establecía unha gobernanza para unha área metropolitana, fose a de Vigo, a de Barcelona, a do Porto ou a de Londres, absolutamente aberrante, na que un concello de 1.700 habitantes tiña o mesmo peso decisorio que un concello de 295.000, o cal, indubidablemente, pois non se sostiña; recoñecíano *off the record* os do PP e todos os demais,

pero nese momento era necesario aprobar unha lei que aparecera como unha especie de órdago, de ordeno e mando, ao alcalde de Vigo.

O resultado —eu lamento ter que repetilo, pero na maneira que vostedes repiten os 41, eu tamén o vou repetir— 17 de 27, vostedes de 13 a 7, o peor resultado do Partido Popular na historia municipal electoral do Concello de Vigo. Ese é o marco xeral de análise desta cuestión.

E, efectivamente, aparece a desculpa, e a desculpa é, indubidablemente, o transporte. O transporte que se recolle no propio convenio asinado en xullo, onde se di que as compensacións da Xunta de Galicia funcionarán respecto do servizo urbano, que se realizarán pola primeira etapa urbana que forme parte dunha viaxe interurbana. É dicir, que forma parte do concepto de transporte metropolitano o transporte urbano vinculado a un traxecto metropolitano, eu creo que non é demasiado complicado de entender. Creo que non é demasiado complicado de entender.

Debe ser tan sinxelo de entender que unha iniciativa do PP, asinada polos señores Pedro Puy Fraga, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias e Álvaro Pérez López, di textualmente: «Os usuarios disporán de transporte urbano gratuíto no caso de que antes ou despois utilicen o transporte interurbano para os seus desprazamentos». Insisto, non a firmei eu, nin a escribín eu.

Por certo, tamén algunha deputada que está neste hemiciclo repartiu pola área metropolitana de Vigo estes escritos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, ¿é verdade ou é mentira? Porque eu vin as fotos no *Faro de Vigo*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, vale, pois xa está. Bueno, pois estes escritos —ía dicir panfletos, pero non sei se panfletos forma parte do libro de estilo do Parlamento—...

Bueno, en todo caso o relevante non é o que se reparte, o relevante é que ao día seguinte, señora Egerique, o alcalde dixo: isto, cando vostedes queiran; e vostede, despois de repartilos, dixo que non, ¿minto?, ¿minto? Vale, pois moi ben se minto. Eu creo que non minto. Ao día seguinte de repartilos o alcalde dixo: isto que está aquí, mañá mesmo; e vostedes —ía dicir «*se la envainaron*» — recuaron, creo que é o termo axeitado.

Polo tanto, eu creo que estamos falando, nós imos apoiar esta iniciativa, presentamos unha emenda en relación exactamente co transporte en canto ao que o propio PP di e o convenio di, que é que, efectivamente, o Concello de Vigo paga o transporte urbano vinculado ao transporte metropolitano. E, desde logo, se algún alcalde ou alcaldesa do Partido Popular, por exemplo a señora Nidia Arévalo, quere que o Concello de Vigo pague o transporte urbano de Vigo aos habitantes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...de Mos, o que ten que facer son dúas cousas: firmar un convenio co Concello de Vigo e aforrar en pancartas que pon na fachada do seu concello, (*Aplausos.*) absolutamente indignas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...dunha responsable política. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea. Señor Merlo.

**O señor MERLO LORENZO:** Señor presidente.

Señorías.

Prometo ser breve, porque a exposición de motivos e a cronoloxía deste asunto é suficientemente argumentada e clara, do mesmo xeito que tamén é clara a posición de bloqueo sobre a mesma que se está utilizando como panca para facer oposición a un municipio por parte do PP. Están vostedes a ser grandes opositores nesta causa, pero malos gobernantes.

No pleno do pasado 22 de novembro tratouse de desatascar esta situación da Área Metropolitana de Vigo e poñer no foco o problema da implantación das canceladoras da concesionaria do transporte urbano Vitrasa como punto de partida, cando o problema real —cosa que tamén se puxo sobre a mesa— era que a Xunta debería solucionar o sobrecusto do billete do transporte urbano integrado no transporte metropolitano.

Rexeitouse a nosa demanda, na que instabamos a Xunta a asumir a parte proporcional do billete urbano segundo o convenio asinado, porque non procedía. Hoxe estamos nas mesmas, estamos nas mesmas porque o que si procedía era iniciar un proceso contencioso-administrativo como ferramenta política en contra da Área Metropolitana de Vigo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor MERLO LORENZO:** Utilizar a Área Metropolitana de Vigo como ferramenta política parécenos unha inxerencia. A Área Metropolitana non se limita ao transporte, é máis que un bonobús, é tamén unha deficitaria porta de urxencias única; unha porta de urxencias única que está xunto a un vergoñento párking privado no Álvaro Cunqueiro; un Álvaro Cunqueiro como macrohospital privado que debe cubrir as necesidades da poboación da área metropolitana; un hospital ao que, por certo, moitos barrios de Vigo, como o de Teis, pide que se lles facilite o acceso por non dispoñer dunha liña de transporte axeitada dende que se pechou o antigo hospital xeral.

Se nos centrásemos no transporte, deberíamos dicir que o problema non está no transporte urbano, está tamén nas estacións intermodais, proxectadas e prometidas e nunca acometidas polo Goberno do señor Feijóo.

Se cadra o que procede é empezar a mirar con lupa todo aquilo que o Goberno da Xunta si acometeu dentro da área metropolitana e as motivacións para acometelo.

Desatasquemos a situación e avancemos. Por unha vez que o Grupo Popular lexisle neste asunto polo interese da poboación, non lle van caer os aneis a ninguén. Esperamos que se apoie esta moción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Bará, incorre vostede na súa proposta en graves erros de memoria e de interpretación, creo que lle pasaron mal os apuntes. Mire, erro de memoria, porque no ano 2012 si se celebrou unha sesión constitutiva á que nos convocou o señor Abel Caballero. O que non se fixo foi elixir o presidente. Por dúas cousas: primeiro, porque había un boicot por parte do alcalde de Vigo e dos representantes socialistas do Concello de Vigo; e, segundo, porque o Partido Popular entendeu que era irresponsable avanzar na posta en marcha efectiva da Área ausentándose unha parte tan importante da asemblea. Observe vostede que diferenza co que está pasando a día de hoxe.

Erros de interpretación, señoría, tamén, porque na última sesión constitutiva nin un só representante do PP abandonou esa sesión, do mesmo xeito que cando dentro dun rato o presidente da Cámara suspenda a sesión e vostede e mais eu saíamos de aquí, probablemente, para ir comer, nin vostede nin eu estaremos nin abandonando a sesión, nin incorrendo en incumprimento das nosas obrigas.

Por certo, sobre este tema, o propio alcalde de Vigo dicía que el estaría e acataría o que decidise a mesa de idade sobre se podía continuar ou non. Tamén é certo que foi ata que chegou á mesa de idade e descubriu que el non a presidía, porque o señor alcalde de Vigo pode cambiar de opinión, o que non cambia é de mañás, de mañás non cambia. Mentres pensou que a presidía el, respectábaa; cando el non a presidía, entón non vale para nada.

E mire, a actuación do alcalde de Salvaterra non foi caprichosa, claro que non. Mire, guiouse por dous informes emitidos polo Consello Consultivo, que indicaban que podía procederse á constitución formal da Área Metropolitana, pero non avanzar na súa constitución efectiva. Iso é o que dicía ese informe.

Mire, o primeiro informe solicitado —asómbrese, señor Bará— polo alcalde de Vigo dicía que para elixir o presidente da Área Metropolitana previamente había que nomear correctamente os representantes dos concellos de Gondomar e Moaña, para non conculcar os seus dereitos políticos. Mire, tres meses despois nin o alcalde socialista de Gondomar nin a alcaldesa nacionalista de Moaña corrixiron esa irregularidade. ¿Terá que ver con que eses dous representantes lle corresponden ao Partido Popular en vez de un ao PSOE e un ao BNG,



como fixeron ata agora? ¿Terá que ver con iso ou será que non corre tanta présa resolver os problemas da Área Metropolitana?

O segundo informe do Consultivo, señorías, advertía que para constituír a Área de maneira imprescindible era imprescindible, con carácter previo, que o transporte urbano de Vigo se integrase, efectivamente, no Plan de transporte metropolitano de Galicia. Todos sabemos que iso non aconteceu, e ante ese incumprimento, ¿que fai o señor Bará?, ¿exixirlle ao alcalde de Vigo que cumpra? Non, vén aquí e pídelle á Xunta que renegocie: un único alcalde, unha proposta, unha lei consensuada con 14 concellos e aprobada por unanimidade desta Cámara, e a iso vostede chámalle consenso. ¡Bravo, señor Bará! Pero tamén nos pide que alcancemos un acordo para executar o convenio de transporte metropolitano garantindo —cito literalmente— «as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia da súa procedencia». Por certo, o que leva defendendo o Partido Popular meses.

Léolle a disposición adicional décimo primeira da lei, que tamén é lei. Mire, punto 1 —en relación coa incorporación do transporte de Vigo—: «Esta incorporación realizarase nas mesmas condicións que o resto de municipios galegos adheridos ao plan». Punto 2: «A dita incorporación non suporá incremento ningún para a Xunta de Galicia ou para os outros concellos».

¿Ten vostede algunha dúbida, señor Bará? Porque se non hai incremento económico para a Xunta, se non hai incremento económico para os outros concellos, só hai dúas opcións: ou pagan os usuarios ou paga este arremedo de tío Gilito que presume de ter 97 millóns na caixa do concello mentres incumpre as obrigas que asumiu na firma pública dun convenio, señor Bará; esa é a realidade do que está pasando na Área Metropolitana de Vigo, señoría.

Mire, agora tócalle a vostede elixir: usuarios ou concello, xente do común ou sillón na deputación. Porque esa é a elección real á que vostede nos traslada hoxe, non outra, señor Bará. Mire, non quero deixar de falar da emenda —se mo permite—, a emenda diabólica que lle presentou don Abel, non vou concretar o apelido.

Mire, primeiro porque constata que non ten nin idea do que é o transporte metropolitano. Unha cuestión rápida, mire, autobuses entre distintas cidades: interurbano; autobuses nunha mesma cidade: urbano. Interurbano máis urbano: transporte metropolitano. Cando entenda isto podemos falar de máis temas de transporte, mentres non. (*Aplausos.*)

E, por certo, non lle digo nada máis, ata ese momento só lle direi 41-14, que parece que disfruta vostede co marcador. Mire, para o que si vai servir esta emenda é para clarearnos que pensa o BNG. Porque mire, señor Bará, se vostede non acepta esta emenda, está recoñecendo que as solicitudes do Partido Popular de relacións e transporte son lexítimas, e o único motivo para que non nos apoie nisto é que prefire atacar o PP a defender os veciños.

Pero tamén pode pasar que a acepte, e se a acepta saberemos que o BNG e calquera que apoie esa votación renuncia a que os veciños de Moaña, e do resto da área de Vigo, accedan ao transporte urbano nas mesmas condicións que os veciños de Carballo ou de Fene, gobernados polo BNG...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que están utilizando o transporte urbano da Coruña ou de Ferrol, gobernadas polas mareas. Pero, ¿que pasa?, ¿que os de Vigo e a área metropolitana somos de peor condicións? Nós dicimos, mesmas obrigas, mesmas vantaxes. Eu o que lle pido é que reflexione...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ... —si, remato xa— teñen que reflexionar, porque alí onde se implantou o Plan de transporte da Xunta se abarataron os custos do transporte público. Alí onde o PSOE o boicoteou coa conivencia do BNG e das mareas, o único que pasou é que acaba de subir...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...o billete e lle acaban de dar 1.600.000 euros máis da concesionaria pública de transporte.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Pregúntome quen traballa para esas concesións públicas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos. Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Veunos moi fogoso o señor Pazos a este debate.

A min recordoume a un persoeiro que coñecín en Bos Aires, da emigración Arxentina, o señor Paco Lores, que é un dirixente da Federación Galega de Sociedades Culturais, que me contou unha anécdota con Arturo Cadrado. Arturo Cadrado era unha persoa moi festeira, entón Paco Lores tiña, e ten —aínda vive—, un carácter moi fogoso e moi animoso, e cando se alteraba moito Arturo Cadrado dicíalle: «*No te enojés, Paco, diviértete*». Eu diríalle: «*No te enojés, Pazos, diviértete*». *(Aplausos.)* Non te poñas así, tampouco a cousa é para tanto.

Bueno, tamén lle agradezo moito que me dea esas leccións sobre todo o procedemento e todo o proceso, pero non se preocupe que eu xa lin —xa me preocupe de ler— o recurso, que é a súa fonte de inspiración e de información, o recurso contencioso-administrativo do letrado da Xunta, onde relata, precisamente, esa versión. Esa é a versión que despois terán que dicir os tribunais se esa é a versión correcta.

En todo caso, este tema e outros, que veremos despois no debate da tarde, o que poñen en evidencia son as súas obsesións, as súas obsesións que son obsesións enfermizas, contra determinados gobernos municipais. Esa maneira de facer oposición desde o Goberno a min paréceme un absoluto contrasentido.

Respecto do transporte da área metropolitana, no seu convenio, na cláusula 10, di exactamente que a resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas se resolverá, en defecto de acordo entre as partes —que sería a solución lóxica—, e dado o carácter administrativo do convenio, pola xurisdición contencioso-administrativa. Pero para o convenio do transporte, non contra a área metropolitana. E, ademais, hai unha comisión de seguimento que permite resolver estas cuestións.

Polo tanto, vostedes o que queren aquí é pasar á historia como os enterradores da Área Metropolitana de Vigo. Están antepoñendo os intereses particulares e partidistas nunha estratexia de confrontación que lles interesa por cuestións electorais, utilizando o Goberno para atacar, para facerlles oposición aos concellos. Eu creo que están demostrando unha curtidade de miras e que lles falta visión ampla, xenerosidade e visión de futuro para poder chegar a acordos con gobernos que foron elixidos democraticamente e que teñen toda a lexitimidade para defender os seus intereses.

Así que, insistimos, facémoslle un chamamento ao diálogo, un chamamento ao consenso, se queren facemos nós tarefas de mediación, non hai ningún problema. Eu son de Vilaboa, que é un concello que non está na Área Metropolitana de Vigo, pero ofrecémonos alí, se queren terreo neutral, para chegar a acordos. Polo tanto, fagan un esforzo, cedan tamén, como se cedeu para chegar ao acordo da Lei do 2016, non lle poñan freo, non lle fagan este boicot á Área Metropolitana de Vigo. Abandonen esas posicións...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**O señor BARÁ TORRES:** ...—si— de botarse ao monte, e, polo tanto, demostren capacidade para chegar a acordos.

E con respecto á emenda, desde logo, non temos ningún problema, porque creo que matiza, completa e aclara cal é a posición que defende este grupo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(A señora Egerique Mosquera pide a palabra.)*

¿Si? ¿Para que quere a palabra? *(A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora Egerique. *(Pausa.)* Déanlle voz ao escano da señora Egerique, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Por alusións. Ao amparo do artigo 76.1, por alusións, pido o turno de palabra.

**O señor PRESIDENTE:** Foi mencionada, e non estaba vostede no debate. Proceda.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Aclaración: nós ofrecemos información certa, verdadeira e clara sobre o convenio de transporte que asinou o alcalde de Vigo. Todos os concelleiros metropolitanos, todos os concelleiros metropolitanos..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* utilizan eses mesmos cadros informativos...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...para explicar cales son as tarifas reais do transporte, e quedan ben claras. Os gobernos do PSOE son gobernos de foto e firma, e os gobernos do PP son gobernos de feitos, compromisos e acción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(Murmurios.)*

*(O señor Losada Álvarez pide a palabra.)*

¿Para que quere a palabra, señor Losada?

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Para que se retire a expresión de «tío Gilito» do alcalde de Vigo. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón...

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Creo que debería de retirarse, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Vamos ver...

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Creo que debería de retirarse, sobre todo cando as «camisas azuis» molestan e os encordios molestan. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor!

Non imos levar a cousa aos extremos que hai que levala. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, perdoe, no Parlamento tamén é necesario, cando se utiliza sen maldade, e este presidente o consente... *(Murmurios.)* Non, perdoe, non intuín eu maldade porque foi... Ademais, non foi nin unha referencia ao alcalde de Vigo, non a entendín así. Eu interpreteina así, e en ningún momento se mencionou así. *(Murmurios.)* Tamén fai falta no Parlamento —e eu deixo facer este xogo— algo de ironía, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* se é respectuosa. Polo tanto, creo que non procede. E sabe que as alusións, ademais, non se contestan. *(Murmurios.)*

Polo tanto, imos á última proposición non de lei. Ímola substanciar.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa o Ministerio de Xustiza, en demanda das xestións necesarias para seguir a entender exentos de IVE os servizos prestados por avogados e procuradores na quenda de oficio.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Bo día.

Ben, presidente, como isto vai de dereito, a doutrina do precedente tamén ten que ver co dereito e o Regulamento da Cámara tamén, pois a partir de agora teremos un precedente todos os deputados e todas as deputadas cada vez que sexamos citados nun debate no que non interviñeramos. *(Aplausos.)* Poderemos facer un texto reivindicativo e lelo nas nosas intervencións, porque, se pode ser unha vez, poderá ser ata o infinito, aínda que a doutrina do precedente non sexa unha doutrina moi propia do dereito comparado.

A xustiza é un servizo público, e a quenda de oficio constitúe, sen dúbida, unha parte fundamental da prestación deste servizo público. O Goberno galego ten conxeladas as cantidades que lles aboa aos procuradores e aos avogados que desenvolven este servizo público dende o ano 2009, e dende aquí —eu si estou no debate— si que reivindicamos que haxa unha mellora no desglose de conceptos incluídos no baremo de compensación. E vou poñer uns exemplos.

Por todo un procedemento do xurado un letrado do turno de oficio recibe unha subvención de 591 euros; por un procedemento de divorcio, 350 —máis ou menos, son cantidades redondas, porque tamén hai céntimos—; por un procedemento penal de especial complexidade —é dicir, ler máis de 1.000 folios, di expresamente o decreto—, 455 euros, —dous euros por folio, a maiores do resto dos gastos—; por saídas á prisión —coidado, non máis de dúas veces por procedemento, incluídos eses de máis de 1.000 folios—, 19 euros; e por un procedemento concursal, nada expresamente, porque o baremo non o especifica, nin tampouco a mediación nin tampouco a arbitrase, por exemplo.

Dende que a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Hacienda do ano 1986 ditaba unha resolución no ano 1986 os servizos que prestaban os letrados e os procuradores na quenda de oficio, ou as asistencias a detidos, son obrigatorios, polo que as cantidades que aboa a Administración non son nin retribucións nin compensacións. Logo explicarei isto de «obrigatorio», porque hai por aí unha lenda popular que di que o turno de oficio é voluntario. Ben, pois explicaremos que non, que en España non é voluntario.

Hai escasamente un mes a mesma Dirección Xeral de Tributos cambiaba o criterio e declaraba a fin da exención fiscal do IVE. Polo tanto, en Galicia vai haber —ou habería— arredor duns 2.500 profesionais dende hai trinta anos que terán que aboar o IVE polas cantidades que reciban pola quenda de oficio. Polo visto, segundo explicaba Montoro, a súa motivación está nunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que fala da quenda de oficio de Bélxica, e remata dicindo que en Bélxica a quenda de oficio é voluntaria e que hai que aboar o IVE.

Ben, pois negamos a maior. En España, e en Galicia tamén, apuntarse, anotarse á quenda de oficio é voluntario, pero no momento en que un entra na quenda de oficio e se lle asigna un cliente é irrenunciabile; as causas de renuncia para poder levar un asunto da quenda de oficio son tan pequenas, tan limitadas e teñen que estar tan ben xustificadas que practicamente non existen. Polo tanto, é obrigatorio. E, por certo, é gratuíto no 100 % para o beneficiario, porque así o di a Constitución. É dicir, o cliente non podería pagar o IVE, non o podería asumir. Isto significa que cando un está prestando ese servizo público á quenda de oficio non opera no mercado, non elixe o seu cliente, non cobra prezo, cobra unha subvención do Estado, segundo di a Lei de asistencia xurídica gratuíta do ano 1996. Cantidades —das que xa dei exemplos— que xa expliquei que son raquílicas. O máis triste de todo é que o que fixo Montoro, collendo como excusa esta sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, foi unha interpretación... —espero que o presidente me admita a palabra— torticera da sentenza e dixo que era obrigatorio a partir dese momento aboar o IVE os letrados e os procuradores que atendan a quenda de oficio e a asistencia a detidos.

Partindo de que fose obrigatorio teoricamente, a primeira cuestión é: ¿quen debería asumir esa factura? Nós entendemos que debería ser a Administración, porque ese 21 % suporía reducir aínda máis as cantidades raquílicas do baremo. Pero hai que emitir unha factura e, claro, ¿a quen se lle emite esa factura?, ¿a eses clientes que, segundo a Constitución, teñen gratuidade na asistencia xurídica?, ¿a eses que viven nunha *roulotte* na calle ou que dormen nun caixeiro de Abanca ou que están nun procedemento penal por roubo porque queren seguir consumindo substancias psicotrópicas? Pois a eses, parece ser, é aos que lles hai que emitir a factura e exixirlles que aboen o IVE.

A quenda de oficio, por exemplo —vou explicar o de que non é voluntario senón que é obrigatorio—, é tan anacrónica que os xulgados penais lles piden aos colexios de avogados que designen letrados e procuradores para defender as persoas xurídicas, pero o Tribunal Constitucional di que as persoas xurídicas non teñen dereito á prestación xurídica gratuíta. Pero os letrados e os procuradores están obrigados, porque son designados polo seu colexio de avogados para esa defensa ou para esa representación no caso dos procuradores. Polo tanto, terían que facer un traballo absolutamente gratis porque están obrigados. Nós non somos Bélxica, por sorte neste caso e por desgraza en moitos outros.



A segunda cuestión é de onde vai sacar, de onde se van detraer esas cantidades do 21 % a maiores. E nós cheirámonos que a intención vai ser sacalas dos fondos que se teñen orzados para financiar o dereito á asistencia xurídica gratuíta, prexudicando así a prestación dun servizo que é un dereito fundamental, o dereito á tutela xudicial efectiva do artigo 24 da Constitución. O Grupo Parlamentario Socialista entende que en ningún caso debería detraerse dos fondos para financiar a quenda de oficio a asistencia xurídica gratuíta, senón que —e neste caso vénnos como anel ao dedo—, en todo caso, do fondo de continxencia.

Chegados a este punto, pola presión dos profesionais, porque así o di a lei e porque, ademais, o Partido Socialista presentou varias iniciativas no Congreso dos Deputados, Montoro acabou claudicando e dixo que o IVE ía ser pagado polo Ministerio de Xustiza, e polas comunidades autónomas alí onde estivese transferido. Así que lles pasou a papeleta ás comunidades autónomas, e asumíuno sen dicir se, efectivamente, somos ou non somos Bélxica. É dicir, seguindo as instrucións que marcou Montoro, Galicia, a Xunta de Galicia, vai ter que aboar o imposto. Este ano, nos orzamentos que vostedes acaban de aprobar de maneira exclusiva, a quenda de oficio adecentouse, maquillouse un pouco, e vai recibir 11 millóns de euros. (*Murmurios.*) Nós pedimos que a aplicación do IVE supoña 2 euros máis, un sobrecusto, non que se reste deses 11 millóns de euros iniciais, sen esquecer —entendemos— que o seu sería que o sistema seguise a ser exactamente igual que ata o de agora dende os últimos trinta anos da súa aplicación.

E por iso lle pedimos ao Parlamento de Galicia que inste o Goberno para que asuma este sobrecusto que vai supoñer a decisión da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Hacienda de que os servizos que son prestados polos profesionais adscritos á quenda de oficio deixen de estar exentos de IVE, procedendo ao incremento da partida orzamentaria para tal efecto.

Da emenda falarei con posterioridade, na miña segunda intervención.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, efectivamente, debatemos hoxe unha cuestión que xorde agora recentemente, no mes de xaneiro, concretamente o 25 de xaneiro de 2017, como xa ten exposto a señora Vilán. Efectivamente, hai unha resolución da Dirección Xeral de Tributos do ano 1986 na que os servizos prestados polos profesionais da avogacía e da procuradoría na quenda de oficio son servizos públicos gratuítos e, polo tanto, estas indemnizacións non teñen carácter de retribución nin de compensación pola súa prestación e, polo tanto, están exentas de IVE. Foi un tema absolutamente indiscutido en España durante os últimos trinta anos, e nós concordamos con ese criterio.

¿E quen racha con este criterio? Non é o señor Montoro, señora Vilán, vostede saltou un paso, é a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea; unha sentenza que, como vos—

tede ben dixo, foi concretamente por un caso — non en Bélxica— en España, onde os servizos de asistencia xurídica gratuíta son voluntarios e non obrigatorios, como vostede acada de defender no seu turno de palabra. E a partir desa sentenza hai unha consulta vinculante á Dirección General de Tributos, non ao señor Montoro.

Polo tanto, non é unha decisión política, senón que é unha cuestión absolutamente técnica, como vostede ben sabe, e, polo tanto, a consulta vinculante á Dirección General de Tributos o que di é que, efectivamente, esa sentenza nos afecta e que deixan de estar estes servizos exentos de IVE.

Polo tanto, hai dúas posturas: os que dicimos que teñen que seguir estando exentos de IVE e os que manteñen, como vostede na súa iniciativa —que vostede xa dá por perdida esta batalla—, que di que, xa que van ter que pagar o IVE, que o faga a Comunidade Autónoma.

Ben, nós presentamos unha emenda na que dicimos que non son servizos voluntarios, como en Bélxica, e que aínda hai argumentos técnicos para defender a non repercusión do IVE, dado o carácter obrigatorio da asistencia. Vostede acaba de dicir que negan a maior, pero na súa proposta de resolución non negan a maior, porque vostede di que se dote de máis orzamento a Xunta e que sexa a Xunta quen o pague, por iso creo que é importante saber que postura defendemos aquí. Nós seguimos defendendo a postura que está negociando o Ministerio de Xustiza co Ministerio de Facenda en colaboración e da man do Consello Xeral da Avogacía de España, que vostede sabe que é un tema que non está resolto, que é un tema que non está pechado e que aínda están en negociación, e nós non damos esa batalla por perdida.

Nós na nosa emenda o que pedimos é que estes servizos sigan estando exentos de IVE; igual, señoría, que o pide o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados, porque vostede debería ler... (*Murmurios.*) Bueno, pois se xa sabe, entón, o que pide o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados aceptará a nosa emenda, porque pedimos exactamente o mesmo que pide o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados. Entón, supoño que estamos todos de acordo.

Porque, señora Vilán, nós, se o obxectivo desta proposición non de lei é que os letrados e procuradores adscritos á quenda de oficio sigan realizando o seu labor de xeito eficaz, eficiente, exentos de IVE, pois estamos todos de acordo e, polo tanto, sairemos deste debate cunha proposta común para que esta proposta, votada por unanimidade de todos os grupos da Cámara, chegue a onde teña que chegar e faga a presión que teña que facer. Agora ben, se o obxectivo é outro, pois entón non seremos útiles nin aos procuradores nin aos avogados, que piden a nosa colaboración neste asunto. E se queremos ser útiles e non utilizar partidistamente unha cuestión que, como vostede ben sabe, é técnico-xurídica e non política, porque durante trinta anos nin o Goberno socialista nin o Goberno do Partido Popular no Estado mudaron de criterio senón que foi unha sentenza do Tribunal de Justicia da Unión Europea o que, ditando unha resolución, nun país cunha situación xurídica e técnica completamente diferente a España... Agora a Dirección Xeral de Tributos fai unha interpretación diferente. Nós, ao igual que dixo vostede, seguimos pensando que non temos os mesmos parámetros de Bélxica e seguimos pensando que aínda hai que seguir dando a batalla de que este servizo público siga estando exento de IVE.

Polo tanto, a emenda que presentamos, señora Vilán... Porque nós a resolución, a súa proposta, non podemos aceptala porque di: «O Parlamento insta a Xunta a asumir o subrecusto que vai supoñer a decisión da Dirección Xeral de Tributos de que os servizos que prestan os profesionais adscritos ao turno de oficio deixen de estar exentos de IVE, procedendo ao incremento da partida orzamentaria para tal efecto». Nós non consideramos que a Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...teña que asumir este sobrecusto. A nosa emenda o que pide é que eses servizos sigan estando exentos de IVE. Polo tanto, nós non damos por perdida esa batalla. Se vostedes a dan, ¡alá vostedes! Nós non podemos participar desa proposta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Eu procuro seguir esa máxima vella que está alterada de: «*Lo valiente no quita lo cortés*». Entón, quero anunciar que, por parte do Grupo do BNG compartimos o criterio do Grupo Popular e apoiamos, en todo caso, esa emenda porque nos parece que enriquece o acordo.

Efectivamente, estamos a falar dun dereito fundamental para garantir o acceso á xustiza das persoas sen recursos, a quenda de oficio. Tamén é certo que sobre esta quenda ata o momento o Ministerio de Facenda tiña un criterio asumido: que a deixaba exenta do IVE por entender que era un servizo que se presta con carácter obrigatorio e gratuíto. En todo caso, ese cambio de criterio, amparado nesa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nós entendemos que non é de obrigado cumprimento para o Estado español, aínda que tamén é certo que o señor ministro de Facenda, en sede parlamentaria, anunciou que a aplicación do IVE ía ir adiante, que ía ser sufragado —nunha resposta parlamentaria polo menos dixo iso— pola Administración e que, no caso de Galicia, suporía un incremento do gasto por parte da Xunta de Galicia de 2,2 millóns de euros.

Nós, desde logo, polo menos, non temos ningún interese en que se incrementen os gastos da Xunta de Galiza e menos para esta cuestión e, en todo caso, que se incrementen para financiar mellor a quenda de oficio.

Tamén é certo que o ministro de Xustiza fixo declaracións públicas dicindo que esta era unha cuestión que estaba aberta e que ían intentar chegar a un acordo co Ministerio de Facenda.

Polo tanto, a nosa posición sería favorable, como primeira opción, a que non se aplique o IVE a este servizo, e, no caso de que sexa así, desde logo, que sexa custeado pola Administración autonómica e que tampouco vaia en detrimento do necesario incremento da compensación que reciben os profesionais da quenda de oficio, deixando claro que a nosa

primeira e mellor opción pensamos que é que non se aplique —porque así entendemos que non deriva desa sentenza do tribunal da Unión Europea— o IVE a este servizo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Nós consideramos tamén que, dende o punto de vista do dereito da tutela xudicial efectiva, do artigo 24 da Constitución, e mais do dereito á xustiza gratuíta, do artigo 119, non pode derivar en ningún caso unha interpretación nin da sentenza nin da Dirección Xeral de Tributos que vaia en menoscabo do dereito ao acceso de todas as persoas á xustiza. Evidentemente, para poder evitarse iso, é necesario, en primeiro lugar, que non repercuta o custo sobre a avogacía. E a partir de aí veñen os problemas, que foi o problema, precisamente, formulado polo propio ministro Montoro, «o tío Gilito» da economía española.

Neste caso, nós entendemos que o que xustifica esa alarma a nivel político é unha cuestión estritamente xurídica, e estou tamén de acordo substancialmente co que dixo a señora Prado, que é unha cuestión que aínda ten percorrido técnico. E ten percorrido técnico por unha razón: porque a Lei xeral tributaria, no artigo 89, establece cal é a forza que teñen as consultas á Dirección Xeral Tributaria, e establece que a súa vinculación é única e exclusivamente en relación co obrigado tributario, que fai unha cousa determinada que vincula a Administración pero que nin sequera establece unha relación entre as dúas partes, de tal maneira que nin sequera é recorrible a propia consulta, soamente é recorrible a decisión que saia no procedemento administrativo como consecuencia desa consulta, e que en todo caso se mantería, de ser o caso, en tanto a lexislación ou a xurisprudencia aplicables ao caso se mantivesen.

Creo que hai un erro de partida aquí e é que, efectivamente, eu considero —e nós consideramos— que a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea non é aplicable a este caso. Polo tanto, os que meteron a pata foron os da Dirección Xeral de Tributos. Veremos despois se os tribunais din que a meteron ou non, porque o artigo 89.4 permite despois recorrer, como consecuencia da resolución da Dirección Xeral de Tributos, o resultado.

Claro, entón, ¿por que estamos aquí? Estamos aquí precisamente polas declaracións do «tío Gilito» en relación con isto, que é o que lle dá unha dimensión que fai que traíamos isto ao Parlamento, porque é o propio ministro o que difire ao Parlamento a asunción do custo, e é o que, polo tanto, pode comprometer o bo funcionamento do servizo de xustiza gratuíta. Iso é o que nós pretendemos evitar.

Polo tanto, nós sumámonos a esta proposta e quereríamos que se chegase a un acordo con respecto a esa transacción. Parécenos razoable porque o debate camiñaría no termo estritamente xurídico, se non fose pola irrupción de Montoro, pero, dado que irrompeu, temos que tamén nós establecer unha prevención, e esa prevención de carácter político fronte a ese intento de carácter político ten que dar lugar a que nós digamos claramente que imos ante todo salvagardar o contido do dereito á tutela xudicial efectiva, salvagardar ante todo o de-

reito a que todo o mundo poida acceder, con independencia da súa situación económica, á xurisdición, o dereito a que os profesionais e as profesionais non van ter que sufrir os custos deste 21 %, no caso de que se impuxese, e o dereito tamén a que iso non supoña unha merma de fondos dispoñibles para a xustiza gratuíta.

Polo tanto, como temos que compaxinar todo iso, é polo que nós, neste caso, apoiaremos esta moción; preferiríamos coa emenda. Non sei se chegarán vostedes a un acordo ou non, pero gustaríanos que si, porque nós o que queremos tamén aquí é transmitir á Cámara que é unha cuestión técnica, que se pode solucionar pola vía técnica, e que a solución política, que foi poñer a venda antes que a ferida, que fixo Montoro, pode ser inocente ou non selo. Pode ser inocente no sentido de que descoñece cal é o funcionamento ou cal é a dinámica da Dirección Xeral de Tributos e cal sería o alcance desa consulta tributaria do artigo 39, ou pode que sexa simplemente un globo sonda. Entón, nós, por se acaso, faremos ese pronunciamento nese sentido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** A verdade é que sorprende bastante que se diga que isto é unha decisión técnica e que non é unha decisión política. Polo momento a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Hacienda ten un cargo, alguén que a dirixe, que é un alto cargo, e, polo tanto, é un órgano designado politicamente. Polo tanto, a decisión de aplicar a España a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea foi unha decisión política do ministro de Hacienda do Goberno español.

É moi curioso. A verdade é que, lamentablemente, por unha vez coincidimos co que di o ministro Montoro. Tamén é triste coincidir con el, pero, bueno, agradecemos que a señora Paula Prado critique abertamente o señor Montoro. Botamos de menos a súa crítica cando se fixo aquela lei de amnistía fiscal con relación á corrupción; a verdade é que estaría ben que tamén naquel momento se tivera manifestado. (*Aplausos.*)

Sabemos que o Grupo Parlamentario Socialista presentou no Congreso unha iniciativa con posterioridade, precisamente, a que nós a rexistrásemos neste Parlamento, e probablemente por aí está a diferenza. E, ademais, é que non nos fiamos de que, efectivamente, se pedimos de maneira exclusiva que se manteña a situación igual —Montoro dixo que o ían asumir as administracións; é dicir, que xa dá por feito que a súa decisión política de aplicar a sentenza da Unión Europea vai ir á misa, nunca mellor dito—, como nos cheiramos —volvo dicir— que isto pode non ocorrer, de maneira alternativa poñemos esta segunda solución.

En todo caso, nós, claro, estamos de acordo porque temos falado cos profesionais. Non vimos aquí con iniciativas que saquemos da chisteira, vimos aquí con iniciativas que nos piden dende fóra. Despois de ter falado cos profesionais, sabemos que o que quere-

mos é que se manteña a situación exactamente igual que a que leva existindo en España dende hai trinta anos, e, polo tanto, propoñemos unha transacción, que é a seguinte, co seguinte texto:

«O Parlamento insta o Goberno da Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Xustiza para entender exentos de IVE os servizos prestados por avogados e procuradores na quenda de oficio; e, subsidiariamente, a asumir o sobrecusto que vai supoñer a decisión da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Hacienda de que os servizos que prestan as/os profesionais adscritos á quenda de oficio deixan de estar exentos do IVE, procedendo ao incremento da partida orzamentaria para tal efecto».

Porque como isto, segundo vostede, señora Paula Prado, é unha decisión técnica, se o Ministerio lles di aos técnicos, se o señor Montoro lles di aos técnicos, que somos como Bélxica, non vai ser posible que esteamos na situación de hai trinta anos e imos ter que mudala. ¿E quen vai ter que pagar o IVE? ¿Os letrados? ¿Os clientes que viven na rúa?

Cremos que, de maneira subsidiaria, sempre é mellor ter unha segunda alternativa.

Se nos aceptan a transacción, estupendo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate das proposicións, procedemos a votar as mesmas.

Comezamos votando a Proposición do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregas as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

¿Hai unha proposta de transacción? Si, se ma le. Pendente de transacción había unha emenda, quedou pendente de se aceptaba a emenda súa.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Nós temos unha proposta de transacción de parte do texto.

**O señor PRESIDENTE:** Imos ver. Había unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, vostede onte pronunciouse que sobre a emenda do Grupo Parlamentario Popular pode... ¿Non negociou con el a transacción? Trátase de saber se acepta a emenda ou non do Grupo Parlamentario Popular.

Parece ser que esta emenda, ademais, xa foi aceptada en comisión, tal como foi.

Entón, imos votar iso, ¿votamos coa emenda aceptada do PP?



**A señora TOJA SUÁREZ:** Non, é unha proposta de transacción de acordo co texto que aprobamos na Comisión 6ª o outro día.

**O señor PRESIDENTE:** Pois a ver.

É que é a transacción que fixeron o outro día, entón é a mesma.

O outro día na comisión fixeron unha transacción e chegaron a unha proposta, é a mesma. Entón, votamos o mesmo.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o mesmo do outro día. Votamos a emenda do outro día, a emenda que presentou o PP, que é a transacción.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** Perfecto, votamos. Perfecto.

Imos votar.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e Dª María Dolores Toja Suárez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; votos en contra, 0; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D. Pedro Puy, sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos.

Parece ser que hai unha transacción que se acorda a través dunha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, se ma pode ler.

**O señor PUY FRAGA:** Si, señor presidente.

A transacción di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia e do Consello Económico e Social, un

informe sobre os posibles impactos do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos. A Xunta dará conta ao Parlamento do desenvolvemento deste informe, en todo caso antes do remate do ano 2017.>>

**O señor PRESIDENTE:** Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e oito deputados máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do Brexit na economía galega e nos seus sectores produtivos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular.

Parece ser que non houbo acordo, votamos, logo, a proposición tal como está.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 6; abstencións, 27.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados máis.

Aceptouse a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados máis, sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurlingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Bará Torres e cinco deputados máis.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Bará Torres e cinco deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados máis.

Foi lida unha proposta de transacción e non é aceptada polo Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata ás dezaseis trinta.

*Suspéndese a sesión ás tres e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Noela Blanco Rodríguez, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías. Moi boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe imos preguntarlle sobre unha xoia do barroco da provincia de Ourense que está situada en Ribadavia, a reitoral de Santo André de Camporredondo; un conxunto arquitectónico que pertenceu nun primeiro momento ao Bispado, que pasou posteriormente a estar xestionado polo Concello de Rivadavia —o concello socialista daquelas tamén, non soamente agora, de Ribadavia— e que despois se transferiu á Xunta de Galicia.

O obxectivo desa transferencia era poñer en marcha o Museo dos Viños de Galicia, e a ubicación entendo que non foi casual. Atopámonos nunha provincia, a de Ourense, onde se encontran catro das cinco denominacións de orixe que hai na Comunidade Autónoma galega. Pois ben, xa pasaron trinta e un anos dende esa cesión, na que o Goberno do bipartito fixo unha reconstrución, un mantemento e uns traballos de conservación para intentar poñer en marcha esta infraestrutura, este espazo museístico, que está paralizada dende entón.

As últimas novas que temos ao respecto son do ano 2015, tras as eleccións autonómicas, cando a Deputación de Ourense se ofrecía a facer unha colaboración coa Xunta de Galicia para poñelo definitivamente en marcha. Hai que ter en conta que o único que falta é dotalo de recursos humanos e dalgún recurso material moi concreto que falta, posto que está completamente dotado de toda a infraestrutura interna.

Nós estamos a favor desta colaboración entre entidades, e cóstanos, ademais, ao Grupo Socialista e a todos os ourensáns, que na Deputación de Ourense hai traballadores dabondo como para que poidan desprazarse ao espazo museístico do viño.

A semana pasada visitaba xunto co voceiro do Grupo Parlamentario Socialista e co alcalde de Ribadavia este espazo, e o que nos atopabamos era, señor conselleiro, algo desolador. Un espazo ao que eu lles recomendo, señorías, que, se non o coñecen, se acheguen á provincia de Ourense a velo, dunha grandísima riqueza en patrimonio, que está completamente abandonado, practicamente cuberto pola maleza e que está pechado. Esta non pode ser a imaxe que tanto a comarca do Ribeiro —unha comarca eminentemente turística tamén— como a provincia de Ourense estean dando ás persoas que nos visitan e tamén aos veciños e veciñas desta zona.

Nos visitabámolo —como lle dicía— porque os socialistas adoitamos acercarnos alí non soamente en campaña electoral —como fan dende o Partido Popular—, para prometer constantemente que se vai abrir de maneira inmediata; facémolo de maneira regular e seguimos comprobando que o estado é o mesmo. O que eu lle quero preguntar hoxe é, claramente, cando se ten previsto abrir este espazo museístico, abrillo ao público e poñer en marcha un recurso turístico que consideramos que é importantísimo para a provincia de Ourense.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, alegrámonos de que visite o Museo de Ribadavia, (*Risos.*) sen dúbida é fantástico para visitar. É unha xoia do barroco civil rural con influencias compostelás, e alegrámonos de que o visite.

Afortunadamente, vostede citou aquí que este é un proxecto que leva moitísimos anos en xestión. E tamén lle quero dicir que seguramente e afortunadamente será este Goberno quen lle poña o ramo a esta iniciativa que —como vostede di— naceu hai moito tempo.

Fixo fincapé en que fora un concello socialista quen o puxera en marcha. Pois, mire, ese edificio foi cedido a un concello socialista a finais dos anos oitenta. Posteriormente, a principios dos noventa, pasou á Xunta de Galicia. Entremedias, un goberno socialista fixo unha serie de obras —que, por certo, houbo que derrubar porque non valían para nada—. (*Murmurios.*) E certamente, señora Blanco, a vostede eu tamén lle diría que intente ser precavida, porque vostede alegremente di que foi o Bipartito quen executou esa obra. Voulle dicir que foi nunha partida orzamentaria do ano 2004 na que se fixou a cantidade económica de arredor de 1,2 millóns de euros, que posteriormente se desenvolveu, e, obviamente, rematouse no período do Bipartito; pero quen apostou por este museo foi nese momento o Goberno do señor Fraga. Vostedes rematárono, pero pouco máis pode vostede dicir. (*Aplausos.*)

En todo caso, voulle dicir que este é un proxecto importante para nós, para o Goberno. Temos a máxima intención de sacalo adiante. Non comparto o que vostede dixo de que xa está feito practicamente, aí temos un edificio —fantástica rehabilitación, pero só un edificio—, é necesario desenvolver e pór en marcha un proxecto museístico. Por certo, había un no ano 2009 que houbo que modificar porque o seu custo era absolutamente desproporcionado, e houbo que facer máis tarde un, no ano 2014, axustado á realidade; un proxecto museístico que está sobre 0,7 millóns de euros —por certo, hai unha partida orzamentaria no presuposto— e que se vai levar a cabo. E só hai unha cuestión que estamos negociando neste momento, estamos negociando o mantemento da cesión co Bispado.

En todo caso, cando remate esta cuestión, que é unha cuestión de tramitación, non é facer simplemente un *crypt*, senón que ten unha tramitación administrativa moi complexa, poderemos poñer en marcha esta xoia do noso patrimonio cultural que vai ser un elemento importante para a rehabilitación de todo o que ten que ver cunha comarca tan rica en recursos paisaxísticos como é o Ribeiro. Agardemos que, cando así sexa, vostedes estean alegres.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Espero, señor conselleiro, ver esa obra rematada e aberta ao público. Espero que vostede non vaia poñerlle unha coroa, senón un ramo, como dixo hoxe aquí en resposta a esta pregunta.



Houbo unha emenda do Grupo Socialista para incrementar a partida orzamentaria que adicaba a Xunta de Galicia e que foi rexeitada —como moitas outras— por parte do Grupo Popular. Unha emenda que pretendía incrementar o orzamento adicado para —como vostede di— acabar... Porque vostede se está contradicindo. Se hai que seguir incluíndo recursos, ¿por que non se incrementa a cantidade orzamentaria?

A respecto do Bipartito —do malo malísimo, que todo o que construímos houbo tamén que derrubalo... porque non nos tocou a catedral de Santiago, que, se non, tamén—, vostedes non executaron esa partida, foi o Bipartito, por iso a obra rematou no ano 2009. Señor conselleiro, levabamos anos reclamando dende esa comarca que se puxera en marcha ese proxecto, e vostedes... Por certo, un proxecto que obtivo premios na rehabilitación do Colexio de Arquitectos de Galicia —eu non sei se o sabe, iso que houbo que derrubar—. Antes vía os deputados do Partido Popular da provincia de Ourense, en concreto, da comarca do Ribeiro, aos que parece que este tema lles fai moitísima graza. É curioso, un deles, portavoz do grupo municipal en Ribadavia; o outro, unha persoa moi relacionada co sector vitivinícola, que foron premiados precisamente por manter nese desleixo tamén a comarca do Ribeiro. Ao igual que foi tamén o señor Viso premiado cun posto no Congreso dos Deputados a pesar de non conseguir, como presidente da Denominación de Orixe do Ribeiro, nin un só contrato homologado. Estes son os premios que dá o Partido Popular pola xestión que fan os seus militantes.

Espero, señor conselleiro, que agora, no segundo turno de intervencións, nos concrete exactamente cando se vai poñer en marcha ese museo e que deixe de poñer a escusa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...do Bispado, porque hai décadas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...que se produciu xa esa tramitación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señora Blanco, ¿que quere que lle diga? *(Murmurios.) (Risos.)* Houbo unha cesión inicial do Bispado, de 25 anos, que remata no 2018, e estamos negociando unha segunda cesión para poder implementar o proxecto.

Temos unha partida orzamentaria de 715.000 euros na aplicación 1021432, de 714.000 euros; temos un proxecto museístico feito; temos un modelo de xestión no que o museo vai ser complementario co Museo Enolóxico de Rivadavia; e estamos pondo en marcha, realmente, o que é máis complexo desde o punto de vista técnico e administrativo: renovar o convenio de cesión por 25 anos.

Se vostede quere aquí falar dos contratos homologados... Mire, vostede xa vexo que está moi preocupada por este patrimonio cultural, pero, en todo caso, voulle dicir, señora Blanco, que ten que ser un pouco máis prudente, porque no seu afán de intentar colgarse medallas ten que saber que o proxecto que foi tan premiado foi un proxecto no que houbo unha partida orzamentaria fixada e un proxecto fixado no ano 2004. Posteriormente, obviamente, os socialistas tiveron que rematar o proxecto xa iniciado, pero vostede non debe obviar isto.

Co cal eu dígolle que temos proxecto museístico; temos partida orzamentaria; temos tamén modelo de xestión vencellado ao Museo Enolóxico; temos tamén un acordo coa Deputación de Ourense para que poidan utilizar algunhas instalacións do museo para actividades de promoción das D.O. da provincia, que é unha participación moi importante; e estamos xestionando co Bispado un alongamento da cesión de arredor de 25 anos. A partir de aí, creo que está todo encima da mesa, e eu só lle pido que o día que lle poñamos o ramo a este museo e a esta obra vostede se alegre e nos acompañe na inauguración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Olaia Rodil, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

No pasado pleno —lembrará o conselleiro e lembrarán tamén todas as señorías— esta Cámara aprobou por unanimidade unha declaración institucional que apoia o nome de Rosalía de Castro para o aeroporto da Lavacolla; unha mudanza que contou tamén co apoio unánime da Corporación Municipal do Concello de Compostela e mesmo —así o afirmaron en declaración o propio ministro español de Fomento e o presidente da Xunta— tamén contaba co beneplácito do Ministerio de Fomento.

¡Paradoxos da vida! Calquera que baixe nese futuro aeroporto Rosalía de Castro e queira honrar os restos da poeta só poderá facelo se conta coa autorización do Arcebispado de Compostela. E tampouco poderá acceder ao panteón pola porta principal, pechada, agás contadas excepcións autorizadas pola propia Igrexa. Obvio: repousa a poeta nun emprazamento titularidade da mesma Igrexa católica que lle negou á autora oración o día do seu traslado a Bonaval no ano 1891. Unha negativa que a Igrexa argumentou pola súa poesía profana e as súas ideas políticas, como deixou rexistrada a prensa da época nas súas crónicas.

A mesma Igrexa que tan criticada foi na obra de Rosalía por inxusta e por cobizosa mantén reservado para si o dereito de admisión no panteón; mesmo despois de ter asinado coa súa consellería un decreto que regula o réxime de visitas. Agora ben, a Igrexa —que como a

banca sempre gaña— garantiuse para si tamén nese decreto que sexa o Goberno galego quen asuma os custos de mantemento deste ben de interese cultural.

Desde o BNG temos pedido nesta Cámara, en non poucas ocasións, que o Panteón de Galegos Ilustres debe volver ser un espazo civil e laico, así foi concibido no momento da súa creación. E foi por ter esta natureza laica e civil que os restos de Rosalía, de Brañas, de Fontán, de Asorey e de Castelao están nel soterrados. Ante o 180 aniversario da morte de Rosalía de Castro preguntámoslle, conselleiro, que medidas pensa adoptar —se pensa adoptar algunha a súa consellería e o Goberno galego— para garantir a titularidade e uso civil do Panteón de Galegos Ilustres. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, todos coincidimos —espero que nos permita tamén coincidir con vostedes nesta cuestión— en que o Panteón de Galegos Ilustres nos representa a todos os galegos. E que todos os galegos nos sentimos orgullosos deste símbolo, que é xa un símbolo de Galicia e, sen dúbida, unha das institucións que ten unha pegada máis forte na creación colectiva que é Galicia.

É un espazo simbólico, están seis dos grandes persoeiros da nosa historia contemporánea, vostede os citou: Rosalía, Fontán, Brañas, Cabanillas, Castelao, Asorey. E moitas persoas xa entenden que o panteón é, por así dicilo, o cuarto símbolo de Galicia. Temos o himno, temos a bandeira, temos o escudo, e o panteón está chamado a ser o cuarto símbolo que identifica e que nos une a todos os galegos. Obviamente, teño que puntualizar algunhas cuestións que vostede dixo aquí e que eu creo que vostede é consciente, outra cousa é que as recoñeza ou intente xogar con elas.

Cando vostede fala da titularidade do panteón, vostede obvia unha cuestión importante, e é que hai unha sentenza xudicial que orixinou que este espazo acabe en mans da Igrexa. Primeiro estivo xestionado polo Concello, e, posteriormente, esa sentenza xudicial situouno nas mans da Igrexa. Foi un longo proceso xudicial. Posteriormente, hai unha nova sentenza do Tribunal Supremo, e chegamos ao ano 2010. Nese ano 2010 hai unha preocupación obxectiva polo Goberno galego de facilitar —era un Ano Santo Xacobeo— o acceso a este símbolo de Galicia. Naquel momento, a propia Consellería de Cultura fixo unha xestión ante o arcebispado para facilitar o acceso; o acceso a través do Museo do Pobo Galego é absolutamente libre para visitar estes grandes persoeiros. Garantiuse o acceso público, garantiuse a apertura, e, obviamente, para determinados eventos, é preciso —como vostede entenderá— falar co seu propietario. A partir de aquí, eu creo que é coñecida tanto a postura do Partido Popular como a postura da Xunta de Galicia e a postura de moitísimos galegos, tanto no ámbito civil como no ámbito político, e é que hai unha proposta de lei elaborada no ano 2011, neste caso polo Consello da Cultura Galega xunto co Museo

do Pobo Galego e con fundacións que teñen moito que ver co panteón como a Fundación Brañas, a Fundación Castelao, a Fundación Rosalía, que dalgún xeito fixa a folla de ruta que esperemos parta dun consenso e fixe todo o que ten que ver co uso e co desfrute do panteón dos galegos.

Entendemos que este punto de partida debe ser tomado en consideración. Obviamente, tamén coñecemos a postura e a pretensión do BNG, é a que vostede acaba de dicir.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** Ten sido debatida, ten sido rexeitada...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...non é —digamos— compartida pola maioría dos galegos, ten sido rexeitada nesta Cámara. En todo caso, si que lle podo dicir, señora Rodil, que a Xunta de Galicia apoiará e colaborará na solución que, froito do consenso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...emane e xurda deste Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Graciñas, presidente.

Paréceme moi respectábel a proposta de lei que se trouxo aquí. Coñece —creo— toda esta Cámara tamén cal é a opinión do noso grupo ao respecto. De feito, vostede, ao comezo da súa intervención, facía fincapé nunha cuestión, que o Panteón de Galegos Ilustres xa existe; existe e foi creado no século XIX, e esa proposición de lei plantexa ou formula unha alternativa coa que nós non coincidimos.

Formúlase a posibilidade de ir pondo placas noutros espazos aínda por identificar na capital galega. Nós entendemos que o que hai é que buscar unha solución ao emprazamento que hoxe acolle o propio panteón, porque ademais é o que posúe esa carga simbólica e esa representatividade á que vostede facía referencia.

Vostede fala do cuarto símbolo, aí poderíamos abrir, seguramente, máis debates, pero nós entendemos que o que hai é que darlle unha solución agora mesmo ao emprazamento que xa temos.

Nós entendemos que ese espazo, concibido orixinariamente na súa creación como Panteón de Galegos Ilustres, como un espazo de titularidade pública e un espazo laico, debe recuperar esa consideración, toda vez que unha parte, ademais, do conxunto arquitectónico —podemos dicilo así— que compuña aquela desamortización —o caso do Museo do Pobo Galego— segue pertencendo ao propio ámbito público, ¿non?, segue sendo de titularidade pública.

Nós a pregunta que lles facemos é se pensan vostedes traballar para mudar a situación que temos a día de hoxe. Se están vostedes pensando na posibilidade de abrir algún tipo de acción ou medida, que existen pola vía legal.

É verdade que xa se ten debatido nesta Cámara algunha das propostas que nós temos formulado neste sentido para que, de novo, o panteón sexa, primeiro, de titularidade pública; despois, un espazo laico de uso civil; e o máis importante, un ben de interese cultural que nós entendemos que debe ser posto en valor, debe ser promovido para o seu coñecemento non só pola poboación deste país, senón por todas as persoas que visitan cada ano a capital de Galiza, e que agora mesmo, na situación na que nos atopamos e con esa titularidade en mans da Igrexa, non está sendo así.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señora Rodil, obviamente, eu comparto e defendo que todas as ideoloxías son respectables. Non hai unha ideoloxía mellor ca outra, simplemente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso é o típico cando alguén cre que é superior moralmente ou que ten unha ideoloxía superior. (*Aplausos.*) Certamente, temos moitas ocasións onde vemos a supremacía ideolóxica pretendida dalgunhas formacións políticas que despois se practica cando se practica.

En todo caso —e partindo do respecto á súa ideoloxía política, á ideoloxía nacionalista—, eu entendo que a súa visión non concorda, ou pode chegar a ser mesmo excluínte, co que desexa unha inmensa maioría dos galegos e das galegas. Eu creo que aquí debemos apostar por unha cuestión importante, por un gran consenso político que emane do Parlamento, e a Xunta vai apoiar este acordo. Hai os mimbres necesarios para facelo. Hai un documento marco, hai unha serie de acordos, e temos que traballar conxuntamente as formacións políticas para intentar chegar a este acordo.

Eu aquí creo que, politicamente, o que mellor nos define son os nosos programas electorais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que din vostedes cando falan do programa electoral? Vostedes, señores do Bloque, din literalmente: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A recuperación da titularidade pública do Panteón de Galegos Ilustres, preservando o seu uso civil e laico. Así mesmo, serán regulados por lei os seus usos e xestión, declarándoo como un panteón histórico, símbolo nacional de Galicia.

Esa é a súa postura. Nós temos outra, proposta no programa electoral, que di o seguinte: A aprobación no Parlamento de Galicia dunha lei que recoñeza o Panteón de Galegos Ilustres como símbolo da cultura galega, porque se fai preciso retomar os consensos en torno ao valor propio que confire a cultura. Obviamente, se os cidadáns apoian esta proposta, entenderá que nós vaiamos defender, desde o punto de vista da Xunta, esta proposta. Vostedes teñen toda a lexitimidade do mundo para defender a súa. Ás veces tamén dá a sensación de que o que máis lles preocupa a vostedes, dalgún xeito, é ter que xestionar este espazo coa Igrexa. A Igrexa, ata onde podemos saber, nunca puxo ningún tipo de impedimento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ten acceso polo lateral, polo claustro do Museo do Pobo Galego, como vostede supoño que sabe que se pode acceder. E non creo que o problema do Panteón sexa entrar polo claustro do Museo do Pobo Galego ou entrar pola porta principal. Co cal, señora Rodil, creo que é aquí, nesta casa, na Cámara, no marco no cal estamos, onde se debe definir o contido dunha lei autonómica que recoñeza o panteón como o que é, ou sobre todo o que está chamado a ser, na nosa opinión, o cuarto símbolo de Galicia.

Nós imos respectalo, e con todo o que poidamos facer imos apoiar todo o que poida...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...derivar nun consenso e en transformacións políticas.

Eu creo que, máis alá...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...da visión política particular, debemos apostar por ese consenso e debemos partir desta Cámara cun acordo en forma de marco... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Está todo claro. Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra don David Rodríguez Estévez, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.



No DOG número 7, do 11 de xaneiro, a Consellería de Medio Rural publicou a resolución do 20 de decembro de 2016, pola que se anuncia a licitación, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun servizo integral de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018, sendo o Servizo de Contratación da Consellería de Medio Rural a entidade adxudicataria.

Na descrición do contrato, fala da contratación do Servizo Integral de Helicópteros e Brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios, a súa vixilancia, así como a coordinación de medios aéreos e defensa contra incendios durante os anos 2017 e 2018.

Vén dividido en lotes. Lote número 1, helicóptero de tipo lixeiro, co persoal de brigadas helitransportadas correspondentes. O lote número 2, helicóptero e técnicos coordinadores. Tamén se contempla unha admisión de prórroga por dúas anualidades. Todo isto ascende a 3.800.000 euros, e contéplase o valor estimado de 8.300.000 euros, incluídas as posibles prórrogas.

A adxudicación de medios aéreos polas administracións públicas comezou hai tempo a ter certos problemas coa suposta relación entre as administracións e as empresas adxudicatarias, ata tal punto que a propia Audiencia Nacional é quen decide iniciar unha profunda investigación sobre a adxudicación de medios aéreos por diversas comunidades autónomas, xa que este asunto afecta a un considerable número de comunidades e países, como pode ser Portugal, Francia, Italia, Chile e, por suposto, España.

É un tema altamente preocupante, xa que as empresas que investiga a Audiencia Nacional pactarían prezos entre elas para repartirse o pastel da adxudicación de medios aéreos dentro do Estado español. O que nos preocupa a día de hoxe é Galiza.

Como moi ben sabe vostedes, a Consellería ten admitida unha demanda feita polo sindicato CIG, no ano 2012, por prevaricación contra a anterior conselleira, Rosa Quintana, contra o anterior secretario xeral técnico, Francisco José Vidal Pardo, e contra o director xeral de Montes, o señor Tomás Fernández Couto. O curioso do asunto é que non só se contratan helicópteros, senón que tamén se contratan brigadas a través da empresa Natutechnia, subcontratada ao mesmo tempo por Inaer.

Esta práctica, que segundo a consellería ocorreu de forma excepcional pola proximidade da época de lumes naquel ano 2012, continúa a día de hoxe, pero estendéndose moito máis. Quero dicir que os helicópteros son todos de Inaer, e as brigadas helitransportadas son todas da empresa Natutechnia; empresa que, curiosamente, fixo unha auditoría interna do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais cunha pretensión clara de reducir o número de brigadas do servizo público. Informe, curiosamente, pagado pola propia Administración, ou sexa, por todos nós, e esta mesma empresa, unha data despois, é contratada para levar as brigadas helitransportadas.

Por todo isto, paso a formularlle a pregunta, que é se a Consellería de Medio Rural vai analizar con profundidade un cambio de modelo de aeronave e volver contratar directamente

pola Xunta de Galicia o persoal a través do Decreto de listas de contratación 37/2006, de persoal temporal, tal e como se facía antes, con resultados moitos mellores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Señor presidente e señorías, moi boa tarde.

Señorías, permítanme, en primeiro lugar, que mostre a miña perplexidade polos argumentos que indican na exposición de motivos desta pregunta, sobre todo porque non leron todos os argumentos que se expoñían. Eu si que os leo antes de proceder a unha resposta.

Aí vostedes trasládanme o seguinte, que é: unha análise profunda do informe do Tribunal de Contas detectou, en anos anteriores, que as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural cambiaron e improvisaron criterios de puntuación das ofertas presentadas a varios concursos cando xa se estaba facendo esa valoración.

Creo que esa parte non a leu vostede agora, e creo que foi unha metedura de pata ou que alguén non o asesorou moi ben; e digo por que. Miren, señorías, o informe do Consello de Contas, ao que se refire, fiscaliza, efectivamente, os contratos de helicópteros en vigor nos anos 2010 e 2011, que están en vigor, precisamente, porque o expediente de contratación se tramitou entre os anos 2007 e 2009 (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É dicir, o Consello de Contas analiza os contratos dos medios aéreos que se tramitaron e formalizaron cando gobernaba o Bipartito. Esa é a parte (*Aplausos.*) que esqueceron agora mesmo de poñer enriba da mesa.

Falan dunha profunda análise á parte do informe do Consello de Contas. Pois miren, sen profundar moito, só unha mera lectura por riba, resulta que os defectos que vostedes transcriben —literalmente— e estiman cometidos están referidos precisamente ao contrato 1/2008, polo que se contrataban 14 helicópteros para a prevención e extinción de incendios forestais durante os anos 2008 e 2009, que nada ten que ver co noso Goberno.

Rematan vostedes preguntando se imos analizar con profundidade un cambio de modelo e de aeronave, e volver a contratar directamente o persoal a través do Decreto de listas de contratación de persoal temporal, tal e como se facía antes, e segundo vostedes, con resultados moito mellores.

Insisto en que sigo perplexa neste campo, e é polo seguinte. De novo debo dicirlles que non coñecen as circunstancias da contratación do persoal de prevención e extinción de incendios. Dende o ano 2008 ata o ano 2011 contratábanse dende a Xunta de Galicia, por obra e servizo, unha media de 25 persoas/ano para as brigadas helitransportadas na campaña de verán a través do decreto de listas, ademais das contratacións que se efectuaban a través de Seaga.

Foi a partir do ano 2012, por unha sentenza xudicial que partiu dunha demanda que em-  
prenderon os propios traballadores...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...cando esta consellería de-  
terminou crear eses postos de traballo a través dunha RPT como fixos discontinuos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Temos aquí: O cartel do lume defraudou 150 millóns o ano  
pasado amañando o concurso de administracións públicas. Segundo fontes da investigación,  
o caso estendeuse a Cataluña, Galicia, Castela-León e Castela-A Mancha. Outra do ano 2015:  
O fiscal investiga por prevaricación a Medio Rural na contratación de helicópteros. O Xulgado  
de Instrución número 3 de Santiago de Compostela. A Xunta de Galicia cambiou os criterios  
de adxudicación a concursos xa iniciados; 4 de novembro do ano 2014.

Entón, o que está claro, señora conselleira, é que o noso monte cada vez segue a arder máis.  
As brigadas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais agora mesmo  
están totalmente desmembradas. Cando vostede anuncia pola radio, nas declaracións que  
fai no verán, que nun incendio hai 5 brigadas operando nel, podemos estar a falar de que, se  
cadra, só hai 5 persoas, porque hai brigadas do Servizo Público de Prevención e Defensa con-  
tra os Incendios Forestais que non contan con todos os efectivos, non se cobren as baixas,  
non se amortizan as xubilacións etc.

Agora mesmo, temos máis de sete empresas traballando na extinción dos incendios. Os pro-  
pios coordinadores dos incendios vense atuídos pola man de efectivos que hai de distintos  
entes, dende a Operación Centinela, dende a UME, dende Tragsa, dende os concellos, dende  
Natutechnia, dende o propio Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais.

Agora mesmo, o 20 % do que é todo o dispositivo de loita contra incendios forestais é pú-  
blico, e outro 80 % está privatizado. Creo que debemos ir a un modelo que aposte polo em-  
prego público, que defenda os traballadores e traballadoras do Servizo Público de Defensa  
contra Incendios Forestais, e que deixen de darlles cartos ás empresas dos seus amigos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Turno de peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

Eu non sei cales son esas empresas nin cales son eses amigos. Está falando vostede de Portugal, de Cataluña, de Andalucía, tamén de Galicia, e oxalá houbera empresas de helicópteros e de avións igual que hai empresas de construción, pero dáse a casualidade de que non é así.

Aínda así, direille que a pesar de que os contratos que se sacan por parte da Consellería de Medio Rural son contratos harmonizados, que cumpren estritamente coa lei, tamén a lei permite facer un estudo de mercado, e ese estudo eu estou de acordo con todos vostedes en que o imos facer, e faremos unha consulta ao mercado para ver que empresas son as que están e a competitividade dentro dese mercado. Iso está previsto dentro da lei e, por suposto, esta consellería vaino facer.

En canto á superficie e aos incendios —ás veces cabreámonos e entón dicimos cousas que non teñen razón de ser—, eu quero lembrarlles uns datos, e ademais digo que co lume non se xoga e que co lume non se fai política. Pero os datos están aí, á volta da esquina, polo tanto, terei que dicir —por máis que lles moleste a algúns que gobernaron nun momento determinado, ao cal fai referencia o Consello de Contas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), e que o deputado de En Marea tan ben redactou dentro do que é a súa argumentación, e ao cal fai referencia o Consello de Contas, que son eses contratos do ano 2007 e 2008, que despois tiveron a súa efectividade a posteriori— que a superficie queimada nos oito anos de goberno do Partido Popular foi de 138.365 hectáreas. A superficie queimada —e seguen soprando e é que iso debe doer moito— nos catro anos do Bipartito foi de 166.775 hectáreas. É dicir, señores... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor presidente, aquí eu si que quero facer unha aclaración, porque hai alguén que está dicindo detrás de min que nós provocamos incendios. Paréceme dunha gravidade terrible, e entón eu creo que sería bo que iso se dixera en alto e publicamente, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) porque ¡ata aquí poderíamos chegar!

Ademais eu, como tamén se me está dicindo que ten explicacións, polo que di iso, eu instaría a que se fixera por escrito nesta Cámara, que se acusara a quen se tivera que acusar, e que todos foramos conscientes do que temos que dicir.

A ver, 166.775 hectáreas, catro anos do Bipartito; 138.365 hectáreas oito anos de goberno do Partido Popular. Eu creo que aí está a diferenza entre uns e outros. E se empezamos con ese tipo de acusacións de quen prende lume, de verdade...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...que é bastante triste que iso se faga así nunha Cámara.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Debatemos agora, de xeito acumulado, tres preguntas.

**Pregunta do D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para conter e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca**

**Pregunta de D. Carlos Gómez Salgado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa presenza da praga de *Tecia solanivora* ou couza guatemalteca que está a afectar a pataca**

**Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar a praga da couza guatemalteca que está a afectar a pataca**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente. Boas tardes.

Están as tardes animosas, máis do que o final da mañá. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É a comida e o café.

Un millón de galegos e galegas non mercamos patacas. Sen embargo producimos, este país produce, medio millón de toneladas no 2015; case o 20 % do Estado e case 20.000 hectáreas.

En agosto do 2015 apareceu a couza guatemalteca nos concellos de Ferrol, Narón e Neda, e en febreiro de 2016 chegaba xa a Cervo, Foz, Viveiro, O Valadouro e Xove. Un ano despois, na actualidade, está presente en 31 concellos de Ferrolterra e da Mariña Lucense.

Sabemos, polo que os investigadores e técnicos nos contan, que é un bichiño, polo seu sistema de vida, difícil de atacar. Aquí xa tiñamos un parecido, pero este, a diferenza da guatemalteca, saía a tomar o aire nunha fase do seu desenvolvemento, e en superficie era onde lle atizabamos nos talóns aéreos. Este turista non, este permanece no tubérculo case toda a súa vida, excepto cando se volve avelaiña; é dicir, cando sae a tomar o aire, ten xa o mal feito.

Trampas con feromonas sexuais, único control en terra de momento, a parte de botalas fendas e [...] xenerosamente. En almacén é máis fácil, utilizamos as piretrinas, basicamente diamidas, que xa coñecemos por usalas contra o gurgullo.

Van aló dous anos da súa detección e as medidas adoptadas polo Goberno de Galicia móstranos completamente ineficaces, e a praga avanza. Os produtores da pataca deste noso país mostran publicamente os seus temores, non só pola ameaza da praga, senón pola política de brazos cruzados desta consellería. Ninguén sabe que facer, e a Consellería tampouco, porque a pataca de cedo está xa na terra, da outra a semente xa está mercada e as terras labradas, e non hai directrices actualizadas. Só se manteñen, realmente, as medidas de contención e control publicitadas no DOG do 3 de novembro do 2015 e o que din os periódicos.

Existe na poboación das zonas afectadas oficialmente un sentimento de desamparo e de incerteza, e, sobre todo, de non saber que facer diante do silencio oficial. ¡Silencio! Esa espera a que Madrid dite un decreto anunciado, como se a Xunta de Galicia non tivese competencias plenas no asunto.

Este sentimento de indefensión amplíase, e nas reunións que os produtores están levando a cabo existe a sensación de teren a Administración en contra. Sendo este un país no que case a totalidade das familias que habitan no campo cultivamos este tubérculo para autoconsumo, é manifesto que as medidas de control do produto e as campañas de sensibilización e formación para atallarmos esta praga hai tempo que deberían estaren deseñadas e en activo.

Nós, desde o BNG, pedímoslle explicación no nome da xente, no nome de nós mesmos, galegos e galegas que, unha vez máis, sentimos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...o silencio administrativo e

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...a covardía da espera para ver que mandan desde Madrid os que nunca mandan...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...ben para nós. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Gómez Salgado.

**O señor GÓMEZ SALGADO:** Grazas, presidente. Boas tardes.

Señorías, hai algo máis dun ano, a finais do 2015, detectáronse na zona de Ferrolterra os primeiros vermes da couza da pataca. O 3 de novembro dese mesmo ano, non hai nin deza-seis meses, o DOG publicaba unha resolución da Consellería do Medio Rural pola que se declaraba a presenza da praga, da *Tecia solanivora*, ou couza guatemalteca.

Naquel decreto xa se establecían as zonas demarcadas para esta praga e propúñase unha ampla batería de medidas urxentes para o control da couza na Comunidade Autónoma de Galicia que se foron executando ao longo destes meses.

Hai apenas dez días, o pasado 9 de febreiro, a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias publicaba outra resolución, pola que se ampliaban as medidas urxentes que están agora mesmo en execución para a erradicación e o control desta praga.



Ademais, a Consellería vén mantendo frecuentes reunións tanto nas zonas afectadas como nas que non o están para informar, escoitar e abordar distintos aspectos da loita contra este parasito da pataca. Entre eles con alcaldes, agricultores, asociacións, sindicatos, e mesmo a IXP Pataca de Galicia, que tamén desenvolve un importante labor de información e formación.

Porén, é sabido que o Mapama está sometendo a consultas dos gobernos do Principado de Asturias e da Xunta de Galicia, ademais dos sindicatos agrarios e organizacións de produtores, o borrador do decreto que previsiblemente se aprobará a mediados do vindeiro mes de marzo, cunha extensa batería de medidas que afectarán a toda a trazabilidade do tubérculo —dende a compra da pataca de semente ata o transporte, almacenamento e comercialización—, todas elas encamiñadas a combater a expansión e eliminación da couza.

Aínda que polo de agora o problema se centra nunha zona moi concreta, 31 concellos das comarcas de Ferrolterra e da Mariña Lucense, conscientes da gravidade dos danos que produce ou podería chegar a producir nos cultivos e, xa que logo, na comercialización da pataca, queremoslle preguntar a respecto desta cuestión: ¿Que actuacións levou a cabo o Goberno galego dende que se detectou a presenza da praga da couza da pataca, ou *Tecia solanivora*, e cales son as accións de futuro previstas neste eido? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Gómez Salgado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Boas tardes, presidente.

Conselleira, señorías.

A verdade é que estamos un pouquiño abraiados pola persistencia mediática dun problema que, de repente, pasou de cero a cen. Así, de súpeto. É certo que esta praga puxo baixo o foco unha produción vexetal que, sen ser autóctona, acadou carta de natureza e posición central na cultura e na gastronomía deste país; un cultivo que algúns galegos consideraban pouco relevante, ligado ao autoconsumo agás nas zonas da Limia, Coristanco e Bergantiños, claramente enfocadas á venda. Pero esta nova pexa para o campo tamén sacou á luz un pequeno produtor que destina un excedente ao comercio comarcal que lle supón unha renda complementaria moi importante nestes momentos de crise socioeconómica.

En definitiva, estamos a falar de millóns de quilos e de milleiros de afectados —non só os dos 31 concellos— que non están especialmente tranquilos co discorrer dos acontecementos, e iso é unha realidade non interpretable, senón facilmente visionable.

En realidade son moitas as preguntas en busca de resposta, empezando pola inexplicable demora en reaccionar ante un problema que leva dous anos entre nós; de aí a sorpresa que moitos atopamos agora nos medios de comunicación. Son moitos os que se preguntan por que non se actuou antes de que os veciños, produtores e almacenistas comezasen a sementar, mercar, apalabrar, planificar as súas respectivas plantacións.

Seguindo pola tardanza do decreto. Non entendemos a pasividade amparándose na futura publicación, cando ademais se coñece de sobra o borrador. A información entendemos que debeu e debe ser máis categórica e clara, non se pode actuar con suposicións. E pola falla de información efectiva e rápida estase degradando o valor de mercado dun produto fundamental para moitísima xente, cun dano que entendemos que a estas alturas, para a produción do 2017, é difícil de restañar.

Continuando polas preguntas, queremos, tamén, saber se se están facendo cálculos. Hoxe liamos algo na prensa a ese respecto de previsións orzamentarias para facer fronte ás perdas, tanto na produción como por lucro cesante, segundo os casos que analicemos en cada unha das circunstancias.

E á parte de todo isto, falando das trampas con feromonas, que parece ser que se utilizan como criterio para saber a cantidade de praga que hai en certas zonas, queremos, tamén, saber se se van destinar recursos económicos para a investigación, factor clave para atopar outras fórmulas e estratexias coas que combater, erradicar ou, polo menos, deter esta praga.

Tamén hai outro aspecto importante, que é a continxencia xeográfica, parécenos clave para combatela e erradicala, por iso tamén é importante facer seguimento nos concellos limítrofes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ...coa zona afectada. E queremos saber se se está facendo algo neste senso e mesmo co transporte.

En definitiva, ¿que se está a facer para controlar esta praga?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, eu quero agradecer aos tres grupos políticos que presentaron esta pregunta o seu interese por coñecer cales son as actuacións que está levando a cabo a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para combater a chamada couza da pataca, polilla da pataca ou couza guatemalteca.

E, ao mesmo tempo, tenderlles a man, porque este, sendo un problema de todos, estou segura que dentro das posibilidades que cada grupo teña contribuirá a facer unha divulgación informativa o máis sensata posible.

Efectivamente, descóbrese en Galicia a finais do ano 2015 esta praga e a partir de aí comezamos a tomar, por parte da Consellería do Medio Rural, pois cartas no asunto, e deste xeito o que se fai xa en novembro do ano 2015 é publicar unha resolución pola que se establecían as medidas obrigatorias e recomendadas para os produtores, os almacéns e, tamén, os comercializadores.

Hai que dicir que esta praga estaba instaurada dende o ano 1999 na illas.

A partir desa resolución, os pasos vóullelos comentar a continuación: por un lado, identificación dos propietarios de cultivo da pataca na zona demarcada e inspección de almacéns particulares, é dicir, en casas particulares que almacenan a súa recolleita, da zona afectada, para determinar a existencia e o grao de afectación.

Esa inspección, á parte de facela nas casas particulares, a partir de novembro do ano 2015 tamén se fai nos almacéns comercializadores dentro desas zonas demarcadas. Faise un rexistro das producións existentes, inmovilización do tubérculo e destrución das partidas afectadas.

Prohíbese o movemento do tubérculo producido dentro da zona demarcada para que non saia cara a fóra. Fórmanse técnicos de servizos provinciais e, tamén, de oficinas agrarias. Infórmase aos propietarios das parcelas, un por un, das parcelas afectadas das zonas demarcadas, así como a comerciantes, a empresarios, a distribuidores, a almacenistas, a entidades e a cooperativas afectadas sobre medidas adoptadas nas zonas demarcadas e de especial vixilancia, e de todo isto existe un rexistro. Distinto é que non saíra continuamente nos medios de comunicación, que agora si entendemos que era necesario que non só as zonas demarcadas, senón toda Galicia, coñeceran de primeira man que era a polilla e que estaba ocorrendo coa pataca.

Distribuíronse nesa zona dípticos e carteis informativos sobre a praga e o seu control e fíxose á parte —a partir de novembro do ano 2015— un plan de acción que se desenvolveu ao longo do ano 2016. Este plan consistiu na colocación dunha rede de trampeo, aproximadamente de un por un quilómetros, en toda a zona demarcada de produción de pataca, para o control da súa distribución; colocouse, tamén, unha rede de trampeo de cinco por cinco quilómetros en toda a zona de vixilancia da contorna da zona demarcada; e colocáronse trampas nas principais zonas de produción do resto da comunidade autónoma para a comprobación de que a praga se atopaba nesas zonas que tiñamos demarcadas e que non se estendera máis.

Fíxose ao longo do ano 2016 unha revisión periódica das trampas de seguimento cada quince días nas mallas de un por un quilómetros e cada corenta e cinco días no resto. E fíxose a remisión da análise no caso de sospeita e das capturas ao Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, dependente da Consellería do Medio Rural, que é o que primeiro o descubriu e é quen está facendo as distintas investigacións, e é quen tecnicamente, ademais, nos está dicindo como debemos de actuar.

Porque é certo que cando acontecen pragas deste tipo todos nos volvemos técnicos, e non todos somos técnicos, de aí que nós instemos a dar cunha información clara, transparente e contundente para intentar acabar e erradicar o antes posible esta praga.

Nas parcelas de produción séguense a facer, e fixéronse durante o ano 2016, catas de control dos tubérculos para comprobar se existían síntomas ou non de ataques da praga.

Nas zonas demarcadas realizáronse controis visuais durante a colleita do ano 2016 para verificar a presenza ou ausencia dos danos que podían asociarse a esta praga. Nos casos nos que se detectaron danos, recolleuse mostra para a análise en laboratorio.

Nas trampas nas que se identificaron capturas establecíase un radio duns 200 metros, aproximadamente, e identificábanse unha por unha as parcelas dos cultivos da pataca nesa área, identificábanse os propietarios e solicitóuselles que nos indicaran o almacén da súa propia casa onde as tiñan acumuladas para todo o ano. Falamos de almacén de autoconsumo, porque a zona que temos demarcada son todas patacas de autoconsumo.

Entregóuselles a cada un deles un polilleiro e colocouse unha trampa en cada almacén, sempre co seu permiso para poder detectar a couza. Se aos corenta e cinco días non se detectaba a couza, permitíaselles facer uso da produción dentro da zona demarcada. No caso contrario, inmovilizábaselles e solicitábaselles permiso para recollela e levala á destrución por incineración, e aí, á parte, si que se lles indemnizaba con 0,30 céntimos quilo por pataca destruída.

Ademais, como medidas complementarias, repartíronse entre os agricultores 1.200 polilleiros, así como feromonas en todas as zonas afectadas.

Realizáronse inspeccións, recollidas de mostra, inmovilizado de material infectado e destrución do mesmo a través dun xestor autorizado. Estamos falando do ano 2016. Destruíronse, en total, 6.800 quilos. E xunto con iso realizáronse accións informativas de primeira man aos agricultores nos municipios máis afectados por este organismo nocivo. Intensificouse, porque se repartiran no ano 2015, pero intensificouse no ano 2016 a distribución de dípticos e carteis informativos.

Neste momento temos demarcada a afección da praga en 31 concellos de Galicia, pero antes fixemos todo o traballo que lles acabo de expoñer. Os concellos son, na Coruña: Ares, Cabanas, A Capela, Fene, Ferrol, Mañón, Mugar dos, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño e Valdoviño. No caso de Lugo: Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, O Vicedo, Lourenzá, Mondoñedo, Ourel, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, Viveiro e Xove.

Neste sentido debemos deixar claro que nas zonas produtoras de pataca, é dicir, estas zonas están demarcadas, estas zonas están afectadas, e despois temos o resto de Galicia, que mira con preocupación que é o que está acontecendo. E aquí temos que dicir que na zona de produción máxima de pataca —que xa non só é autoconsumo, que, por suposto, nos preocupa, pero preocúpannos dobremente aquelas zonas que viven da pataca, que son a zona de Xinzo, de Bergantiños e a Terra Chá— se estableceron trampeos e como resultado hai que dicir que están totalmente libres da praga, así como noutras partes de Galicia polas cales se repartiron outras trampas, un total de 87, e tampouco hai ningún tipo de afección.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplicas. Señor Rivas, en primeiro lugar.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, só se a xente sente como seu o problema comezaremos a poñerlle remedio. É dicir, vostede falou dos medios de comunicación só cando os medios de comunicación saltan con este problema, e que o problema é problema. Vostedes non lle deron — non, non, non lla deron — a importancia que tiña e que ten.

A trazabilidade, evidentemente, pero non a usaron, isto foi un coadoiro. A min non me digan vostedes que a pataca entra porque un turista trae de Canarias unha bolsa de patacas como *souvenir*, é dicir, aquí houbo unha importación en toda regra e os filtros que tiña que haber non funcionaron.

¿Que fixeron neste ano e medio? Nada, levamos un carreirón, de 3 concellos a 31 afectados, je os que virán! Xa me dirá vostede os medios para que serviron.

¿Non sería que estaban varios procesos electorais polo medio e non era ben que saltara este problema e, sobre todo, que saltara a ineficacia que vostedes demostran diante destes problemas? A min chéirame outra vez aos «hilillos de plastilina» de hai doce anos, catorce anos. De verdade, sen alarmismo de ningún tipo, pero aquí somos comedores de patacas e estamos en perigo. Si, estamos en perigo, ¡xa estamos!, ¡somos outra vez alarmistas!, grazas que non é culpa do Bipartito, porque non estabamos no 2015, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) grazas que non é culpa do Bipartito, pero aquí somos comedores de patacas.

E vostede sabe que esta praga non se pode atallar facilmente. Vostede sabe que en terra é difícil atallala, e entón, ¿que facemos? Haberá que facer medidas drásticas que vostedes non tomaron con 3 concellos afectados, que era cando había que tomalas, e, sobre todo, tiñan que darlle información á xente. A xente ten a pataca de cedo botada, e non sabía nada, non sabe se lla van levantar, se non lla van levantar; vostedes están indecisos, ¿por que?, ¿están esperando a que en Madrid digan arre ou xo? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ribas. Grazas.

Réplica, señor Gómez Salgado.

**O señor GÓMEZ SALGADO:** Grazas, presidente.

Señorías.

Paréceme relevante subliñar, en primeiro lugar, que é importante abordar as solucións a estas pragas sen crear alarmismo, señorías, alarmismos innecesarios. Por certo, quero destacar que non é un problema de saúde pública, como deixou caer algún irresponsable alcalde da zona afectada, e non precisamente do PP, e debemos mandar unha contundente mensaxe de

tranquilidade, fundamentalmente, aos sectores e ás comarcas implicadas no cultivo extensivo da pataca. E tamén é moi importante mandar esta mesma mensaxe de tranquilidade aos mercados onde se comercializan as excelentes patacas producidas en todas as provincias e recunchos de Galicia, dende A Limia, ás terras de Lemos, Bergantiños ou mesmo a Terra Chá.

Cando se fala de que a Xunta chegou tarde, teño a impresión, señorías, de que o concepto tarde non o teñen vostedes claro, ou non é o mesmo aquí que en Canarias, porque o Goberno das Illas Canarias, antes de Paulino Rivero e agora de Fernando Clavijo, do que forman parte os nacionalistas de Coalición Canarias e o Partido Socialista (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) leva máis de dezaioito anos tentando infrutuosamente atallar la *polilla de la papa*, ¡dezaioito anos!, que lles come, anualmente, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) preto do 80 % de produción de *papas* na illa de Tenerife, a pesar dos milleiros de toneladas retiradas do consumo e das millonarias indemnizacións que, a razón de 25 céntimos o quilo, lles teñen pagado aos produtores tinerfeños. Cremos, señorías, que a solución non vai chegar do Goberno canario, onde gobernan en coalición —como dixen— os mesmos que aquí nos acusan de improvisación e tardanza, porque levan dezaioito anos combatendo esta praga, sen, polo de agora, resultados positivos.

Señorías, señora conselleira, a couza da pataca non é unha maldición bíblica como poden pensar os do Tenerife. Contra a couza da pataca pódese loitar con seriedade, con rigor, como vén facendo a consellería, á que animamos a continuar traballando na liña que o vén facendo, informando, formando e aplicando rigorosamente as medidas necesarias para acoutala e arrincala dos campos afectados. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Salgado.

Réplica, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Ben, o alarmismo vai ser difícil frealo, e non se crea aquí nesta Cámara. Non sei como nin por que o alarmismo está desde o primeiro día nos medios de comunicación, e non con notas escuetas, nin en quinta páxina, nin a pé de páxina, senón a toda plana e en primeira páxina. Iso que quede claro. Tamén hai que dicir que as pragas, e esta non vai ser menos, non son fáciles de controlar.

Pero aquí fíxosenos un desglose do plan de 2016, onde certamente se nos relata un catálogo de medidas, das cales non dubidamos. Ben, pero se iso foi así, fallaron estrepitosamente, porque non se impediu nin acumular a semente nos almacéns, nin se lles impediu aos veciños nin aos produtores da zona afectada e colindantes de levar adiante as súas plantacións. Entón, esta é a mostra palmable e clara de que ese plan por algún lado, aínda que acertase nalgúns aspectos, fracasou estrepitosamente entre outros moitos.

Sobre a información, a teor da resposta dos veciños dos distintos concellos das comarcas no norte da Coruña e no norte de Lugo, está claro que hai unha tremenda demanda de información. Polo tanto, a información que se deu nese plan non foi suficiente ou non chegou adecuadamente. Polo tanto, hai que mellorar as canles, e non só da información senón da sensibilización e do que isto supón, porque con tal de que haxa un só produtor que se escaquee do control temos o caso perdido ou vai continuar a praga, que é o mesmo.



Na súa resposta non se centrou nada acerca das indemnizacións, aínda que —repito— hoxe podíamos ver algo na prensa, e tamén coñecemos que o borrador fala acerca delas, pero pode ser moi distinto segundo se vehiculicen cara a un lado ou cara a outro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** E gustaríanos que tamén amentase e metese nese plan a investigación para algo tan sensible coma isto, e sen a cal non é posible atallala ou controlala.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Turno de peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Hai formas e formas de actuar. Canarias optou por unha fórmula, ten a praga dende o ano 1999, e nós optamos por outra, xunto con Asturias imos da man. Imos da man con Asturias porque este non é un problema político, este é un problema de sanidade vexetal e é un problema de economía, e é un problema á parte de tradición, de sementar patacas de autoconsumo.

Dito isto, volvo insistir: creo que imos ser capaces se todos acatamos as decisións que nos poñen enriba da mesa os técnicos. E é máis: se todos así o facemos, e ademais da man as distintas administracións, conseguiremos erradicar a praga da pataca en Galicia nun ano. De non ser así, e simplemente con ese concepto alarmista e dicindo que non se fai absolutamente nada, poñendo en tea de xuízo os técnicos, a investigación e os traballos, pois acabaremos como no caso de Canarias, onde do cen por cento das plantacións só recollen o 20 %.

O Ministerio vai publicar o real decreto na primeira quincena do mes de marzo, un traballo que levamos feito de maneira exhaustiva o Ministerio e a Comunidade galega, pero tamén con Asturias. Foron Galicia e Asturias ademais as que pediron esa publicación por vía de urxencia, e cónstame que así se está a levar a cabo.

A pesar disto, tanto Asturias como Galicia publicaron o pasado 14 de febreiro unha resolución na que, ademais de recomendar que non se planten patacas nas zonas demarcadas, se establecen uns procedementos para que os comercializadores da pataca de semente realicen un rexistro de venda a agricultores e que aqueles produtores que xa teñan realizadas plantacións identifiquen as parcelas nas que se sementaron. É dicir, imos a un plan de choque, que moitas veces incluso foi tildado de exaxerado, pero que temos que actuar con contundencia, non con agresividade, senón con contundencia, polo ben de Galicia e polo ben do resto de España, porque, efectivamente, claro que se espalla moi rapidamente, porque é unha praga.

Outra medida fundamental é o control dos movementos da pataca, de tal xeito que se vai controlar tanto a saída, que está prohibida, como a entrada de pataca nestas zonas. E ade-

mais vaise facer coa colaboración dos distintos corpos de seguridade do Estado e tamén da Comunidade Autónoma, é dicir, da Garda Civil e da Policía Autonómica e das policía locais.

E, como medida tamén importante, delimitaremos unha franxa de vixilancia intensiva fóra da zona demarcada e das zonas limítrofes, na que se establecerá unha densa rede de trampeo para identificar as posibles couzas, realizar a captura e impedir que estas poidan infectar as distintas zonas.

Incrementamos tamén o número de técnicos. Técnicos que xa están no campo para a inspección, para o control, para un asesoramento personalizado cos agricultores das zonas demarcadas e tamén daquelas zonas que son totalmente produtoras da pataca.

Outra medida é o establecemento de liñas de axuda de compensación, que ademais están reguladas na Lei 43/2002, de sanidade vexetal, e que serán expostas no real decreto que —como ben dixen— se publicará na primeira quincena do mes de marzo, e serán as mesmas indemnizacións para Galicia que para o caso de Asturias.

Outra media, á parte destas, é a de concienciar. E dentro de concienciar sae nos medios de comunicación porque hai continuamente charlas informativas. Primeiro, foron cos concellos, con todos os alcaldes dos concellos afectados; a posteriori, foi cos sindicatos. E as distintas charlas informativas e a conclusión das mesmas leváronse ao Consello Agrario. Tamén foron coa IXP e con todos aqueles concellos que así o están solicitando.

Señorías, eu teño que dicir que os técnicos e os investigadores da Consellería de Medio Rural, os técnicos e investigadores da Xunta de Galicia xunto con outros externos están facendo un moi bo labor. E ese labor á parte temos que facilitárllelo poñendo nós todo da nosa parte, con información, sen alarmismo. Efectivamente, este é un problema de sanidade vexetal, só de sanidade vexetal, non é un problema de sanidade pública, porque en certas informacións ás veces parece que queda mellor que se palpe que hai problemas de sanidade pública. Para nada, en absoluto.

En canto ao trampeo masivo no campo, eu teño que darlles datos do que se fixo ao longo do ano 2016. E iso non é que aparece a couza en tres concellos e xa sabemos que está só neses tres, non, senón que houbo que facer un traballo exhaustivo ao longo dun ano, que é como se fan as investigacións. Xa nos gustaría saber que a couza de repente pois está nesta finca e neste lugar. Eu creo que temos que ser un pouco máis sensatos, iso non se fai así.

E ao longo do ano 2016, nas zonas demarcadas, puxéronse 266 trampas, nas zonas de vixilancia 138 trampas, no resto do territorio —tal e como dicía que nos preocupa tamén moito— 87 trampas nas principais zonas de produción da pataca. E sigo insistindo en que estas zonas non están para nada infectadas, pero temos que facer o posible para que non lles chegue a couza da pataca a estas zonas. E capturáronse un total de 12.443 individuos. E xa dou o dato así exhaustivo porque aqueles que din que o deixamos correr, que non fixemos absolutamente nada e en que se centraron, pois hai moi bos técnicos que se centran en facer un traballo a prol de todos, que son funcionarios dunha casa que se chama Xunta de Galicia e que traballan cando goberna o Partido Popular e que traballan cando non goberna o Partido Popular, pero que son auténticos profesionais. *(Aplausos.)*

Por parte do Goberno galego seguimos a desenvolver unha intensa campaña informativa, para que quede absolutamente todo claro. E aí tamén teño que dicir que todos nos facemos especialistas, que de repente entendemos absolutamente todos de todo, e ás veces iso non é bo. Créanme: non teño nin idea eu da couza da pataca, exceptuando o que me trasladan os meus asesores. Si, pero é que vostedes tampouco. *(Risos.)* Non sei porque se rin. *(Aplausos.)* É dicir, é que non podemos estar continuamente dicindo que controlamos todos os temas; non, temos grandes técnicos e grandes asesores. E dicirlles que, tal e como lles dicía anteriormente, houbo esas charlas informativas cos distintos alcaldes, aos cales lles teño que agradecer a divulgación, e que eles mesmos están facendo tamén entre os seus veciños.

O Ministerio por suposto que está preocupado. Está preocupado e a pasada semana estiveron aquí técnicos do Ministerio, ao igual que estiveron en Asturias, para artellar todos os pasos que temos que dar cun fin, e ese fin é que non aconteza o mesmo que estivo acontecendo en Canarias ao longo de todos estes anos.

Hoxe mesmo estase a manter unha reunión cos almacenistas da comarca de Ferrol, o vindeiro sábado farase cos da Mariña Lucense, e así mesmo para reforzar a colaboración entre administracións temos pendente unha xuntanza de técnicos da Consellería coa Fegamp.

Non cabe outra opción máis que ser contundentes, non cabe outra opción máis que ser claros e transparentes. E créanme: claridade, transparencia e contundencia é o que está facendo a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Rural, porque así vainos ir moito mellor a todos. É un problema de todos e agardemos ser capaces de poder atallalo no menor tempo posible.

E unha mensaxe tamén, unha mensaxe daqueles produtores que están preocupados por esas mensaxes que acaban rulando de cara á distribución, que é a canle directa, e para que non inflúa na nosa economía: este é un problema de sanidade vexetal, non é un problema de sanidade humana.

Moitísimas grazas e, sobre todo, grazas a todos por ese interese, que agardo ademais que se vexa reflectido a posteriori coa súa contribución en cada un dos territorios. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Remata aquí o pleno.

Boa tarde a todos e a todas.

*Remata a sesión ás cinco e corenta e catro minutos da tarde.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Sánchez García, Antón	(EM)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Solla Fernández, Eva	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Toja Suárez, María Dolores	(S)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
30. Martínez García, Valeriano	(P)	68. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
31. Mato Otero, Beatriz	(P)	69. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
32. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	70. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25